




150 ♪ Cantares ♪ para Rosalía de Castro



Idea, coordinación e maquetación: Suso Díaz

Autora da Rosalía de Castro da portada: Irene Silva Xiráldez

Dos textos: os/as poetas participantes.

Das ilustracións:

Árbore Rosaliana: Suso Díaz

HAMA inspirado na Rosalía de Carlos Maside: Pedro Díaz Paz

Ilustración da páxina 13: Heitor Picallo

Ilustración da páxina 17: Manuel Penín

Ilustración da páxina 21: Maribel Longueira

Ilustración da páxina 23: Belén Padrón

Ilustración da páxina 110: Xosé Vizoso

Ilustración da páxina 124: Adela Rodríguez López & Francisco

Javier Pardal Figueiro

Ilustración da páxina 191: Carmela Romay

Ilustración da páxina 228: Baldo Ramos

Ilustración da páxina 269: Lois Gil Magariños

Ilustración da páxina 286 e 313: Álvaro de la Vega

Ilustración da páxina 354: Isabel Pintado

Ilustración da páxina 399: Carlos González Villar

Os poemas escollidos para esta libro son: 1, 2, 11, 15, 17, 19, 28, A Gaita Gallega, 36. Edición de Ricardo Carballo Calero, publicado por Cátedra.

A distribución desta obra dixital faise atendendo á Licenza Creative Commons



Recoñecemento - NonComercial - SenObraDerivada (by-nc-nd): Non se permite o uso comercial da obra orixinal nin xeración de obras derivadas.

A Sofía e Pedro, alma e corazón. E a MariPaz, alento.

Non sei cómo o noso país poido resistir doores tan grandes.
Rosalía de Castro

Índice

<u>PRESENTACIÓN</u>	<u>12</u>	Xosé Abeal	99
Suso Díaz	12	Carmen Blanco	101
<u>PREFACIO</u>	<u>14</u>	Vicente Piñeiro	103
Ramón Nicolás	15	Erin Moure	106
<u>LIMIAR</u>	<u>18</u>	<u>2</u>	<u>111</u>
Mercedes Queixas Zas	20	Eloi Caldeiro	111
<u>1</u>	<u>24</u>	Manuel Pereira	113
Xesús Alorso Montero	25	Francisco X. Fernández Navall	115
Lois Antón Pérez Pérez	27	Antom Laia López	117
Luz Fandiño	29	Xaquín Agulla	119
Xoán Xosé Fernández Abella	31	<u>11</u>	<u>125</u>
Salvador García-Bodaño	34	Xavier Rodríguez Barrio	126
Helena Villar Janeiro	36	Gonzalo Navaza	128
Fidel Vidal	39	Antón Reixa	130
Ánxeles Penas	43	Antón Fortes Torres	132
Lois Diéguez	45	Rosa Méndez Fonte	135
José Devesa	48	Francisco Álvarez-Koki	137
José Alberte Corral Iglesias	51	Xavier Queipo	139
Xosé Vázquez Pintor	53	Arturo Casas	141
David Otero	55	Manuel Forcadela	143
Andrés Pociña Pérez	57	Toño Núñez	145
Luz Pichel	59	Domingo Tabuyo	149
Marica Campo	62	Medos Romero	151
Vítor Vaqueiro	64	Alexandre Nerium	153
Adela Figueroa Panisse	66	Román Raña	155
Xesús Rábad de Paredes	68	Anxo Angueira	157
Xabier Paz	70	Miguel Sande	159
Xosé María Álvarez Cáccamo	73	María Xosé Lamas	162
Vicente Araguas	76	Pura Salceda	165
Pedro Casteleiro	79	Eva Veiga	167
Margarita Ledo Andión	81	Lino Braxe	169
B. Iglesias, Mero	83	Mónica Bar	171
Antonio García Teijeiro	85	Xavier Lama	173
Luis González Tosar	87	X. H. Rivadulla Corcón	175
Enrique Feixó Feixó	89	Concha Rousia	177
Miguel A. Mato Fondo	91	Manuel Outeiriño	179
Carlos Pereira Martínez	93	Henrique Rabuñal	181
José Estévez López	95	Antón Dobao	183
Irene Fernández	95	Marga do Val	185

Xosé M. Millán Otero	187	Estibaliz Espinosa	288
<u>15</u>	<u>192</u>	O Leo	291
Branca Vilela	193	Alicia Díaz Balado	296
Begoña Paz	195	Ramón Neto	299
Míro Villar	197	María Reimóndez	301
Pablo Bouza	199	Alberto Lema	304
Xoán Carlos Domínguez Alberte		Rochi Nóvoa Vázquez	306
	202	Miguel Ángel Alonso Diz	308
François Davo	205	Xosé Antón Cascudo	311
Marta Dacosta	207	Verónica Martínez Delgado	314
Raúl Gómez Pato	210	Yolanda López López	316
Serxio Iglesias	213	Cristina Corral Soilán	319
Asun Estévez	215	Alberte Momán	322
Eli Ríos	217	Noelia Rodríguez	324
Lino García Salgado	219	María Canosa	327
Rafael Lema	221	Arsenio Iglesias Pazos	329
Ánxela Gracián	224	Emma Pedreira	332
<u>17</u>	<u>229</u>	Eva Méndez doRoxo	334
Iolanda Aldrei	230	Mario Regueira	336
Manolo Pipas	233	Déborah Vukušić	338
Rosa Enríquez	236	Ledicia Costas	340
Alfredo Ferreiro	239	Lucía Novas	342
Tati Mancebo	241	Ramón Blanco	344
Carlos Negro	243	Marta Pedrosa Agra	347
Martín Veiga	245	Silvia Penas	349
Martiño Maseda Lozano	248	<u>A gaita gallega</u>	<u>355</u>
Baldo Ramos	253	Marisol Gándara	356
Estevo Creus	255	Diana Varela Puñal	359
Calros Solla	257	Xosé Daniel Costas Currás	362
Suso Díaz	259	Elías Portela	365
Alfonso Láuzara Martínez	261	Lucía Aldao	369
Paula Carballeira	264	Roi Vidal	371
Susa Blanco	266	Antía Otero	375
<u>19</u>	<u>270</u>	María N. Soutelo	377
Manuel Darriba	270	Xabier Xil Xardón	380
Ramiro Vidal Alvarinho	272	Cristina Ferreiro Real	382
Eladio Medel	274	Lorena Souto	384
Ramiro Torres	276	Andrea Nunes Brións	386
Modesto Fraga Moure	278	Oriana Méndez	389
Moncho Iglesias Míguez	280	Samuel L. París	391
Susana Sánchez Aríns	282	Betula Alba	393
<u>28</u>	<u>287</u>	Rosalía Fernández Rial	395

<u>36</u>	<u>400</u>
Sabela González Panizo	401
Alba Cid Fernández	403
Andrea Porto	405

Celia Parra Díaz	407
<u>AGRADECIMENTOS</u>	<u>410</u>

IMPROVISACIÓN

A LA POETISA D. R. C.

*La mujer en el mundo no es dichosa,
por más que, con falaz hipocresía,
adulando su joven fantasía
la mire el mundo y la proclame hermosa.*

*Lo será si modesta y virtuosa
al templo del saber sus pasos guía,
y ceñida la sien ostenta un día
con la diadema de laurel honrosa.*

*La hermosura no es más que una quimera,
¡Página en blanco de la humana historia!
Sigue con fe del arte la carrera,*

*Que es muy grato dejar una memoria
que acredite a la gente venidera,
intachable virtud, mérito y gloria.*

Aurelio Aguirre



PRESENTACIÓN

Cantar a Rosalía de Castro supón unha enorme responsabilidade. Mergullarse na súa poética para facela propia, podería ser unha ousadía derivada do descoñecemento do que supón a súa voz para o sentir dun pobo.

Mais, partindo de que entendo os límites sempre como persoales, e non os que nos impoñen as circunstancias, decidín emprender este proxecto. Pensei que unha homenaxe para a autora dos “Cantares gallegos”, no tempo que nos acontece, é un xeito de amosar o que a nosa lingua herdou deses primeiros cantos, esa raizame que nos xongue irrenunciamente á cerna da que provimos, que se amosa con rotundidade nas voces de hoxe, nestes novos cantos que se multiplican coa forza propia das ondas envolventes de cada verso, de cada imaxe.

Reunir 150 poemas inspirados noutras tantas estrofas dos Cantares, tentando non perder o fío que vertebra a obra, supuña un reto engadido. Tentei escoller eses poemas que, ao meu entender, amosan a plenitude do libro de Rosalía. Precisei da complicidade e disposición dos poetas para facer seus uns versos escollidos por min, e que foron asignados tendo en conta a súa data de nacemento. Un verdadeiro galimatías, para tentar amosar un cronograma de voces e sentires, de distintas xeracións, xunguidas por esa obra, alicerce da nosa escrita.

Este libro dixital medrou e fíxose realidade na rede, os autores foron convidados e sumáronse ao chamamento feito por correo electrónico, ou a través das redes sociais.

Pensar nunha publicación en papel, limitaba as posibilidades considerablemente, por iso, a idea primixería foi facer un libro dixital, sen renunciar á opción clásica.

Difícil sería levar a bo porto esta suma de ollares sen contar coa complicidade dos que se prestaron a botar unha man para facer levadeiro e posible este empeño. Elas e eles, son a verdadeira esencia deste libro.

Rosalía de Castro é o meirande crisol que posuímos, a súa obra, a súa vida, o seu padecemento, o seu ollar, o seu sentir, son a alma enteira de Galicia. Seguir aprofundando en moitos aspectos dese legado, sumar esforzos e novos proxectos para amplificar esa sinfonía, é medrar como pobo, é apuntalar a lingua.

Beizóns a tod@s por facer realidade o que foi un soño.

Suso Díaz



Heitor Picallo

PREFACIO

Epifanías e algo de sementeira

A quen nos gusta ler, a quen nos gusta ler especialmente literatura galega, isto é, aquela que se escribe en lingua galega -dígoo por abrazar un argumento estritamente filolóxico que aínda segue a ser, *malgré lui*, posto en dúbida-, o acceso ao coñecemento e á lectura da obra literaria de Rosalía de Castro supuxo unha luzada, unha revelación, unha epifanía que agora me fai pensar nun instante máxico que conduce inevitablemente á reflexión, ao feito de se inquirir as razóns dunha sedución literaria, téñase a idade que sexa; leva a procurar as razóns que pairan sobre cando se escribiu aquilo, porque se escribiu así, porque se di o que se di..., mesmo tamén, se cadra, a interrogarse a si mesmo sobre como é posible que aínda non descubrixe aquel tesouro até ese momento... Todas e todos, sospeito, gozamos dun deses momentos e conxecturo que non é das cousas que se escurecen nese pozo fondo, e sempre preciso, que é a memoria e que é unha fortuna que nos acompañe sempre. A miña epifanía particular, sen ser en absoluto orixinal, mantense diáfana na memoria, case tanto como aquela voz inigualable de Mercedes Plata que cantaba, nunha cinta de casete que xa perdín mais que lembro se titulaba “Lúa descolorida”, o “Tecín soia” como nunca máis o volví oír. Diáfana porque Rosalía, isto é, a obra de Rosalía, non estaba na miña casa e un, adolescente daquela, non podía acceder a unha fermosa edición, de tapa verde, que comercializaba Edicións Xerais. E tiven que me conformar cunha edición económica, nin máis nin menos que de Austral, que incorporaba os *Cantares gallegos*. Desde aquela páxinas hoxe amarelecidas agromou o meu fascínio, no meu caso auroral, ao que logo se unirían, e aos poucos, Celso Emilio, outras voces máis até hoxe, pero iso é outro cantar. Aquela edición, malia non ser en absoluto nada bibliófilo, é para min hoxe algo máis ca un obxecto prezado.

Deixo por escrito todo isto, nun exercicio memorialístico case impúdico que saberedes desculpar, porque os cento cincuenta poemas que aquí se incorporan chegan invocados polo nome de Rosalía e veñen de persoas que, xunto con aquelas que colaboran coas súas ilustracións, alén do esforzado coordinador do volume, Suso Díaz ou de Mercedes Queixas, que prologa o libro, ambos os dous amigos que admiro, tamén tiveron que vivir, ao seu xeito, ese momento.

E foi aí, coas diferenzas que os contextos epocais e as desemeillantes e naturais sensibilidades, onde se produce unha sementeira en cada persoa que, sen ser algo programado nin intencional, nos agrupa a quen este libro une. A lectura da obra rosaliana goza destas consecuencias imprevisibles: persoas hai que lembrarán versos e poemas enteiros para todo o sempre; ás veces xermolará nalgunhas a vontade de interpretalos e divulgalos; en ocasións persoas hai que gozan da sorte de editala, pintala, deseñala, cantala, estudala ou traducila e outras –nas que agora estou a pensar– deixan que o pouso da súa obra e das súas particulares lecturas, da admiración que polo traballo dela sentimos adopte unha formulación literaria ou artística que sexa operativa para homenaxeala lembrándonos, así, por se alguén o esquecera, que Rosalía vive; e se é na rede, onde repousa parte do futuro e onde debemos estar con orgullo identitario, pois moito mellor. Beizón polo proxecto, beizón por esta realidade.

Ramón Nicolás
Lavadores (Vigo)

A ROSALÍA

*Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.
E vina tan sola
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!*

*A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu...
Os ósos son dela
que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!*

Manuel Curros Enríquez



LIMIAR DE CANTAR CANTARES

Cantarei aquí ao teu lado
cantarei e darei son
xa se van *aloviando*
as penas do corazón[1].

Convócanos Rosalía, co facho do tempo como testemuño vivo, a cantar en versos novos.

Eis as cento cincuenta respostas en cantares de hoxe como pano sedán, *feitos xustillos*, estrugas feridoras ou fendas inmortais a petaren *nas portas dos probes e nas portas dos ricos* para escorrentar a *noite negra* e abrir a *aurora nunha alborada de abril*.

Eis as cento cincuenta sinaturas de voces poéticas contemporáneas que, coa forza da voz coral que aniña na razón de ser dos *Cantares gallegos*, lonxe de invocaren aniversarios trasnoitados e enfeitaren altares silentes, modelan co seu persoal cincel o xenio creativo rosaliano nesta viaxe intertextual sen fronteiras espazo-temporais.

Nas orixes literarias galegas medievais as cantigas de seguir naceron nas voces trobadorescas a partir dun modelo poético previo quer por apropiación da música quer dalgúns versos ou do emprego de palabras con mudanzas de significado.

[1] As coplas tradicionais que abren e pechan este limiar están recollidas na peza “Danza de Meiro!” que interpreta o grupo Berrogüeto no seu CD intitulado *Kosmogonías*.

Andando o tempo, a interpretación das nosas coplas populares e a escenificación de moitas danzas tradicionais galegas reproducen o que a guía determina para a acompañar colectivamente, mais achegando sempre a expresividade rítmica persoal de cada individualidade interpretativa. Ollar a guía é procurar a confianza no punto de partida para camiñar no equilibrio de mans dadas coa parella, coa fila, co tablón ou coa roda.

Guiarse agora, cumprido o sesquicentenario dos *Cantares gallegos*, no curso alto lírico para se aproximar *á auga limpa en fresca fonte* rosaliana para desaprender, para se reapropiaren novos corpos dos versos da poeta fundacional e vestilos coas cores dun hoxe incómodo para o pensamento crítico; para ecoaren o seu tesouro lingüístico aínda vivo en nós; para actualizaren a solidez do pouso retroalimentador duns alicerces insubornábeis no tempo.

Velaquí un caleidoscopio de voces corais a reviviren, compañeiras da palabra e da imaxe, as viúvas de vivos e mortos canda *os desposos/da man opresora* ou a persistente cartografía xeográfica castelá que obriga a repetir a *historia de amos e escravos*. Velaquí un novo presente poético reparador para o encontro amoroso, a tintada do sempre osixenante humor e a viaxe cultural internacionalizadora. Velaquí unha auténtica constelación poética que multiplicador *ramo de froles parece* en que a copla popular cede o paso ao solemne soneto e o octosílabo rimado ao versolibrismo experimental e á prosa poética.

Rosalía e Virginia e Pizarnik e as irmás Brönte e a matrioshkas...

Rosalía e Otero Pedrayo e Lou Reed e Samuel Beckett e Kurt Cobain e Amy Winehouse...


Os versos rosalianos semellan, máis unha vez, andoriñas viaxeiras de eterno retorno, verdadeiros *cantos de esperanza*. Os versos agora renacidos como pegadas dixitais nestes novos cantares semellan ceos que os acollen no bico de cada póla das estrelas en cada luar para enxendrar a luz dun novo día. Porque neles, un novo son da gaitiña chama por nós para o arrolo, novas sombras mesquiñas asexan e novos adeuses oprimen as gorxas.

Sempre o presente, como humus, a avolver a palabra sementada na xénese da cerna e xerminada en ondas concéntricas expansivas até nós.

É. ROSALÍA. LOITA. XUSTIZA. VERDADE. FENDA.
TOPONIMIA. SOIDADE. PROGRESO. REBELDÍA. LIBERDADE.
CASA. ÁNCORA. MEMORIA. TERRA (DURMIDA). PATRIA.
LINGUA. MULLER. É!
SOMOS ROSALÍAS!

Vou a dar a despedida
que me parece que é ben
o pouco cantar enfada
e o moito parece ben.

Mercedes Queixas Zas
(A Coruña)



Unha tarde de primavera de 1861, Rosalía, que se atopa en Madrid, rodeada dunha paisaxe esteparia e da que a austera beleza estaba aínda por descubrir, sente saudades da paisaxe nativa, de encanto máis espresivo e obvio; e evocando a súa terra, escribe un comentario poético dun cantar popular de emigrante. Comenzou a compoñer os seus Cantares gallegos.

Ricardo Carballo Calero

E nós replicaríamos dende o fondo das nosas oríxens: “Estamos orgullosos porque na lingua dos labregos e mariñeiros de Galiza acaba de cantar un poeta como Rosalía de Castro, que é o Corpo Santo da Saudade”.

Castelao

Rosalía andivo coa alma espida, pervagando entre as xentes, envolveita coa súa propia luz e coa súa orixinaria dór. Nos seus versos latexa o espírito enteiro de Galicia, o seu sufrir e a súa esperanza.

Francisco Fernández del Riego



*Has de cantar
que che hei dar zonchos;
has de cantar,
que che hei de dar moitos.*

*Has de cantar,
menina gaiteira;
has de cantar,
que me morro de pena.*




Xesús Alonso Montero
(Vigo, Pontevedra)

Glosa á primeira estrofa do primeiro poema de Cantares gallegos

*Has de cantar,
meniña gaiteira;
has de cantar,
que me morro de pena.*

TI disme que cante,
moi nobre encomenda
que acepta gozosa
"meniña gaiteira".
Cantarei axiña
no adro e na eira,
nas fontes e prados,
nas festas e feiras,
pois sei, se non canto,
nas vilas e aldeas,
que morres coa mágoa,
que morres de pena.
Cantarei, AMIGA,
coas mellores verbas,
a canción que pides
á nena gaiteira.
Será un canto forte,
cántiga moi rexa,
versos que desperten
á Galicia enteira.
Xa que TI mo pides
estou satisfeita
de cantar prás xentes
da terra galega.
Ben sei, se non canto,
entre tantas brétemas.
serei desleigada,
serei alleeira
e Galicia nunca
erguerá a bandeira
do Rexurdimento,
da gran Renacencia.

*Canta, meniña,
na beira da fonte;
canta, daréiche
boliños do pote.*



Lois Antón Pérez Pérez
(Escudeiros, Ramirás)

*Canta, meniña,
na beira da fonte;
canta, daréiche
boliños do pote.*

na fronte unha estrela,
no bico un cantar.

Dun pote suxeito
pola gramalleira,
nesa chama acesa
na vital lareira.

Sita en Padrón,
casa da Matanza,
resoar dun canto
de eterna lembranza.

A musa dos pobos
sóuboo lograr,
no sentir, na rima...
e no amor ao lar.

Boliños do pote
quérenos trocar,
polo cantar meigo
que arela escoitar.

Aquela que leva
a estrela na fronte
e segue cantando:
na beira da fonte.

*Canta, meniña,
con brando compás
daréiche unha proia
da pedra do lar.*



Luz Fandiño
(Santiago de Compostela, A Coruña)

Canta, miña rula,
pois co teu cantar
fuxiron do meu peito
as mágoas máis duras.


*Canta, meniña,
con brando compás
daréiche unha proia
da pedra do lar.*

Canta, ruliña,
branca pomba, canta,
que co teu doce cantar
todas as sombras espantas.

*Canta, meniña,
con brando compás
daréiche unha proia
da pedra do lar.*

Se cantas, farei para ti,
coa espuma das ondas
do mar,
vestidos de encaixe.

*Papiñas con leite
tamén che daréi;
sopiñas con viño,
torrexas con mel.*



Xoán Xosé Fernández Abella
(Monforte de Lemos, Lugo)

PEQUENA GLOSA DO PRIMEIRO CANTAR DE
"CANTARES GALLEGOS", CUN BREVE ELOXIO FINAL
PARA ROSALÍA

"Cantares gallegos",
primeiro poema,
poema-homenaxe
á Lingua galega,
da "Probe da tola",
Rosalía eterna.

Pídenlle a unha moza
que o idioma da Terra
empregue ó cantar.
"Alivio das penas"
á lingua que enxalzan
así consideran,
con moitas gabanzas
á Fala galega.

Mais... como son datas
de grande escaseza,
prometen comida
porque cante a nena,
mantelo, refaixo,
lambonadas, festa.

Di unha tentadora
- ou que pulo, ea! -:
Papiñas con leite
tamén che daréi;
sopiñas con viño,
torrexas con mel.

Miña Rosalía,
non rematarei
sen dicir que ti,
por esencia, es
voz acusadora
que Galiza ten,
loitadora, xusta,
completa muller,
ó amor e á verdade
e á xustiza fiel.

*Patacas asadas
con sal e vinagre,
que saben a noces.
¡Qué ricas que saben!*



Salvador García-Bodaño
(Vigo, Pontevedra)


Ao vir do traballo
cando finda a mañá
na casa me esperas
cun beixo e o xantar

Sinto nos meus beizos
dos teus o quentar
e en todo o lar ule
o recendo do pan.

*Patacas asadas
con sal e vinagre,
que saben a nocés.
¡Qué ricas que saben!*

Sendo aínda tan pobres
sempre un rico é
se o amor non falta
e hai que comer.

*¡Qué feira, rapaza,
si cantas faremos...!
Festiña por fora,
festiña por dentro.*



Helena Villar Janeiro
(Becerreá, Lugo)

*¡Qué feira, rapaza,
si cantas faremos...!
Festiña por fora,
festiña por dentro.*

Festiña por fóra,
festiña por dentro,
coa lingua prezada
que traemos de herdo.

Festiña por dentro,
festiña por fóra,
coa lingua máis bella
na canción máis nova.

Festiña por fóra,
festiña por dentro,
inzando palabras
co noso contento.

Festiña por dentro,
festiña por fóra,
xuntado no canto
espiñas e rosas.


Festiña por fóra,
festiña por dentro,
relatando a vida
con divertimento.

Festiña por dentro,
festiña por fóra,
co canto algareiro
da alegría moza.

Festiña por fóra,
festiña por dentro,
se cantas, meniña,
con gozo no peito.

Festiña por dentro,
festiña por fóra,
que a boca non canta
se o corazón chora.

*Canta, si queres,
rapaza do demo;
canta, si queres;
daréiche un mantelo.*



Fidel Vidal
(Ribeira, A Coruña)

*Canta, si queres,
rapaza do demo;
canta, si queres;
dareiche un mantelo.*

I

Canta se queres,
rapaza fermosa;
canta se queres,
dareiche unha rosa.

Chora se queres,
ao son do muíño;
chora se queres,
dareiche un fouciño.

Se cantas ou choras,
rapaza do demo;
dareiche unha xoia,
dareiche un coitelo.

Cantes ou chores,
dareiche unha gaita,
chores ou cantes,
dareiche unha frauta,
rapaza do demo,
dareiche colares,
cantigas de merlo.

II

Canta se queres,
no monte ou na praia;
canta se queres,
dareiche unha saia.

Chora se queres,
rapaza do demo;
chora se queres,
dareiche un martelo.

Canta no monte,
ou chora na braña;
dareiche unha fouce,
dareiche unha alfaia.

Cantes ou chores,
rapaza do demo,
dareiche unha estrela,
un anxo do ceo,
dareiche unha xesta,
un val de marmelos,
unha aldea vella.

III

Canta se queres,
demo de rapaza;
canta se queres,
dareiche unha fala.

Chora se queres,
rapaza da sombra;
chora se queres,
dareiche unha historia.

Cantes ou chores,
rapaza das flores;
chores ou cantes,
dareiche os amores.

Cantes ou chores,
rapaza do demo,
dareiche un salgueiro,
a voz dun carballo,
dareiche unha gorxa,
se queres rapaza,
dareiche a memoria.

IV


Canta se queres,
rapaza do demo;
canta se queres,
dareiche un espello.

Chora se queres,
na beira do río;
chora se queres,
dareiche un corpiño.

Canta chorona,
ou chora meniña;
dareiche unha pomba,
dareiche unha vida.

Chores ou cantes,
rapaza das festas,
dareiche unha aperta,
un bico e un suspiro,
un mar de centeo,
dareiche se queres,
os meus sentimentos.

*Canta, si queres,
na lingua que eu falo.
Daréiche un mantelo.
Daréiche un refaixo.*



Ánxeles Penas
(Teixeiro, A Coruña)

*Canta, si queres,
que é libre o cantar,
daréiche un mantelo,
por te agasallar.*

*Si cantas miudiño,
na lingua que eu falo,
que os peitos aleda
co seu doce encanto
e enfeitiza os aires
con sons acordados,
amais de mantelo,
daréiche un refaixo.*

*Cos dous adubíos,
refaixo e mantelo,
neniña cantora,
fermosa estarás
e o teu libre canto
ledo soará.*

*Co son da gaitiña,
co son da pandeira,
che pido que cantes,
rapaza morena.*



Lois Diéguez
(Monforte de Lemos, Lugo)

Pídoche que cantes,
Rosa compañeira

*Co son da gaitiña,
co son da pandeira,
che pido que cantes,
rapaza morena.*

Rapaza, non chores
vente á nosa beira,
co son da gaitiña,
co son da pandeira.

Erguemos o escudo,
levamos bandeiras,
ao son dos cantares
desta nosa guerra.

Pídoche que cantes,
Rosa Compañeira,
pois o canto vence
agoiros e penas

ás que nos someten
cregos e profetas
que atan nosos corpos
con grosas cadeas.

Pídoche que cantes
rapaza morena,
pois con este canto
faremos a festa:

vencemos os bispos
e a quen nos goberna,
que en nome da vida
matane e condenan.

Pídoche que cantes
rapaza morena
pois con este canto
seremos nós mesmas.

*Co son da gaitiña,
co son do tambor,
che pido que cantes,
menina, por Dios.*



José Devesa
(A Coruña)

ROSALÍA, FILHA E MAI DA GALIZA ETERNA!

Desde a veiga de Padrom
até as ribeiras do Prata
o nome de Rosalía
chouta por riba do Atlántico.

Co son da gaitiña...

Baixo o Cruzeiro do Sul
as gaitinhas dos gaúchos
e os tamboriles dos negros
abraçam o Velho Mundo.

Co son do tambor...

Nom é o som da nossa gaita
-que aqui lhe dim ao acordeom-
nem percute o tamboril
co som do nosso tambor.

Co son da gaitiña...

Gaita é que bate nas teclas
saudades da Europa lusa,
tambor da África que lembra,
redobrando, a escravatura...

Co son do tambor...

Brinca com força a gaitinha
e o tamboril forte berra,
embargando a alma migrante
fueyes e parches a erguem!

Co son da gaitiña...

Em tanto o som da gaitinha
e o do tambor nosso alentem,
na alta voz de Rosalía
a Galiza será eterna.

Co son do tambor...

*che pido que cantes,
meniña, por Dios.*


Gaúcho é a acentuação de gaúcho nas terras brasileiras do Sul onde reina a “gaita”.

Fueye.- Forma crioula oral de *fuella*, fol do acordeom e mais do bandoneom, cujo significado se desplazou para passar a significar os próprios instrumentos (a parte definindo o todo).

Parche.- Igualmente passou a denominar o tamboril todo.

II


*Así mo pediron
na beira do mar,
ó pé das ondiñas
que veñen e van.*



José Alberte Corral Iglesias
(*A Coruña*)

Asi mo pediron / ó pé das ondinhas
os coléricos fados da morte
que veñen e van na luz
dos faros da desesperança.
Mas, na beira do mar,
rio às cachiças do desacougo
que remoinha
as lembranças que me alucinam.

*Así mo pediron
na beira do río
que corre antre as herbas
do campo frorido.*



Xosé Vázquez Pintor
(Melide, A Coruña)

ROSA EN IRIA

COMO NOS VAINA URDIME DAS PALABRAS

por tanto aniversario que trasnoita

e anda en soño sentido nas esperas?

E véxote sempre vir de algar canda os fulgores

que así mo pediron

do solsticio, noite e luz que nos amence e somos

posuídos pola maxia das fontes e dos mares:

versos brancos cabalados no alto coma pedras

informes onde asubía o vento dos refachos

na beira do río

que despois vai no auxilio de alguén que chama ao lonxe

e grita: ven axiña, non pouses, sube ao colo

da Terra e cadra aquí con nós un tempo

de silencio encantenón acorda outra mornura

que corre antre as herbas

e antes foxe o desamor, o esquenzo, a tolería


do campo frorido

de non ser senon aquela sombra que acompaña:

ROSALÍA NA DANZA DA RISA E DA INTEMPERIE

NUNCA ALTARES

*Cantaban os grilos,
os galos cantaban,
o vento antre as follas
ruxindo pasaba.*



David Otero
(Santiago de Compostela, A Coruña)

NON QUIXER E SI...

E...
cantaban os grilos...

E meu ben eu NON QUIXER ser simplemente esa
sombra,
nin simplemente un teimoso eco
iso non quixer ser.

E...
os galos cantaban...

E meu ben SI QUIXER ser corazón dunha beleza que encha
o mundo
e a calor doce que nunca se afogue
si quixer ser.

E...
por iso meu ben...

xunto raiolas de mil anacos,
que son as horas puras dadas
polas voltas construídas
dos populares alborexares dos reloxos de sol


E...
por iso meu ben...

leo nas brétemas de disfrazado cristal,
nas luces enganosas,
e así nas palabras que nos queren impoñer
en casa propia.

E por iso scribirei así diso a boa letra...
tamén no teu recordo

E...
*o vento antre as follas
ruxindo pasaba.*

*Campaban os prados,
manaban as fontes
antre herbas e viñas,
figueiras e robres.*




Andrés Pociña Pérez
(Lugo)

A túa faciana máis querida

*Campaban os prados,
manaban as fontes
antre herbas e viñas,
figueiras e robres.*

É certo, Rosalía,
e fermoso,
e despois engades que non achas,
cantora da Terra,
lugar coma el no mundo enteiro.
É certo, Rosalía.
Pero eu síntote máis viva
na cerna do meu peito,
cando volves túa a soidade
daquela rapaza, viúva de vivo,
que fai soa a sementeira,
sen el para lle erguer á testa
na fonte a pesada sella,
sen el para lle pousar
a leña que apañou no monte.
Soa, si,
pero ti con ela.
E síntome máis preto de ti
cando pillas a fouciña
e con ela vingas a inxustiza
feita aos teus fillos
baixo a mirada ausente de Deus e dos homes.

*Tocaban as gaitas.
Ó son das pandeiras
bailaban os mozos
cas mozas modestas.*



Luz Pichel
(Alén -Lalín- Pontevedra)

con/testo

*Tocaban as gaitas.
Ó son das pandeiras
bailaban os mozos
cas mozas modestas.*

porque agora vai podendo a memoria xa morder calquera cousa ata
[rabiarse nas prazas
pero aínda non dá mordido aquela tona de nogueira

era limpar as eiras agostadas
en camisa de gris color e colo á caixa
eros do trigo, eiras
da malla a sega o paso das gavelas pola pedra

ás noites comentaban as nais con unha violetiña de tristura no caldo
aquí xa ninguén baila canta toca
ese pandeiro ás noites
debulhar mazarocas en silencio obrigado
abraiadas nos teñen
prohibidas coutadas coitadas coitadiñas
e os lobos cara o monte cos fusís fuxidos
comentábase así moi polo baixo
eu daquela cumprira dezaeito
e a xente non falaba de cote destas cousas
de mortos
bailábase por riba dos letreiros das lousas
bailábase nas fías moito a base de ben
ben a base de libres e aos saltiños

pero agora era tempo de mallar
retornaran os homes
e para a malla o calor a trampa zoadeira dos corpos
camisas grises colos abotoados á caixa
cadaquén cun relato
en cadanseu silencio
os fusís aquí
(apuntaban á fronte)
aquí o estrondobruto
(apuntaban ao peito)
e era todo un caer caer caer todo caer amontoarse de camisas grises
colos abotoados á caixa
así se relataba en voz moi baixa


así despois fixeron

a limpeza da eira
apuntando á gavela de trigo debullada
gaveliña espida o seu sexo ermo

pásana duns para outros
e é todo unha violencia que non sabe a memoria que facer
non sabe que daría por parar de morder na tona da nogueira
a rabia alí espetada no amargor
aínda este dentiño aquí arrolando que endexamais caeu dente de
[leite

contalo hai que o contar aquí na praza
contra a destemperanza dos ferroferros que aínda hoxe
por calquera cousiña van e matan.

¡Qué cofias tan brancas!
¡Qué panos con freco!
¡Qué dengues de grana!
¡Qué sintas! ¡Qué adresos!



Marica Campo
(*O Incio, Lugo*)

Cantiga de roda para Galiza

¡Qué cofias tan brancas!
¡Qué panos con freco!
¡Qué dengues de grana!
¡Qué sintas! ¡Qué adresos!

Esta roda – roda
é a que nunca acaba,
a xirar Galiza
da beleza amarga.


Mociña entre as mozas
das cofias tan brancas,
dos panos con flocos,
dos dengues de grana.
Neve nos picoutos,
brétema nas fragas,
vermella nas viñas,
flores e grilandas.

Co tempo detido
na dor da distancia
foxen os camiños,
retorna a desgraza.

Que non pare a roda,
que a vida non para,
xira, papaventos,
ao son das palabras:

¡Qué cofias tan brancas!
¡Qué panos con freco!
¡Qué dengues de grana!
¡Qué sintas! ¡Qué adresos!

*¡Qué ricos mandiles!
¡Qué verdes refaixos!
¡Qué feitos xustillos
de cor colorado!*




Vítor Vaqueiro
(Vigo, Pontevedra)

Deserto do Saara

Nos desertos abrolham coloridos (*que ricos!*) *mandiles*
que propagam a vaga misteriosa
do silêncio e da fome, dissera Rosalía
de Castro, uma manhã de névoas anuzidas,
enquanto em Dodro ia a Companhia marítima
avançando do mar de Corrubedo ao paço
de Vigo polo río San Lufo. Nos desertos
caminham raparigas, torradas pola fúria
do verão e do látego. As âlmas dos mortos
das junqueiras progridem em silêncio no Lufo;
no Chade e Mauritània a ferida é abastada
no caravançaraí onde, na noite opaca,
o sexo compartilha o espaço com a febre,
a dor com a confiança no futuro improvável.
Quanta mágoa sob lenços vermelhos, quanto espinho
baixo saias laranjas, quanto padecimento
sob chambres amarelos, quanta morte, *que verdes refaixos*,
esganando a esperança, *que feitos xustillos*,
ocultando em Mali ou Bastavales
a doença e a síndrome. Nos desertos latejam
verdugos que produzem verdugões cadavéricos
na consciência, no alento cadavérico. Nunca
as dunas impassíveis enxergaram um mar
de areias corcovadas, de palmeiras tolheitas,
de sardões aleijados, de águas doentias
como o que hoje se alastra do Gurugú a Tindouf.
Na mente bole o ampeio infectado *de cor: colorado*
na noite; lourido nos serões:
o alento cadavérico; no abrete: cadavérico
o bafo do verdugo; a arfada: cadavérica
nas manhãs do Saara e da Maía. Os dias
escorregam na dor e a Casa da Matança
é um alarido infindo que cobre África toda.

*Tan vivos colores
a vista trubaban;
de velos tan váreos
o sol se folgaba.*



Adela Figueroa Panisse
(Lugo)

POESIA PARA ROSALÍA

*Tan vivos colores
a vista trubaban;
de velos tan váreos
o sol se folgaba.*


Nas corgas, nas fontes,
Nas agras, nos montes,
Nas corredoiras,
Ando eu perdida
Como um ratinho cego
neste lar viçoso,
que me afoga,
em seu labirinto.

A bater contra as paredes
Desta caixa tonta
Em que estou agora,
Minhas mãos escoam
Petando e batendo em nenhuma porta.
Quiçá escondida
Na névoa da história.

No abrir do dia
Que as cores tamisa,
Enxergo sozinha
as fantasmas errantes que me habitam.
Confundem meus sentidos
Assombram minha alegria.
As vivas cores das flores
doutro
hoje não turbam a minha vista.

Mas eu, ainda, um dia
Na procura dum viçoso abrete
Cantar-te-ei Galiza!

*De velos bulindo
por montes e veigas,
coidáu que eran rosas
garridas e frescas.*



Xesús Rábade Paredes
(Seixas -Cospeito- Lugo)

CATIVOS AMORES

*De velos bulindo
por montes e veigas,
coidáu que eran rosas
garridas e frescas.*

De velas bulindo
vizosas, garridas,
tomou por amores
agullas espidas.

Coidou que eran rosas
por lombas e prados
e atopou dentame
famenta de cardos.

Tomou por suaves
cariños amantes
gomosos acenos,
figuras do diante.


Cóidate, meniña,
do brillo aparente,
do xeito lambido,
do riso que mente.

Tentaban á moza
moutiñas de flores
que agochaban dentro
cativos amores.

Coidou que eran rosas,
venturas amables,
e atopou espiñas
de todos os males.

III

*Lugar máis hermoso
non houbo na terra
que aquel que eu miraba,
que aquel que me dera.*



Xabier Paz
(A Coruña)

*Lugar máis hermoso
non houbo na terra
que aquel que eu miraba,
que aquel que me dera.*

Nai exsangüe

*Lugar máis hermoso
soñei que me dera
Deus sen merecelo,
mais era quimera.*

*Non houbo na terra
da vixilia ao soño,
lugar máis hermoso,
-penso e me avergoño-
Que aquel que eu miraba,
-Galiza encantada-
era mágoa fera
de pombas iradas
e xentes á espera;*


O noxo babeco
aos vales nativos
fire o verde fresco
de cuspes altivos,
onde afoga o verbo
antes de ser vivo.

*Que aquel que me dera
era nai exsangüe
que os fillos desleita,
mentres dores tanguie
de beleza enferma.*

Aquela beleza
de flores e fontes
de anxos de certeza,
xa son soños idos
de mortos insomnes,
soños malferidos
de corpos sen nome.

*Non houbo na terra
lugar máis hermoso,
que este que nos berra
por erguer un alba
de gloria en Fisterra.*

*Lugar máis hermoso
no mundo n'achara
que aquél de Galicia.
¡Galicia encantada!*



Xosé María Álvarez Cáccamo
(Vigo, Pontevedra)

VERSOS E LUGARES PARA ROSALÍA DE GALIZA

Cheira a silva e confúndese co gran dourado a muller de Seraogña.
Augas vagarosas do olvido en Naemor.
O solpor en Oleiros.
Courel dos tesos cumes, largacío
val de Celanova, Lamanide,
ai meus labregos do vilar de Albán!

Bastabales, Compostela...
Montaña sonora de tallada pedra.
O tempo vai de Parga a Pastoriza.

Compostela é unha rúa longa na memoria.
En Compostela pode un vento duro
estremecer o corazón da Europa campesiña.

Vigo está tan lonxe
que se desorientan as cartas mariñas.
Noites que brillan no Orzán entre cifras de néboa.
Na badía do Orzán
bate a morte como un navío irremediable.
E van os meus irmáns mariños
de Cangas Ons Fisterra van soturnos.

Un bosque sagrado abrollando no río
foi Lugo nas orixes perdidas do tempo.
O río que nos canta
e abala en Tabagón como un mar que se anuncia.

Esquecemento lama do río de Monelos.
Cando o Miño no verán descía lento e nas súas augas
habitaba un asombro, unha nota de oboe,
había como sangue en Figueirúa.

Está chovendo en Mondoñedo,
é primavera en Noia, e a noite
será unha longa mina de diamantes.
¿Soñaredes aínda no ouso do Vilar
os soñares do tempo pasado?
¿Iremos un día do Courel a Compostela por terras libradas?

Pobos humildes ciscados pola Cha:
Taboi, Cela, Mosteiro, Bonxe, Aguiar,
Filgueira, Matela, Sobrada, Arcillá.
Socalcos de Lobomorto,
corredoira de Sovilas.
Láncara Líncora Mácara Lóuzara Lázara Lóngara
Názara Ézaro Guítara Cótaro Tállara Brántega.

Grave Galicia
Miña Temeraria,
A Terrible Inmortal.
Verdor Terrible.

*Lugar máis hermoso
no mundo n'achara
que aquél de Galicia.
¡Galicia encantada!*

Xosé María Álvarez Cáccamo foi o responsábel da montaxe deste poema, construído con versos de Alfonso Pexegueiro, Xulio L. Valcárcel, Xavier Seoane, Uxío Novoneyra, Celso Emilio Ferreiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Luis Pimentel, Xosé María Díaz Castro, Salvador García Bodaño, X.L. Méndez Ferrín, Manuel Antonio, Miguel Anxo Fernán Vello, Luz Pozo Garza, Bernardino Graña, Claudio Rodríguez Fer, Marta Dacosta, Luisa Villalta, Manuel Forcadela, Xavier Rodríguez Baixeras, Antón Avilés de Taramancos, Álvaro Cunqueiro, Manuel María, Xosé María Álvarez Blázquez, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xohana Torres e Rosalía de Castro.

*¡Galicia frorida!
Cal ela ningunha,
de froles cuberta,
cuberta de espumas,*

*de espumas que o mare
con pelras gomita;
de froles que nacen
ó pe das fontañas.*



Vicente Araguas
(Neda, A Coruña)

GALICIA, SI

De moi lonxe, de cancións por explicar, de cando non se coñecían aínda as maneiras de querer senón que estas eran xermolos ou esperanzas, de cando derivar por mares inexplorados, de lonxanías por abrir, e illas tan remotas sen habitar, sen o náufrago nin a palmeira, a túa voz xubilosa, de exaltación primitiva, un esforzo vocal conmovido que di *Galicia frorida*.

Esencia floral xa que logo, floreal sería o adxectivo mellor para ela, e quero poñelo aquí, riba deste mantel ou pano tan sequera de merenda ou piquenique nun campeiro, á beira dun deses ríos que son poema e boureo e estroncio e son tamén canto e paxaro solteiro agardando o día mellor, ave Galicia milagreira *cal ela ningunha*.

E porque días son días eis os nosos indicios, retellar, remetendo as sabas dunha vitoria escasa aínda mais tamén dun réquiem que non dá chegado, se cadra porque a vida quere impoñerse nunha alborada permanente, cuberta Galicia dun manto verde mesmo cando/ onde a neve é vella de vellez de prata antiga, que asona con esta patria grande *de froles cuberta*.

Folerpas no mar, reiteración ou pleonasmo xa que logo, como amor-amar, ou rosa-rosae nunha declinación infinida cal os teus versos que suben e suben, papaventos máxico, parapente no que voar riba dos ríos e máis dos mares, cando tan só o amor, soamente a vida, únicamente vivir para recuperar Galicia, na auga, no monte, *cuberta de espumas*.

Nun mar así de hiperbólico, así de **paragóxico**, que se volve mare e así ven sendo máis, e así obriga a se erguer con el nun voo altísimo, nun voo de altanería, onde xorden falcóns e miñatos e aguías, de puro subir ao ceo que remonta a poesía alta, a poética que se mergulla, afoutada, valente, nun ceo onde as nubes semellan acento *de espumas que o mare*.

Ese mar tan docemente bravo, tan bravamente doce, e cheo de carraxe e túzaro e rebelde e manso e tantas cousas que poideramos dicir del, e mol e tráxico e pavelo e dramático, diamante e rocha e tan brillante como a chuvia que fai del reiteración ou camiño que se devolve perlífero, que se reencontra no pozo dos desexos porque *con pelras gomita*.

E daquela as augas volven cara a dentro, dirixidas aos interiores onde todo é nada e nada volve afondar nas raigames, alí onde as árbores han ser trabes e as trabes, casas, e as laradas destas anunciando un futuro fermoso porque Galicia, si, e compre que a tristura non nos venza senón que sexa unha diana floreada a que resoe chea Galicia *de froles que nacen*.

E nacen esas flores en todos os lugares e renacen nos ollos esperanzados de quen non poden deixar que esmoreza tanta verdade como xermola e aí ven altaneira, en voo de altanería agardando que sexamos nós os que poñamos selo ou carimbo ao punto de partida, auga no deserto, maneiras de querer, auga que bebemos *ó pe das fontañas*.

*De valles tan fondos,
tan verdes, tan frescos,
que as penas se calman
non máis que con velos;*

*que en ánxeles neles
dormidos se quedan,
xa en forma de pombas,
xa en forma de niebras.*



Pedro Casteleiro
(Ferrol, A Coruña)

Dos últimos vales, a voz

*De valles tan fondos,
tan verdes, tan frescos,
que as penas se calman
non máis que con velos;*

*que en ánxeles neles
dormidos se quedan,
xa en forma de pombas,
xa en forma de niebras.*


E a voz sussurra Canta isso que é mais forte do que a vida
Isso que cavalga dentro Que explode no silêncio
Isto cuja beleza é definitiva e é
Mais forte do que a morte

Canta um dia Um incêndio na boca
Um
Coração no útero da areia

E canta
O sal A luz a Sombra o vinho
agreste Este lugar que nós Sonhamos

IV

*Cantarte hei, Galicia,
teus dulces cantares,
que así mo pediron
na beira do mare.*



Margarita Ledo Andión
(Castro de Rei, Lugo)

*Cantart'ei, Galicia,
Teus dulces cantares,
Qu'asi mó pediron
Na veira do mare.*

Oco no Soho

Acó
a ceo aberto

 contra as canteira no Courel ou no Pindo,
 contra as minas en mans de franquistas,
neste cantiño do Soho onde as cervexas custan menos
axuntámonos aquelas que foran expulsadas do Paradiso.


Axuntámonos para liberar a gorxa,
para tripar nos teus dulces cantares,
para resentir a nación coma ese fío fonambular
que nos mantén prendidas a este solpor
e a este oco que o camareiro sueco, en ollando para nós, vai e
[nomea
Cantart'ei Galicia mentres nós todas rímos a cachón.

Eu son a única que regreso.
-Qu'asi mó pediron, dígolles coa voz a crebar.
Os ollos delas fítanme coma se olla para ese cadavre
-aínda morno-
que acanea, a penas,
na beira do mare porque quere botar cabo a terra.

A ruela aínda non se cubríu de liquens.

-Manda razón de cómo andan as cousa por aló.
-Mandámoslle outra?
-Sihá!
-It's on me!

*Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.*



B. Iglesias, Mero
(Vilalba, Lugo)


AMAR, AMÁNDONOS.

*Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.*

Que aínda no risco e co medo no corpo
precisa sosego
esta lingua de amar, precisa consolo;
enxugar as bágoas
nun pano de lenzo que nos deixe ver
e nos limpe os ollos!
A ti, nestes versos, pedirche quixera,
o alivio sonoro,
prego silandeiro, ouh musa da Terra,
que este Noso Pobo,
amansar os males coa Lingua puidera.

E evocándote a ti, Rosalía, en verbo inteiro,
estiñar tanta ferida,
no prodixio que proclame
flores, luz e primaveras feitas versos,
e sentencie dunha vez
a Nosa Lingua, Lingua Nosa!
En propiedade de dominio e de pertenza!
E que chame polos fillos
a bicala desde os beizos e a falala
e máis grande, aínda se cabe,
tecer os tantos sonhos
que o porvir aínda nos debe.
Porque así seremos dignos de ser nós,
de sermos Patria,
na nosa verba coma canle
do credo que debe transformar a Historia
por eidos de Liberdade.

*Mimosa, soave,
sentida, queixosa,
encanta si ríe,
conmove si chora.*



Antonio García Teijeiro
(Vigo, Pontevedra)

COSENDO UNHA ROSA

Estaba unha nena
cosendo unha rosa
na saia de liño,
calada, xeitosa.

Mimosa, soave,
rapaza fermosa.
Ollada que voa,
sentida, queixosa.

Encanta si ríe
e ri moi graciosa;
conmove si chora
e chora saudosa

porque da roseira
caeu esa rosa,
lembianza de amores,
salaos de sombras.

Na saia, cosida,
delicada rosa.
Flor de bicos idos
e caricias rotas.

*Cal ela ningua
tan dose que cante
soidades amargas,
sospiros amantes,*

*misterios da tarde,
murmuxos da noite:
cantarte hei, Galicia,
na beira das fontes.*




Luis González Tosar
(Bos Aires, Argentina)

EL DISPARA AO VENTO

Cores outonizas na folla da uveira,
cal ela, ningunha
tan dose que cante caldeira de cobre
que toque a baleiro *sospiros amantes*,
que leve e que traia
mesturadas bocas na lama de outono,
caída lagaña no pano da mau
que enxugue saloucos,
soidades amargas...

Onda ela está el,
espido insolente
disparando ao vento
misterios da tarde
paixón agochada
na beira das fontes,
amores prohibidos,
murmuxos da noite,
cantarte hei, Galicia.

*Que así mo pediron,
que así mo mandaron,
que cante e que cante
na lingua que eu falo.*



Enrique Feixó Feixó
(O Carregal -Cartelle- Ourense)

*Que así mo pediron,
que así mo mandaron,
que cante e que cante
na lingua que eu falo.*
tento logo xiquera
mandar nun mesmo é primordial
único xeito de mando legal
pra cumprirse o noso ideal
anque
agora fúnebre ha de ser o canto
nocturno de mal agoiro pranto
porque falar unha lingua
e cantar noutra
cousa louca
Rosalía
só tu sabías
da escuridade contida
na luz do medio día gardada
pois que
destros ancestros criáronma
e arestora desautentes aqueloutrados
abandónanma desleigados
coma os pronomes desubicados
ornean.

*Que así mo mandaron,
que así mo dixeron...
Xa canto, meniñas.
Coidá, que comenzo.*



Miguel A. Mato Fondo
(A Coruña)


*Que así mo mandaron,
que así mo dixeron...
Xa canto, meniñas.
Coidá, que comenzo.*

Na rolda das avelairas
aprendin meu cantar
na tarde dourada
cos brazos ao ar

Na rolda de maio
do souto e do mar
na rolda florida
de maio maial

Cantigas e versos
direi meu cantar
as rosas que desfollan
nos valados do casal

*Con dulce alegría,
con brando compás,
ó pe das ondiñas
que veñen e van.*




Carlos Pereira Martínez
(Montevideo, Uruguay)

Con dulce alegría,
tomar decisións
de ámbito doméstico
de sempre postergadas:
riscar os descascados
con brando compás,
eliminar o mofo das arterias,
ventilar as estancias
vivificando os órganos feridos.
Pechar a porta á dor
e achegarse ao mar:
ó pe das ondiñas
que veñen e van,
absorver a salina transfusión
que depura os resíduos do pasado,
e eliminar as tebras
con cantos de esperanza.

*Dios santo premita
que aquestes cantares
de alivio vos sirvan
nos vosos pesares;*

*de amabre consolo,
de soave contento
cal fartan de dichas
cumpridos deseos.*



José Estévez López
(Padreda -Guntín- Lugo)

Irene Fernández
(A Pobra do Caramiñal, A Coruña)

Dios santo permita
e asinamos como ateos que somos
que aquestes cantares,
os teus e os nosos poeta,
de alivio vos sirvan,
a todas e a todos nos sirvan,
nos vosos pesares,
para procurar un futuro de luz
na túa ars magna e así poder interpretar
a partitura deste presente de traxedias,
algo frívolas e perversas, e tomar alento
na ópera en concerto das nosas vidas,
esquecendo os dividendos da miseria.
Nos soños da última noite
as dúbidas de Hamlet descalzaban
o noso pulso e a débil distancia
que separaba os nosos corpos:
existir, ser, ir máis alá das quimeras,
dos cruces de camiños, do ritmo
erudito das nosas vidas sedentarias,
fóra dos labirintos, das convencións
e das sedadas biografías nas derrotas
diarias, recuperando as claves da poesía
e o ritmo dos soños de dignidade.

De amabre consolo
das extinguidas alarmas de incendio,
de soave contento
do sabor da victoria nos beizos,
cal fartan de dichas
regaladas por correo express,
compridos deseos
impresos con pinceis de cristal
no punto G da crisálida aberta,
con varios ases baixo a manga
en directo e en diferido.

Lembro aínda a primeira vez que te vin,
na clandestinidade dos trintas de febreiro
que soamente existen en quen os vive.
Entre estratexas que fan trampa á inocencia
facéndolle a cambadela, convertíndoa en muller.
En min segue xogando
a ser parte do proletariado,
a ser albañil que edifica a nosa calor,
gañadora de trescentos óscares
tras a fecundación do imperfecto amor
e posterior florecemento,
por sempre eternamente.

E antes
de enclaustrar a palabra
alí onde a luz da miña solvencia acaba,
poeta Irene
-ti es para min a miña Rosalía
aínda que eu ben sei
que non son para ti Murguía-,
debo confesar che que aquí,
no meu peito,
anda un paxariño
facendo un niño,
un niño para ti con versos de Pedro,
de Pablo,
de Rosalía,
un niño que invoco
meu libro de cabeceira nos poemas
de amor de Salinas, de Neruda
e da nosa moi augusta de Castro Rosalía
(talvez non sexa hixiénico xogar ao xadrez
nesta páxina word da imaxinación cando seca
a fonte do caviar, porque vivir envellece, mais...)

Ben che sei, José,
ese maldito cliché,
caramelo envelenado,
das segundas partes
peores que as primeiras.
Facendo a dobraxe de Celso Emilio neste niño,
pétame, quero e dáme a gana de solidificar
e evaporar nesa luz.
Agora vístome de nai, de Rosalía,
e argallo coa negra sombra
das medallas de prata,
pois gosto de ser peón,
cativa e brava.
Antes de que caia o pano,
permíteme afirmarche
que a miña voz é a min debida,
e vós os meus acompañantes
en cantares desesperados,
amando e existindo xuntos
en poemas de amor...

e moito máis...
SAÚDE E LIBERDADE

*De noite, de día,
na aurora, na sera,
oirésme cantando
por montes e veigas.*



Xosé Abeal
(*Ambroa -Irixoa- A Coruña*)

Sinto que choras, terra,
de noite, de día
e escoito os teus queixumes
por montes e veigas
aló no fondo da alma.

O corazón cargado
de rabiosos anhelos
busca o vizoso azul
dos teus mares inmensos.


Gustaría lle tanto
cantar coma o paxaro
na aurora, na sera
e quitar os pesares,

ser unha carricanta
acesa, enfebrecida
polas túas camposas
a emocionar as árbores
tan ebrias de soidades
na morriña do outono.

Oirésme cantando
alegrías e penas
polas fragas e soutos,
polas bouzas e gándaras
entre o murmurio das follas
e os escuros misterios.

*Quen queira me chame,
quen queira me obriga:
cantar, cantaréille
de noite e de día,*

*por darlle contento,
por darlle consolo,
trocando en sonrisas
queixiñas e choros.*



Carmen Blanco
(Lugo)

Sorriso verdadeiro


Canto se quero
de verdade
Se quero canto
só riso só riso
verdadeiro

Quen queira me chame
de verdade
quen queira me obriga
de verdade
Cantar cantaréille
de verdade
cada hora
de verdade
de noite e de día
de verdade
por darlle contento
de verdade
só risas só risas
de verdade
por darlle consolo
de verdade
trocando en sonrisas
verdadeiras
queixiñas e choros
de verdade

Canto se quero
sorriso verdadeiro
Si quero

*Buscáime, rapazas,
velliñas, mocíños.
Buscáime antre os robres.
Buscáime antre os millos,*

*nas portas dos ricos,
nas portas dos probes,
que aquestes cantares
a todos responden.*



Vicente Piñeiro
(Lugo)

O VENTO QUE VIÑA

O vento que viña,
co alxibe completo,
cargadiño de auga,
xenio trobador.

Empreñaba as mozas,
mexaba nas pozas,
botando por veces,
líquido amator.

Tirou sete pontes,
encheu sete fontes,
pero namorouse,
e detivo as ás.

Petaba nas portas,
nas portas dos ricos,
nas portas dos probes,
nos barcos do mar.

E díxolle a lúa,
enriba dos montes:
Es un vento lurpio,
cativo ou soán?

Entrando en Galiza,
dela namoreime,
e nela asenteime,
para endexamais.

E oín unha moza,
cantando os Cantares,
e a terra choraba,
oíndoa cantar.

E os cantos dicían,
eu son Rosalía,
meus cantos ventoiño,
ti os podes levar.

E ó alxibe levounos,
e á moza con eles,
e os dous repetían,
un son e un soar:

Buscaime na terra,
buscaime no vento,
onde os cantos soen,
buscaime nos ecos.

Cantade galegos,
velliñas, mocíños,
nos montes, nas chairas,
nos mares, nos ríos.

Buscáime entre os robres,
buscáime entre os millos,
buscaime, buscaime,
levade fouciños.


Buscáime, rapazas,
andade os camiños,
ó petar nas casas,
coidar se hai canciños.

Buscaime no vento,
que dobra na palla,
os raios do sol
e a herba na chaira.

Oíde ós galegos,
ós ricos e ós probes,
que aquestes cantares
a todos responden.

*A todos, que á Virxen
axuda pedín
porque vos console
no voso sufrir;*

*nos vosos tormentos,
nos vosos pesares.
Coidá, que comenso...
Meniñas, ¡Dios diante!*



Erin Moure
(Calgary, Canadá)

In ver no en Ed mo nt on (nie b la)

Mentres acumulan os pesares —
accidentados, acentuados, incrementados
berros crimes
corazóns rotos nos estantes da carnicería

vermellos absortos nun branco mudo
branco cubrindo unha madeira xorda
madeira que non toca o aire cego
sexa que sexa

o minotauro, por minutos, coméndose
e nos ollos dos pensadores mutilados, indignidades
de palabras como panos
paliativos sen efecto porque

os insectos que rastrexan no noso pelo
son eccema pola noite
sonoros pola noite
rápidos pola noite

mentres oio na sombra primeira do día
saía e flota, volve e esvae
na neve dun abrente aínda sen luz
a voz ucraína da miña nai —

*A todos, que á Virxen
axuda pedín
porque vos console
no voso sufrir;*

*nos vosos tormentos,
nos vosos pesares.
Coidá, que comenso...
Meniñas, ¡Dios diante!*

*

Triptófano nos buracos do cérebro. Fala a neve.

Árbore. Froita. Son.

*Decimos Rosalía
i alcéndese un espello
na noite lagarcía*

...


*Decimos Rosalía
i o corazón da matria
sanga na noite fría.*

Celso Emilio Ferreiro

*SANTA DA TERRA,
ti sabes que o ceo non é noso.
Sólo temos o cor i o tempo,
o peso da vida i o certo da morte.*

Uxío Novoneyra

*Nasín cando as prantas nasen
no mes das froles nasín,
nunha alborada mainiña,
nunha alborada de abril.*



Eloi Caldeiro
(Sarria, Lugo)

*Nunha alborada mainiña,
dun febreiro chuvieiro,
cando a nebra baixa esfía,
murmurios do Sar ouvín.*

*Nasín cando as prantas nasen,
antes que agromen sen fin.
Risa, soidade, alegría,
levo sempre canda min.*

*No mes das froles nasín,
co seu arume vivín,
nasín con nome de rosa,
nunha alborada de abril.*

*Por eso me chan Rosa,
mais a do triste sorrir,
con espiñas para todos,
sin ningunha para ti.*



POR ESO ME CHAN ROSA

Manuel Pereira
(Ouzande -A Estrada- Pontevedra)

*Por eso me chan Rosa,
mais a do triste sorrir,
con espiñas para todos,
sin ningunha para ti.*

Ningunha espiña para min,
aínda que para todos haxa.
Sorrís triste, pero nace abril.
Por iso te chamo Rosa.

*Desque te quixen, ingrato,
todo acabou para min,
que eras ti para min todo,
miña gloria e meu vivir.*



Francisco X. Fernández Naval
(Ourense)

RECITAL

A Victoria Álvarez Acón

Ían as voces sementando versos,
palabras núas sobre o anel da chuvia,
transparentes palabras, coma a atmosfera
nipona que envolvía os muros. Vento yamamoto
inverno masafumi auga, as cálidas palabras.
Entón foi o piano, a man,
a espiña en espiral, a rosa, o pentagrama,
Gaos, a música, a voz limpísima debuxando a canción
prendendo na emoción comunal
dos que respiran.

Desde te quixen, ingrato, e alentaba.
Desde me entreguei ás ondas túas
sen nada que che pedir, desde
me dei a escumas que florecen
no tenro mar de pardelas en abril.
Desde. Mais cando te escoitei as queixas
todo acabou para min
que eras ti para min todo
miña gloria e meu vivir.

A que nostalgias me levou
o son harmónico da clara voz que abría
ventos de sol, areas de saudade
no negro chan do meu asombro en sombra?
A que luz de melodía? A que recendo de serán?
A que delirio? Ían os versos, coma avellóns de estío,
desprendidos da voz e das palabras, sementando
soños de aureana e tango.

*¿De qué, pois, te queixas, Mauro?
¿De qué, pois, te queixas, di,
cando sabes que morrera
por te contemplar felís?*



Antom Laia López
(Melide, A Coruña)

DE QUE TE QUEIXAS... ?

*¿De qué, pois, te queixas, Mauro?
de qué, pois, te queixas, di,*

De que te queixas minha prenda,!
que queixa terás ti de mim,
de mim que me acho sonzinha,
de mim nesta espera,
nesta soidade, neste delor?...

De mim que me desfago nas triças deste sol,
de mim nas longas vigias das noites cegas,
de mim nos desesperos dos segundos e das horas,
de mim nos trabalhos e nas seiturias e nos silêncios,
de mim na sombra que sempre me asombra,
de mim nas gretas do vazio que me consomem...?

que aguardas desta mulher nas noites de insônia,
desta mulher que nas raices e no sangue
bate cos olhos contra os frios angustiosos
esperando
esperando
polo alborejar dum amor enverdecido.

Di-me, pois, meu Mauro querido?
de que te queixas, di..
*cando sabes que morrera
por te contemplar felís?*

pois nem eu tenho mais que dar-che
nem ti mais que me pedir.

*Duro cravo me encravaches
con ese teu maldesir,
con ese teu pedir tolo
que non sei qué quer de min.
Pois dinche canto dar puden,
avariciosa de ti.*



Xaquín Agulla
(Pontevedra)

Galiza, muller, esperta!

*Duro cravo me encravaches
con ese teu maldesir,
con ese teu pedir tolo
que non sei qué quer de min.
Pois dinche canto dar poden,
avariciosa de ti.*

Galiza, terra de montes
que non paras de bruír,
Galiza, muller senlleira
que non deixas de xemir!

Choras, ventas, arrecendes
pero xentes axoenlladas
non renuncias a parir.
Cantas, falas e máis bailas,
pero os soños asolagas
e a esperanza é pueril.

Galiza terra de homes
que traballan, que se forman,
que nacen para ser libres;
qué lles dan as túas vacas,
que medran para ser servís?

Galiza, muda eses choros
por verbas de liberdade,
Galiza, muda os enconos
por loita desde a unidade.

Galiza, non es só a historia
apreixada a un carballo,
nin a lenda inamovible
que se agacha neses castros,
nin unha pechada leira,
nin a illa de corsarios.

Mulleres, homes e nenos
son Galiza máis cós castros,
e teñen que saír á rúa
a varrer todo os socalcos
de ladróns e mintireiros,
de políticos suíñeiros,
de altofalantes do ceo,
de reis e máis princesas,
de estafadores de vellos.

*Duro cravo me encravaches
con ese teu maldesir,
con ese teu pedir tolo
que non sei qué quer de min.
Pois dinche canto dar poden,
avariciosa de ti.*

Quen te canta e quen te chora
non é un amigo xogar,
nin o noivo dunha noiva,
nin o mozo dun lugar,
é o espírito dos vellos
loitadores e sangais
irmandiños por millares
que saíron a loitar.

Saíamos á rúa todos,
cada día, no serán,
descravemos eses cravos,
ese malfado, ese dar
silencio por carraxe,
ese eterno calar.

Galiza, muda o teu rostro,
muda o sentir, muda o dar,
eses cravos para eles,
para os que nos fan emigrar,
para os que nos quitan dereitos,
para os que nos expolían,
para os que emporcan o mar.

*O meu corasón che mando
cunha chave para o abrir.
Nin eu teño máis que darche,
nin ti máis que me pedir.*

*Non convén chorar máis.
Ela choróu por todos e pra sempre.
Calemos...
Eu véxote así:
crespós nas estrelas,
ollos abertos de nenos mortos cravados nas salas do pazo.*

Luís Pimentel

*A tristeza rosalián, unha tristeza que na alma de Rosalía son segredos que
rebulen baixo mil formas estrañas. Rosalía síntese consumida e devorada
por eles. O longo atardecer, que en Rosalía é coma unha espera de algo, de
algo que vai a liberar á cantora do peso dos remorsos, da visión das raras
formas dos seus segredos.*

Álvaro Cunqueiro



Adela Rodríguez López & Francisco Javier Pardal Figueiro

*Campanas de bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

I

*Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.*



Xavier Rodríguez Barrio
(Lugo)

*Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.*

Cando vos oio tocar
vellas campás da Mahía
ensoños que o vento fía
fanme de novo alborar.


De novo alborar seriñas
que a saudade nesta calma
fai soar dentro da alma,
¡campaniñas, campaniñas!

A torre, fuso de pedra,
fía que fía na vida,
tece un soño na lucida
desta luzada que medra.

Altas campás do meu canto,
altas como unha roseira
que ilumina a neboeira
destes meus ollos de pranto.

Cando o vento vai calado
sen querer torno a chorar,
campaniñas do soñado
¡quen vos puidera tocar!

*Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.*



Gonzalo Navaza
(Lalín, Pontevedra)

Entre o murmurio das voces
que falan desde a paisaxe
creo sentir o meu nome

e a luz da revelación:
para a dor que non ten cura
trae un bálsamo a canción.

Sons de pretéritas tardes,
na gándara dos silencios
penso que por min chamades

e en vós paréceme oír,
cando de lonxe vos oio,
todas as cousas fluír.

Cantares feitos preguntas
que estremecen as distancias
vindo de sempre ata nunca

a interrogar a memoria.
E das entrañas me doio
cando non acho resposta.

Obra milagres o azar
depositando na tarde
melodías dun cantar.

Dun cantar que vén de antonte
para pintarlle á esperanza
unha estreliña na fronte

coa luz da revelación:
para a dor que non ten cura
trae un bálsamo a canción.

*Dóíome de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
i hoxe teño media vida.*



Antón Reixa
(Vigo, Pontevedra)

Graffiti de melancolía para Amy Winehouse, Otero Pedraio, Lou
Reed, Samuel Beckett ,
Kurt Cobain, Rosalía
Dóíome de dor ferida / que antes tiña vida enteira metade néboa morte,
Amy,
Ramón, Lou, Samuel, Kurt, Rosalía
Onte nunca *i hoxe teño media vida enteira metade*
Poderían aparecer Edith Piaf, Kafka, Meendinho

*Sólo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.*



Antón Fortes Torres
(Sarria, Lugo)

A intriga do esquío

1.

A BOCA murmura na pedra
Da orella
O aviso. Áxil retórcese.
Pola terra alanca o trote do perigo
Que non sentes.
Túa nai, túa irmá, abrázache os ombros;
O seu riso é baleiro.
No madeiro acernado do carballo vello
Senta a infancia
Desprotexida
Sólo medía me deixaron.
Algún día os cabalos. Saberás o que
Che espera.

2.


FLOTA no río a sombra da ponte
Contigo de Cristo no tímpano
De auga.
Baixaches a noite, agatuñando as paredes
Cun cordel no peto,
A navalla e un papel
Coa clave. Ninguén sabía
os que de aló me trouxeron.
O berro matutino da filla percorreu
Os milleirais e o corvo voou
Perseguido por cans policía
Uliscándoches os pasos.
A loucura balizou o camiño vello
De zocos e infancia
Polas brañas.
Os teus ombros mollados soportaron a espera.
A alba puxo brillos nas concas pechadas.
Asido estabas á prata umbilical do medo
Cando alguén berrou *Ali!*
Logo, a calma.

3.

A VULVA da dor crea perlas informes
E nos fosos do corpo supuran fluídos de morfina.
O cheiro pestilente abraza o amor ata afogalo
Mentres se tronzan os membros como pólas secas.
Non esperabas, irmá, o horror suplicante.
Non podías matala, irmá.
Un delirio de voces inconexas subía á mañá
os que de aló me roubaron

Dende a súa boca negra, oh María Salvadora,
Dende a súa longa trenza branca,
Dende os seus ollos vidrosos sen bágoas,
Dende a súa pel, a túa pel, citrina,
Cara a ti, os teus ollos arrasados,
Cara ao teu cabelo subitamente branquexado,
Cara á túa voz implorante
Como unha pregaría penitente.
Mamá, mamá...

*Non me roubaron, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.*



Rosa Méndez Fonte
(Ferrol, A Coruña)

*Non me roubaran, traidores, a maxia
dun trebón falando cos salseiros
de Doniños,
as queirogas que alumean polas penas
de Sartaña
... non me roubaron o sal
que abonda tralas escumas
ardentes na marusía,
nin o eco das das buguinas nas cafurnas
do Vilar*

*... non me roubaron os cabos
que percorren as esteiras
cara o norte,
cinguidos a estrelamares que sorrín
polas noitiñas*

*...
Mais roubáronme o corazón
-ao pairo de sotavento-
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.*

*Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
De pena me consumiron.*



Francisco Álvarez-Koki
(A Garda, Pontevedra)

ROSALÍA POETA DA EMIGRACIÓN

Que os amores xa fuxiron
e nunca mais volveron,
as soidades viñeron,
e tanta dor me deron,
un cravo que me cravaron
desfixo o meu corazón,
de pena me consumiron,
que vai polo vento en pena,
camiño da emigración.
Aí miña xente pena,
Galiza a túa condena,
que en siglos non ten redención.
Galegos de Norde o Sul,
rompede esas cadeas
e volvede en moreas,
a buscar o ceo azul.
A emigración xa foi,
inda e, e sempre será,
como o aguillón do boi
que toda vida ten que penar.
Ninguén nos dará o camiño,
témolo nos que buscar.
Está na fala dos nosos meniños.
Está na música do noso cantar.
Nos teus versos ROSALÍA.
Que nos da forza pra soñar.

II

*Aló pola mañanciña
subo enriba dos outeiros
lixeiña, lixeiriña.*



Xavier Queipo
(Santiago de Compostela, A Coruña)

A pizca de caramelo


I

Foi nos beizos idosos
a pizca de caramelo
ese ollar de terciopelo
que condensa nos acuosos
eses cabelos airosos
esa subtil elegancia
dos cadrís en abundancia
marcando a túa figura
froito todo exhuberancia

II

Subo enriba dos outeiros
baixo logo polas corgas
mestre en todas as esmorgas
Paso o pazo dos ulmeiros
choutando entre dous carreiros
Lixeiriña, lixeiriña
chega a noite onde hei ficar
esperando o teu cantar
aló pola mañanciña
recendo salgado do mar

*Como unha craba lixeira,
para oír das campaniñas
a batalada primeira.*



Arturo Casas
(A Coruña)

a correr
monte arriba *como unha craba lixeira*
vertical constelación de horas e devezo
sobre fondo negro negro
a furar altura o ventre
o ventre arriba máis arriba
e caer de vez a vida foise
sempre máis sempre no pozo cartografado
profundo o chan cen e cen voltas *para oir das campaniñas*
os bronces lentos
os ventos brancos da lúa *a batalada pirmeira*
a sede insaciábel de morrer por vivir
a cova falmagada leite no ceo
miña nai
escoito as maceiras na campa, o sino
a correr escuro
eco en ceno
de seres non ti de seres non ti

*A primeira da alborada,
que me traen os airiños
por me ver máis consolada.*



Manuel Forcadela
(Tomiño, Pontevedra)

DOS AIRIÑOS DA ALBORADA

*A primeira da alborada,
que me traen os airiños
por me ver máis consolada*

Houbo un tempo en que eu chegaba
Desde o beira do camiño das hortensias consumidas
Despois de dar a volta xunto ao campo das cerdeiras
E vía cara atrás cando o sol se proxectaba
Para ollar a miña sombra.
Mais xa non eras ti, que regresaras
Cara ao fondo do fondo dos pozos da memoria
Para alén dos xardíns do esquecemento
Transeúnte
Carretando unha anaconda de tristeza
Un antigo elefante de soidade
E unha chave para abrir as portas todas da conciencia.

Era aínda un mozo gris e aos poucos comprendín
Como pasan as correntes apestadas
Como veñen os misterios vagabundos
Como arden as paixóns dos perseguidos

Era aínda un pozo escuro e de súpeto nonouben
Como darche unha palabra de benvinda
Ou acaso o meu adeus
Miña deusa enfebrecida pola chuvia e polo sol
Miña dona dos misterios e da tarde

Todo canto cantas cantareino tamén eu
Canto pranto chores
Canta risa leves
No baul en que transporte a memoria da túas chagas,
Rosalía no debuxo dunha idade que pasou,
Rosalía no presente que devolve a eternidade.

*Por me ver menos chorosa,
nas súas alas ma traen
rebuldeira e queixumbrosa.*



Toño Núñez
(Navia de Suarna, Lugo)

Ai, Rosalía

*Por me ver menos chorosa,
nas súas alas ma traen
rebuldeira e queixumbrosa.*

Tráenma, que non é miña,
esta sombra que me asombra,
esta sombra tan mesquiña.

Que chega nas mans do vento,
que me afoga o futuro
e me deixa sen alento.

Esta sombra abafante
que me roe nos adentros;
negra sombra de xigante.

De xigante disfrazado
de demócrata decente...
Síntome tan estafado!

Que á xustiza pola man
danme ganas de volver,
ben mo podes crer, irmán.

Irmán en ti, Rosalía,
espello de ollos limpos
onde eu me miraría.

De limpos ollos espello,
onde eu quero mirarme
cun mirar de neno vello.

Pero eu son aquel cativo,
tan apoucado, covarde...
dono de berro furtivo.

Coma ti quero berrar
polos montes, polos vales,
que nos están a roubar.

Róubannos a dignidade,
os dereitos máis fulcrais...
a utopía da igualdade.

Dóime de dor ferida;
teñen corazón de ferro
e conciencia pervertida.

Deseñan leis inmorais,
corrompen ata as palabras,
humillan os seus iguais.

Pero confésanse crentes,
rezan oracións de aceiro;
oracións incoherentes.

Mais o sol cólleno todo,
a choiva quérena enteira...
Eu comprendelos non podo.

Non podo senón berrar,
berrar para oídos xordos;
berrar no medio do mar.

Náufrago de ti, señora,
berro fondo de impotencia,
berro de neno que chora.

Por me ver menos choroso
escoito o son das campás
rebuldeiro e xeneroso.

Un son nobre, un son certo,
no que escoito a túa voz,
e fai que te sinta perto.

E forzas novas me dás
para berrar o meu berro
ó son das túas campás:

Sodes fillos do averno:
negrura e sempre negrura,
inverno e sempre inverno.

*Queixumbrosa e retembrando
por antre a verde espesura,
por antre o verde arborado.*



Domingo Tabuyo
(Pontevedra)

Rosalía

Chegas como a néboa morna
que vai subindo do río
queixumbrosa e retembrando
entre os croios do camiño.
Como os outonos feridos
de tantas fondas partidas,
quedan ronseis da estadia
por antre a verde espesura,
pola congostra dos prados,
deixando caricias húmidas
por antre o verde arborado.

*E pola verde pradeira,
por riba da veiga llana,
rebuldeira e rebuldeira.*



Medos Romero
(Somedes -As Pontes- A Coruña)

RÉQUIEM POR UN HOME

Por riba da veiga llana só transita o azor,
sobre dunha violácea estampa
de árbores espidas, seixos purísimos,
e unha frouma roiba cuberta de humedén.
E pola verde pradeira cifra
un silencio enfermizo, unha soidade extrema,
onde a remuiños o ar acomete na herba até o castigo,
até a secura da raíz mesma, até unha dor insistente que queima
coma un lume de luz. *Rebuldeira e rebuldeira* cae na pel da tarde,
de cando en cando, unha raiola longa, morna, vertical.
Xorde nun salto breve a cerva nova
facendo carreiro, enérxica e vital,
aquí onde a vida continúa a ser
e a terra paciente agarda o gutural salouco dun home,
do domador incansable da cerna,
do soñador das larganzas máis libres,
aquel que soubo descifrar a linguaxe dos animais
e enxertar nas árbores todo o noso amor,
o que fuxiu para non volver,
aquel que dibuxou na xeografía
da pedra o noso pranto secular, hoxe cinza,
soño, memoria.

Aí fica o río e a súa procura, aí o home
hoxe ao seu pé. Aí a vella campá rouca
neste cadaval de sombras. Aí un cadaleito.
Aí unha profunda ferida!

III

*Paseniño, paseniño,
vou pola tarde calada
de Bastabales camiño.*



Alexandre Nerium
(Fisterra, A Coruña)

*Paseniño, paseniño
vou pola tarde calada
de Bastabales camiño.*

Ouzo o silencio azul precipitarse
contra as contras destas ventás batentes
que agochan o murmurio das rompentes
que saloucan co sal que vén de arfarse.

Por navegar sen luz, sotaventarse.
Calar non ten deriva. Ontes latentes
a desangrar nordés, contracorrentes,
a desoír fuxidas, a enfisgarse.

Mareas brancas, verdes, violetas,
cobren de brión o ceo, de neve as rúas,
van vogando, á augatinta, paseniño.

O mar é seu e o ventre das bucetas.
Rosalía soíña encheu de lúas
do mar a Bastabales o camiño.

*Camiño do meu contento;
i en tanto o sol non se esconde,
nunha pedriña me sento.*



Román Raña
(Vigo, Pontevedra)

A INVISIBILIDADE DO VENTO
ACENDE O CORAZÓN

*Camiño do meu contento;
i en tanto o sol non se esconde,
nunha pedriña me sento,*
pedra sen como nen onde
dentro dos meus pensamentos.
Ten máis amor esta sede
cando me envolven os ventos,
sede branca en que n'existo,
fame doce en que me deito.
E en tanto o sol nos deslumbra
nos ollos teus e no alento,
toda a luz arde nos ombros
nunha faísca e nun verso.
Ten máis amor esta tarde,
ten máis dozura este inferno,
cando na sede te abrazo
cando nos labios é inverno.

*E sentada estou mirando
cómo a lúa vai saíndo,
cómo o sol se vai deitando.*



Anxo Angueira
(Manselle -Dodro- A Coruña)

*E sentada estou mirando
cómo a lúa vai saíndo,
cómo o sol se vai deitando.*

E poñámo-la túa soidade.
E poñámo-la miña.
Poñamos que estivadas e mais cinza,
tampouco charamuscas derradeiras.
Escribo que entre os dous está entrando
unha maré de vento e fume infinda.
Acórdasme e sentada estou mirando
o ermo mouro e aínda así un ronsel
acabado. Asfixiada como a lúa,
vai saíndo da miña boca morta
un círculo sen pousos, claustrofobia.
Quero acabar.
Non veremos nada.
Pero ti, como o sol se vai deitando.

*Cál se deita, cál se esconde
mentras tanto corre a lúa
sin saberse para dónde.*



Miguel Sande
(Pastoriza -Arteixo- A Coruña)

EN MEMORIA DA POETA MAI

Non sei ben se morreu mamá, ás veces é como se non estivera certo,
total antes xa case que nunca a vía. Non hai realmente ningunha
diferenza.

.....

A casa dos pais vaise derrubando dentro de ti cada día, nóvalo
porque as palabras van deshabitando as horas nese interior.
Sentes que a casa dos pais ten de cada vez máis sombras
con eles dentro -da casa e de ti-
sen que saiban, ou si, das paredes húmidas dese silencio,
pero nós agora chamámoslle preguiza, se queres, aínda que quede
[baleira
a metade final deste verso.

.....

En realidade os meus pais comezaron a morrer cando fun
esquecendo precisamente o seu número de teléfono. Primeiro foi
empequenecendo a casa segundo ía sumando máis e máis
quilómetros ata case que desaparecer coma os díxitos do teléfono
móbil de papá.

Xa unicamente son o que queda de min no iPhone, nos correos
electrónicos, neste maldito coche; unha vida case que virtual. Non
semella certa. É como se tamén estivera morto. Xa. Aos mortos
tamén lles quedan por un tempo estes mesmos sinais.

.....

E sei, o calafrio que despeza os segredos todos que agacha cada
[unha das
palabras;
as súas estillas,
pura necesidade de enterrar o poema
agora
no aire

.....

*Cál se deita, cál se esconde / mentras tanto corre a lúa / sin saberse para
dónde.*

*Para dónde vai tan soia,
sin que aos tristes que a miramos
nin nos fale, nin nos oia.*



María Xosé Lamas
(Vilalba, Lugo)

PREGO Á LÚA DE INVERNO

Na noite fría e escura
de xaneiro,
prego pola luz da lúa
deste inverno.

Unha estación sen fin na que derrama
o tempo as súas choivas máis acedas
sobre a pel balorenta, sen dar tregua,
dos eidos largacíos, por vinganza.
Augas fétidas e podres,
augas negras,
o xurro das mentes pobres
sen conciencia.

Nunha estación sen fin na que, enganado,
o pobo só se move por inercia;
agochado en abrigos e cavernas,
maldice, mais non sae do burato.

Na noite fría e pechada
vexo a lúa
saíndo ás agochadas
case núa.

E busco entre os seus raios prateados
aqueles cos que escoite o meu prego;
a miña voz ferida, aínda en eco,
pregunta sen resposta co seu laio...
Para dónde vai tan soia,
sen que aos tristes que a miramos
nin nos fale, nin nos oia.


Para onde vai agora,
sen que aos tristes que agardamos
dea resposta...?

Na noite, escura e fría,
sen abeiro,
convoco á rebeldía
neste inferno.

Convoco ás consciencias de mil séculos
á loita pola vida e a esperanza,
esquecendo derrotas e ameazas
do poder corrompido polo credo
dunha doutrina sagrada
que desterra
toda idea profana
que sosteña;
por un devir distinto para o mundo,
sen teimas de gobernos que mal manden
con leis vellas futuros que se expanden
polas gretas xurdidas do profundo.

Conxugados nesta xeira,
todos xuntos,
defendamos unha vida
en conxunto;
Que a lúa nos achegue novas verbas
de alento que nos xungan nunha tribo,
e así partillando o mesmo sino
consigamos parar esta desfeita.

*Que si oíra e nos falara,
moitas cousas lle dixera,
moitas cousas lle cantara.*



Pura Salceda
(Cidade de México, México)

Retrato aparente, muller-espello
soidade dunha voz
silveira acontecida
nas murmuracións
dunha patria daquela sen nome,
hoxe patria suicida,
que non sinala os seus profetas
coa marca dos primoxénitos.

Escoitade irmáns:
virá o arcanxo da morte
e atoparanos durmindo.

Invocámoste luz da noite
furia rebelada
en cada palabra resucitando [malia todo, resucitando]
ladaíña salvadora.

Fieis fillos da Lúa,
que si oíra e nos falara,
moitas cousas lle dixera,
moitas cousas lle cantara.

IV

*Cada estrela, o seu diamante;
cada nube, branca pruma;
triste a lúa marcha diante.*



Eva Veiga
(Ombre -Pontedeume- A Coruña)

Na selva do pranto e da magnolia
tiñas dedos de vento
e foron caendo na conciencia plena
os insólitos velames
*-cada estrela, o seu diamante;
cada nube, branca pruma-.*
Onde, onde era o camiño da noite?
Preguntamos aferrados
a un sortilexio de claror.
Triste a lúa marcha diante.

*Diante marcha crarexando
veigas, prados, montes, ríos,
donde o día vai faltando.*



Lino Braxe
(Mugardos, A Coruña)

PAZ ROSALIANA

Non penso en que me derrumbo.

Por iso, permanezo inerte
fronte á consumación
da túa ausencia.

*Diante marcha crarexando
veigas, prados, montes, ríos,
donde o día vai faltando.*

*Falta o día, e noite escura
baixa, baixa, pouco a pouco,
por montañas de verdura.*



Mónica Bar
(Vigo, Pontevedra)

Mulleres de negra sombra

Aterran vultos escuros na beiramar
avanzan sen présa, de caza, que ironía
as mulleres de negra-sombra.

Sereas envoltas de madrugada
carrexando o seu corpo alleo
ai mamasita, non podo máis.

Soñou con regresar alén dos mares
pobriña da tola, virando ao leste
de si mesma, en pegadas retráctiles.

Varada sobre un capó de baixa gama
agárdalle o noxo, o medo e o frío
e despois o lavado dunha cunca de auga.

Perdeu da fronte aquela estrela
nunca saldará a débeda, ou saltar
ou seguir lambendo as cadeas.

*Falta o día, e noite escura
baixa, baixa, pouco a pouco,
por montañas de verdura.*

*De verdura e de follaxe,
salpicada de fontañas
baixo a sombra do ramaxe.*



Xavier Lama
(Santa Euxea -Guntín- Lugo)

O PARQUE DOS ANXOS VEXETAIS

Nun caderno manchado pola indiferenza do tempo
e por palabras vagabundas
que anuncian o incumprimento dos desexos
aparece este fragmento dun poema:
*De verdura e de follaxe,
salpicada de fontañas
baixo a sombra do ramaxe.*

Son versos de Rosalía e a través da fiestra
vexo o parque embalsamado de orquídeas
que se ilumina baixo o voo colonial
dalgún corvo.

Anxos vexetais con mandíbula de rocha
permiten que agromen neles
tardes insistentes para os nenos que xogan
a seren banqueiros suicidas.

Baixo a sombra velenosa da ramaxe
descubrín que os teus cabelos son árbores
aquel día no que a ti, meu amor, che naceron
mazás nas orellas
e fresas salvaxes na mirada.

Agora a primavera é unha serpe tentadora
e ben sei que os sorrisos dos paseantes
expulsan paxaros invisibles, incubados na alma.
Eu agárdoos cuns grans de trigo na man
por se queren cegarme coa súa pureza.

*Do ramaxe donde cantan
paxariños piadores
que ca aurora se levantan.*



X. H. Rivadulla Corcón
(A Coruña)

FEIXE DE VERSOS ALIMENTO ROSALÍA

*Do ramaxe donde cantan
paxariños piadores,*

que ca aurora se levantan saen sons que o vento leva e van tecendo melodías cos fíos das nubes como as panilleiras tecen cos fíos os encaixes e os dedos invisibles do vento van enredando os fíos das nubes para facer un pano onde gardar debemos todos os teus versos, versos tamén como fariña de millo e trigo para facer un boliño de pan que nos alimente.

*Do ramaxe donde cantan
paxariños piadores,*

que ca aurora se levantan voan os seus cantos a sobrevoar os cantís para penetrar no mar. Cantos que no mar se fan peixes e ás profundidades baixan e peixiños son que se enredan nas redes dos trasmallos ou quedan nos anzois dos palangres, e os mariñeiros traen a pesca a terra, e toda cesta de peixe é na ribeira un feixiño de versos teus e os vesos alimentan como os peixes nos alimentan.

*Do ramaxe donde cantan
paxariños piadores*

que ca aurora se levantan os seus cantos chegan aos eidos que as mulleres e os homes traballan con esforzo e arrincan as patacas, as verduras, e da terra nacen tamén os versos teus que os labregos arrincan na colleita e os versos alimentan.

Son os feixes dos teus versos o pan e o peixe, o caldo e o viño que alimentan aos homes e mulleres desta terra.

Fértil alimento, fértil canto, fértil son da ramaxe e os paxariños piadores anunciando o futuro noso.

*Que ca noite se adormecen
para que canten os grilos
que as sombras aparecen.*



Concha Rousia
(Covas -Os Brancos- Ourense)

OS GRILOS

*Que ca noite se adormecen
para que canten os grilos
que as sombras aparecen.*

Os grilos eram grandes bois mansos
nas brincadeiras da infância

Não, ainda não tinha descoberto Rosalia
nem tinha descoberto a poesia

Depois que descobri escrevi:

Insiste o grilo
em partilhar seu canto
e não escutas

Atávamo-los com uma palha seca
molhada na fontela para que ficasse macia

Hoje pergunto-me se aquilo seria crueldade
lembro que quando soltávamos os grilos
fugiam e se metiam no seu buraquinho na terra

Hoje os grilos já não cantam
Hoje já nem há grilos, nem buraquinho na terra

Hoje se eles cantassem seria puro pranto

De desespero por não poder descansar
nesta noite sem final: longa e de pedra

Pobres grilos, cansaram de tanto cantar...

V

*Corre o vento, o río pasa.
Corren nubes, nubes corren
camiño da miña casa.*



Manuel Outeiriño
(Ourense)

Colaxe

Corre o vento, o río pasa.

Aquele grande río Eufrates

Somos verdadeiramente pessoas seguras de si

Só duvidam um pouco de si aqueles a quem

Já tu senhor pedista alguma vez alguém

O nosso deus é um deus ofendido

corren nubes, nubes corren

camino da miña casa.

Que otro se preocupe de los osarios...

El mundo

tiene un color desnudo de manzana: los ríos

arrastran un caudal de medallas silvestres

y en todas partes vive Rosalía la dulce

y Juan el compañero...

*Miña casa, meu abrigo;
vanse todos, eu me quedo
sin compañía nin amigo.*



Henrique Rabuñal
(Arteixo, A Coruña)

*Miña casa, meu abrigo;
vanse todos, eu me quedo
sin compañía nin amigo.*

Charamuza da alta noite
boquexando, entre sombras
estéril que a alma loite.

Libros e silencios ligo
apalpo a dor, a memoria
sen amor, adiante sigo.

Ningún le o meu queixume
ningunha voz, nin auxilio
o pasado arde no lume.

Pedín “a luz afastade”
escoitei o corazón
no reino da soidade.

Negra muxica é a cor
desta vida opaca e vouga
entre os abalos da dor.

*Miña casa, meu abrigo;
vanse todos, eu me quedo
sin compañía nin amigo.*

*Eu me quedo contemplando
as laradas das casiñas
por quen vivo suspirando.*



Antón Dobao
(Lugo)

Canto

Que teño ao meu redor un pano
de estrelas e sombra fina de negro alento
e unha lúa de corredores e ventás
sen luz
o sol
arrubiado nun acceso de digna memoria
coma se o tempo quedase namorado da auga
e os incendios
as laradas das casiñas
que nos acubillan co seu aire amargue
abrázannos con arfar conxelado e mirada turbia
olorosamente mortal
mirada inaccesible e suplicante
sempre insensible

na noite
porque se fai noite coma niño de nespras
eu me quedo contemplando
como pasan as coitelas
como nos abren lazo entre auroras odiadas e cartas virtuais
desangradas sobre as mesas
a terra estarrece na noite coma un longo libro de contas
e eu albisco a fronteira doutra terra sen nome
a arquitectura dun rostro humano
os nomes os nomes os rostros
e canto
canto por quen vive
por quen vivo eu suspirando
por quen vivo suspirando
por quen vivo

*Ven a noite..., morre o día,
as campanas tocan lonxe
o tocar da Ave María.*



Marga do Val
(Vigo, Pontevedra)

*Elas tocan pra que rece;
eu non rezo, que os saloucos
afogándose parece
que por min tén que rezar.*



Xosé M. Millán Otero
(Beluso -Bueu- Pontevedra)

NOCTURNO PARA ROSALÍA

Que por min tén que rezar
a rosa e a cotovía,
a pedra fría do lar
e unha patria estremecida.

Sobre os ermos bate a cinza
que *afogándome parece*
río avolto de silencios
nunha gorxa que enmudece.

Trae a noite laios roucos
de pregaría ou profecía;
eu non rezo, que os saloucos
son campás de despedida.

Foxe o tempo, renxe a terra,
e cando a lúa esmorece,
ao lonxe, desde outra vida,
elas tocan pra que rece.

*Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

*Eiquí a teño, a carón, outra vegada; iste día é santiagués a rabiarse, coa
choiva pandeireándose no pariaugas; eiquí, está no seu mármore,
sorrindo, pensando, entre a boira dun escampe e as camelias, con todas as
tulipas xa acesas. Eiquí, sorrindo, pensando...*

Eduardo Blanco-Amor

*Recordaba que también llovía en los libros de Rosalía de Castro, y soplaban
un viento interminable "que es tal vez el que siembra ese germen lunático
que hace distintos y amorosos a tantos gallegos"*

Gabriel García Márquez

*Pombiña de vidro frío,
na sombra da noite longa,
sin galos de amor nin río.*

*agora o cuco de abril,
en qué altos amieiros
cucará abríles sin fin?*

Aquilino Iglesias Alvariño



*Adiós, ríos; adiós, fontes;
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos;
non sei cándoo nos veremos.*

*Miña terra, miña terra,
terra donde me eu criéi,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei,*




Branca Vilela
(A Coruña)

*Miña terra, miña terra,
terra donde me eu criéi,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei,*

durmo nun leito de bágoas
na sombra das augas
O mar rulame no peito
e sinto lonxe os bicos
da terra que arei.
Adeus meus frondosos montes
onde brilaba o suspiro
dos paxariños na man dun neno
deixo na lareira os contos
das longas noites de inverno
Adeus a terra que tiven escorrendo
e sinto na gorxa a choiva
dos namorados o decir adeus.
Adeus, mares, adeus...
Levo vosa cor nos ollos
e voso son nas mans.

*prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña do meu contento,*



Begoña Paz
(A Coruña)

NATUREZA DO RUÍDO

E el cantaruxou na miña pel uns versos.

E eu bebín dos seus *prados, ríos, arboredas* todas
muxín entre as súas coxas os *pinares que move o vento*
e houbo remuíño, lóstrego, fervenza, latexo
paxariños piadores, / casiña do meu contento.

Logo, o de sempre.

[panorama de cantís
balloada de silencios
castreliños xeadores
Nordés a roncar no outeiro]

Fed up with Campoland

*muíño dos catañares,
noites craras de luar,
campaniñas trimbadoras
da igrexiña do lugar,*



Miro Villar
(Cee, A Coruña)

A música do badalo de Toba

*noites craras de luar,
muíño dos castañares,
campaniñas timbradoras
da igrexiña do lugar,*

Já ouvi doze vezes dar a hora


no reloxo da igrexa que hai en Toba,
música de badalo que enche a alcoba
e que estará comigo nesta aurora.

Non entendo o porqué desta demora,
de non saber de ti nin unha nova
mais non hai deste cuarto quen me mova
nin quero espreguizar polo de agora.

Prefiro apodrentar de sede e fame,
só desexo e cobizo un apetito:
ter o teu corpo espido a carón miña.

Retornar de contado ao lento exame
escoitando o tremor máis inaudito,
trabexando con forza cada liña.

*amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
¡adiós, para sempre adiós!*



Pablo Bouza
(Fene, A Coruña)

BIOGRAFÍA DO DESENGANO

Tentei construír a historia da miña vida
con piares de versos,
e urdir alicerces convictos de esperanza.
Repasei o inventario de cicatrices
que estiñan no meu peito
arfadas coma espirais,
coma o doce sabor
de *amoriñas das silveiras*,
coma o sosegado latexar
do teu corazón no estertor da alba;
a calor que deixa o teu corpo na fuxida,
os agres beixos que medran neses labios
que eu lle daba ó meu amor.

E naceron os fillos e con eles
un afiuzado ronsel de soños,
un reflectirse nos seus anceios;
camiñar entre a dúbida e o desexo
de dar máis do que un posúe,
de chegar con dignidade ao final:
percorrer na paisaxe que deixa o abandono
caminiños antre o millo.

E o pai marchou,
o corazón non tivo nunca máis acougo,
as hedras cubriron as últimas
pedras da casa, e a memoria
deixou de ser unha agra erna
para ser o devezo sedento da sombra;
látego da carraxe devastadora do tempo.

E non puiden esquecerse,
-tal vez compartirse-
sufrir co sabor do sacrificio,
mudar o compás do corazón
e preguntarme se recordarás
todos aqueles momentos que eu lembro,
se terás valor dabondo
para maldicir eses anos baixo o mesmo teito,
para escribir con xiz na pizarra da neveira:
¡adiós, para sempre adiós!...

*¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!
¡Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conoso
por un mundo que non vin!*



Xoán Carlos Domínguez Albarte
(Escudeiros -Ramirás- Ourense)

“Espiñas na vista dos meus ollos”

Para toda a mocidade galega
desterrada.

Pouco a pouco foron facéndose donas
coma quen non quere a cousa
moi devagar
unha caricia envolvente no ar
de asfixia.

A fariña da fartura do pan
que enche a boca
do sabor propio
levada en auga limpa de levada
sen levantar poeira.

Sen tempo sequera a enviuar
sen ter
máis tarde cabelos brancos
o único destino
marcharen
é a súa obriga irremediábel.

A terra hai moito tempo que non dá
fillos nin dá pan.

Na falla de dentes
de leite
a codela e o miolo amolece
balorenta na lembranza verde
dunha terra erma
sen semente.

Silveiras soben silandeiras
polas paredes esborralladas
da desposesión

sen identidade

que non produce
pan nin é quen
máis ca de lles regañar os dentes
sen forza

aos culpábeis

de tanto adeus
de tanta desesperanza.

¡Adiós, gloria! ¡Adiós, contento!
¡Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conoso
por un mundo que non vin!

*Deixo amigos por estraños,
deixo a veiga polo mar,
deixo, en fin, canto ben quero...
¡Quén pudera non o deixar...!*



François Davo
(Le Mans, Francia)

eu son dos que ao dormiren nacen
e sempre ao soñar se van
e das que se perden e esquecen
o sentido da infamia
cun ferro nun ombreiro -

deixo amigos por estraños
e o estraño devén amizade

son da estirpe das que ao soñaren voltan
e deveñen
nun acordar
ao inédito

deixo a veiga polo mar
e adopto a paciencia dos cons
amor a erosión que non me desgasta

deixo en fin canto ben quero
ignoro o meu reino de ausencia
e abdico do meu corpo
inauguro o que me inventa
e non quero ben
agás
o que me convida

quen pudera mudar sen traizoar
quen pudera non deixar...
o animal-totem de seu nunha aperta
e partir como se fose un nobre oficio antigo
diluirse e
esmiuzándose nacer
como nacer é soñar
como nacer é sempre
navegar

*Mais son probe e, ¡mal pecado!,
a miña terra n'é miña,
que hastra lle dan de prestado
a beira por que camiña
ó que nacéu desdichado.*



Marta Dacosta
(Vigo, Pontevedra)

Malpocada

dona só do seu traballo
das horas e da suor
da roupa por remendar
do lavadoiro, o clareo
do xabón e da auga fría

dona só do seu traballo
por un salario vendido
por un contrato precario
que non contén nin palabra
dos insultos, das mentiras

nin das horas non cobradas
nin do receo ou a náusea
cristais contra o ventre irto
para que sen dar aviso
a porta xa non se abra

nin xornada, nin salario
unha axuda miserábel
expulsada da túa casa
condenada a mendigar
até un anaco de pan

*Mais son probe e, ¡mal pecado!,
a miña terra n'é miña,
que hastra lle dan de prestado
a beira por que camiña
ó que nacéu desdichado.*

e agora que nada teño
e que nada xa me ampara
unha gadaña tomara
para xustiza lles dar
aos que nos queren quitar

os direitos, a esperança
o acougo, a dignidade
a memória e até a vida

pois todo deve cambiar
outro futuro ha chegar!

*Téñovos, pois, que deixar,
hortiña que tanto améi,
fogueiriña do meu lar,
arboriños que prantéi,
fontiña do cabañar.*



Raúl Gómez Pato
(Ourense)

Desterro

O desterro semella un verso inconcluso, dixo ela.
Non podía mover a cabeza
pois permanecía petrificada no serán,
coa vista cravada como unha árbore nun outeiro ermo.
Fomos nós, as mulleres, e foron elas, as bestas,
as que nos recoñocimos agardando
pola derrota inesperada.
Os homes maduraran
recollendo as augas dos ríos,
transportándoas coas mans
ás presadas cara o océano.
Non daban feito con tanta angueira.
Pero elas marcharon camiñando
coas súas pernas de madeira
fuxindo coa fame entre os dentes
como quen afía o gume
dun coitelo de aceiro,
detritus do inservíbel que non alimenta.
*Téñovos, pois, que deixar,
hortiña que tanto amei,
fogueiriña do meu lar,
arboriños que prantéi,
fontiña do cabañar.*
Non choraba porque os coios
non sofren a forza da gravidade
cando tamén son de granito as estatuas.
Os bustos das almas mortas non falan,
recordou ela.
Aínda agora escoitamos as súas palabras.
Con todo ela rumiaba
nas fontes as últimas sílabas,
coñecedora do destino dos seus
polos derradeiros mapas
que os agrimensores non saben hoxe descifrar.
As searas sempre ficarán sen delimitar
porque dos mortos son os silencios,
eles non devolven nunca o saúdo, afirmaba.
Non choraba.

Con cada paso saloucaba as pausas
que agora nos resoan nos oídos;
algúns, para a nosa desgraza,
mesmo se manterían xordos.

*Adiós, adiós, que me vou,
herbiñas do camposanto
donde meu pai se enterróu,
herbiñas que biquei tanto,
terra que vos criou.*



Serxio Iglesias
(Bos Aires, Arxentina)

Adiós, adiós que me vou...

ven

acariñame aínda

e dime que deixaches na casanova de vilastose

no concello de muxía

acariñame e cóntame quen era o teu mozo

fálame da festa do socorro

dos camiños calados da flor dun día

dime quen che levou ao porto da coruña

para embarcares no yapeyú

fálame do avó

da guerra de áfrica da pulmonía

dos anos de loito do seu tempo en cuba

herbiñas do camposanto,

donde meu pai se enterróu

herbiñas que biquei tanto

bícame aínda

dime que descubriches en belgrano na casa de tío cholo

nas rúas de avellaneda nos veráns de mar del plata

fálame do hotel sardi e dos croupiers do casino

das reviravoltas do traballo do sol de buenos aires


cóntame que facías os domingos

acariñame aínda co teu amor maino

dime nai por que voltamos

terriña que nos criou

*Adiós, Virxe da Asunción,
branca como un serafín:
lévovos no corasón;
pedídelles a Dios por min,
miña Virxe da Asunción.*



Asun Estévez
(Bueu, Pontevedra)

SÍNTOTE

Síntote, dende a raíz ata a flor,
cando como o vento te achegas
e me abaneas.

Síntote, agora e despois,
no pretérito e no presente desta terra
que vive en nós,
coma unha árbore calcinada
pola ferida do tempo.

Síntote, dende os pés a caluga,
dende o soto ao faiado das entrañas.

E cóllesme da man
e lévasme a nenez

da que nunca te fuches,
da que nunca me vou.

E síntote cando me falas,
cando ves a min
rebulindo na alborada.

Síntote amiga miña,
cando me ris,

cando me cantas...

Adiós, Virxe da Asunción,

branca como un serafín:

lévovos no corasón;


pedídlle a Dios por min,

miña Virxe da Asunción.

Ancorada no meu peito,
latindo en cada palabra.

Canta Rosalía, canta,
que brille a nosa fala.

*Xa se oien lonxe, moi lonxe,
as campanas do Pomar;
para min, ¡ai!, coitadiño,
nunca máis han de tocar.*



Eli Ríos
(Londres, Reino Unido)

O meco levounas onte
para a ermida do Vilar
Que falta de sentidiño!
Quen as ha de ir rescatar?

Tanguen, agora, no monte
as campanas do pomar
Repicando, velaíño,
o badalo alegre no ar.

Manueliña, prende o coche,
vai ao Courel a todo dar.
Latricalles paseniño
e pídelles por voltar.
Explicalles o calote
de quen só quere brincar
e a dor porque, meu santiño!,
nunca máis han tocar.

E se alí o meco non te oe,
átalle os pés no lagar.
Para min, aí!, coitadiño,
sería o mellor vingar.

A mesma menciña onde doe
para o que quere roubar,
vilán como un murmuriño,
os sons deste noso lar.

Non traías, neniña, o remolque
sen os sinos do pomar
ou morrerei, vagariño,
cando te vexa chegar.

xa se oien lonxe, moi lonxe
as campanas do pomar,
para min, aí!, ben clariño
máis unha vez han tocar...

*Xa se oien lonxe, máis lonxe...
Cada balada é un dolor;
voume soio, sin arrimo...
Miña terra, ¡adiós!, ¡adiós!*




Lino García Salgado
(Baltar -A Pastoriza- Lugo)

Xa se oien lonxe, máis lonxe...
ás camelias fondeando no silencio
nesta néboa de pedra derruída.

Cada balada é un dolor;
cada paso
unha podremia apoderándose dos corpos
cavilando un final que nunca chega
sangrando para dentro secretos,
visibles auras berrándolle
aos que xa se foron
polo mesmo camiño,
voume soio, sin arrimo...
aínda sen marchar
son fillo por igual
deste enxeño de tristura
son anaco de auga escapando
polos vértices do imposible lamento.
Aínda o corpo
atado aos terróns
ás vértebras do presente
nega os húmidos cantos das lavandeiras
e abraza ás silvas da primavera
bule na transparencia da dor.
Xa fai días, tantos como memoria, que me fun
de sempre.
Miña terra, adios!, adios!

*Adiós tamén, queridiña...!
¡Adiós, por sempre quizáis...!
Dígoche este adiós chorando
desde a beiríña do mar.*



Rafael Lema
(Ponte do Porto, A Coruña)

ROSA-LÍA VERSOS EN MUXÍA

Rosa lía nas ondas
a cadencia duns versos
sen memoria dos meses que xa foron,
desprovistos de todo,
espídos dunha ansia de medrar.
Unha parella procura entre as pedras
a pedra onde fican os amores,
amarrados a palabras de despois,
a laios de mozos na partida
do país e da fame.
Voces presas, vento nos labios, en bicos
dados sempre a destempo,
sen medida.
A moza baixa os ollos,
apreixando nas súas as mans del.
E Rosalía soña
cunha filla do mar,
o romance da dona reclamando o amigo.
Adiós tamén, queridaña!
Adiós por sempre quizás!

O recordo das tardes en Santiago chega:
as mesas do liceo, o xornal, os libros,
os amigos, as músicas e Heine;
atravesados lieder
no resón das noites e das mañáns frías.
Santiago da chuva espaxada a badaladas,
pegadas de borralla e de salmoira.
Pasou o verán pola ribeira, as febres de Muxía;
a memoria do xeo moe as moucas
dun sol esmorecente, en retirada.
Alá vai o barqueiro, vai sen ela,
a rosa fica na terra da esperanza,
a rosa da nación, brava semente.
Alá, no mar levado, a tumba
revestida de fontes e loureiros,
santuarios de evas e de xanas.

A santa mandando unha gavela
de salvaxes lobos e de alanos feros
espantou ós normandos, ós ingleses.
A Virxe da Barca vela polos homes:
o navegante, o soldado, o caudel irto,
mais só mulleres entran e saen do seu templo,
mais só mulleres acudiron a Cristo no Calvario;
unha delas dalle á cruz as costas
e fita o mar revolto.
Non ve ningunha barca,
foi sen ela o barqueiro.
Algún día abrialle a súa man
na procura da onza
e nada vai caer da palma dela,
acaso unha flor armada polos sonhos,
invisible a falsos e profetas.
Nada leva nas mans, nada nos ollos pousa,
só un bater de as nese peito de cinza
en movemento,
pioga dun maldito deus que leva os barcos.
Un monllo de rosas, o sol,
no remate da chaira;
vixiante no trono, tronos manda.
Rosalía desanda a brea ao santuario,
alá fican as sombras, na pedra dos amantes,
os verdes solpores coas amigas.

*Dígoche este adios chorando
desde a beiriña do mar*

as portas da morte van embora
e un cartafol de cantigas
no regazo.

*Non me olvides, queridiña,
si morro, de soidás...
Tantas légoas mar adentro...
¡Miña casaña!, ¡meu lar!*



Ánxela Gracián
(Gracián -Castroverde- Lugo)

“-Que me vas traer de regalo?
-Heiche traer un Furasebes, un Saltaparedes,
un Corretasdeles e
unhas botas de sete leguas
para correr atrás de todos eles.”
Dito popular da provincia de Lugo
cando os nenos e nenas pediamos un regalo.

Unha vez tiven un Saltaparedes

Unha vez tiven un Saltaparedes
fillo dun Saltaparedes
e pai dun Saltaparedes,
neto, bisneto e tatataraneto dun Saltaparedes
pequeno coma todos os Saltaparedes,
e con fendas nos ollos
para gardar as estrelas da noite.
O meu Saltaparedes é tan pequeno
que me cabe riba do dedo dunha man.
Aínda que non poidades velo
el mira para vós
cos seus ollos pequenos
na súa cabeza pequena
no seu corpo pequeno.
No meu Saltaparedes todo é pequeno,
agás as pernas,
porque o meu Saltaparedes é todo pernas.
Un día abrín a man
para comprender como era de certo
a fisonomía do meu Saltaparedes.
-Pero se aí non hai nada -díxome a xente.
Aloumiñei o meu Saltaparedes
para que non se ofendese por igualalo co nada.
El sorriu contento por ser o meu Saltaparedes.
Hoxe sei que ao meu Saltaparedes
lle abundaba como recompensa
arrincar faíscas de alegría nos meus ollos,
porque o meu Saltaparedes,
coma todos os Saltaparedes,
vive da ilusión de ser un Saltaparedes,

aínda que a xente diga
que os Saltaparedes non son nada.
Porque os Saltaparedes,
sen ser nada,
coas súas patas tan longas
poden saltar todas as paredes.
Unha vez tiveron un Saltaparedes,
fillo dun Saltaparedes,
e pai dun Saltaparedes,
neto, bisneto e tatataraneto dun Saltaparedes,
pequeno coma todos os Saltaparedes,
e con fendas nos ollos
para gardar as estrelas da noite.
Pero o meu Saltaparedes
ten unhas pernas tan longas
que un día empolicou nas paredes
que pechan o noso vilar de nove casas de granito
e marchou de viaxe.
Antes de partir
faloume á orela:
Non me olvides, queridíña,
si morro, de soidás...
Tantas légoas mar adentro...
¡Miña casíña!, ¡meu lar!

*Galicia deitada e queda
transida de tristes herbas.
Herbas que cobren téu leito
e a negra fonte dos teus cabelos.
Cabelos que van ao mar
onde as nubens teñen seu nídio pombal.*

Federico García Lorca

*Rosalía como la rareza más valiosa, honrosa excepción, la expresión más
alta se halla en su idioma natal y no en el dialecto académico aún hoy en
boga.*

Jorge Luis Borges

*Rosalía: non me deixes
tan lonxe que teño medo.*

Antón Avilés de Taramancos

An abstract artwork featuring a large, vibrant red circle in the upper center. Overlaid on and around this circle are various black ink splatters, blotches, and expressive brushstrokes. Some strokes are thick and dark, while others are thin and wispy. The background is white, creating a high-contrast, graphic effect. The overall composition is dynamic and expressive, with a sense of movement and energy.

busquei unha patria na palabra

pero atopei o desterro

*Airiños, airiños aires,
airiños da miña terra;
airiños, airiños aires,
airiños, leváime a ela.*

*Sin ela vivir non podo,
non podo vivir contenta;
que adonde queira que vaia,
cróbeme unha sombra espesa.*



Iolanda Aldrei
(Santiago de Compostela, A Coruña)

A MOURA ROSALÍA

Falava no olhar a água
palavras de tarde lenta,
dizia tempo de verde,
trás a chuva, som de erva.

Sem ela viver não podo,
contava, e sentia eterna
a linha breve do sonho,
som de rio numa estrela.

Descia caminho bravo,
non podo viver contenta,
prendia brilho de inverno
nos carvalhos da ribeira.

Fiava uma luz no canto,
lembrava um alvor de esperas,
que adonde queira que vaia
leva o eco de uma pena,

memórias de moura triste
ao pé da saudade fera,
dizia à beira da vida
cróbeme unha sombra espesa.

O arco da velha floria
salgueiros, loureiros, gestas,
no seu olhar de água nova
voz de vento, alma da Terra.

Amiga do Sar, espírito
da música mais serena,
não cales, mouro das fontes,
versos sábios, voz de meiga.

*Sin ela vivir non podo,
non podo vivir contenta;
que adonde queira que vaia,
cróbeme unha sombra espesa.*

*Cróbeme unha espesa nube,
tal preñada de tormentas,
tal de soidás preñada,
que a miña vida envenena.*



Manolo Pipas
(Vigo, Pontevedra)

tempo de espesas nubes
carta para rosalia

*cróbeme unha espesa nube,
tal preñada de tormentas,
tal de soidás preñada,
que a miña vida envenena*

ai muller de espesa nube
que escuras estas semanas
que non para de chover
nesta tan espesa matria

xa cento cincuenta anos
que che conto rosalia
das tormentas dos velenos
desta tribo algo perdida

estas nubes que dan vida
tamén poden traer morte
os ríos que se desbordan
reducidos polos homes

a soidade como paz
a soidade unha tormenta
cantos corazóns hai sós
eu agora co teu poema

ai muller da espesa sombra
que tempo tan estragado
queren mandar nas preñadas
uns homes envelenados

cantos dereitos perdidos
governos e bancos rouban
botan familias á rúa
vaise moita xente fora

cantas voltas deu a lingua
cantos golpes rosalia
longo o camiño da fala
das letras e das cantigas

tormentas e temporais
o mar que tanto estragamos
ven reclamando o que é seu
e que non funda outro barco

sinto o tono destes versos
das cousas boas da terra
xa che conto noutra carta
cando calmen as mareas

por hoxe penso que abonda
e desculpame estas rimas
e graciñas pola copla
pola vida e poesía

baixo nubes ben espesas
non paramos rosalia
unha aperta compañeira
e un bico desde a ría

*Leváime, leváime, airiños,
como unha folliña seca,
que seca tamén me puxo
a callentura que queima.*



Rosa Enríquez
(A Rúa, Ourense)

... sangue floral ...

levar levárona-como unha follia seca: tiraron dela porque berraba moito, levai-me levai-me-exclamaba raibosa, e pesaba tanto-dixeron... seica tiña o medo no corpo e cargaba no lombo toda area do deserto. non houbo oasis capaz de acalmar aquel frenesí. entón ardeu enteira-virou nunha especie de ídola furiosa, revirouse contra todos e volveu aparecer no alto do monte-como a maga que sempre fora.

así ardemos nós tamén-como as cousas que queiman-porque sempre remata por arder aquilo que seca e parte e fura o que atravesa...

... disque moitas mulleres non aman o sangue floral que as distingue-que tapan o que manchan-pero o mar de palestina inunda unha e outra vez o riso secreto co seu aroma. a maga deixouno á vista da xente porque era unha bruta sen educación. criada por vacas e carneiros-descoñecía os usos do líquido infernal...

quitaima quitaima-bramaba-sacaime a collentura que queima.

quitáronlle a pelamia toda-rapárona como as bestas: quegrandequegloriosaquepedazodeperra!

... a nosa ídola naceu como nacen todas as cadelas-pariuna súa nai a catro uñas-nun cortello sucio.

o efecto que as sombras causarían nela faise difícil de explicar. idiota aos ollos da xente-a brutana educada por vacas e carneiros-prendería lume a ese poroso esterco finísimo e chic de chalets adosados á sintéticos xardíns sintéticos xardíns sintéticos xardíns. sintéticos e adosados.

quería ser vaca a catro patas e grandes tetos: amamantar ás fillas que lle saíran polo riso infernal que fodía e fedía: comolagranperraqueera...

que seca tamén me puxo esta desfeita sanguenta-que seca e que triste.

como vivir sen pelo ou amar sen sangue? como dicir

se nin palabras hei?

así bruaba a moi hervibora:

contoneándose comolabuenavacazorraquesiemprehabíasido.

... pero isto non importou a ninguén. a ruminante foi conducida por sorpresa a edificios elásticos de adaptación social. y a todos los hombres les gustó mucho estar dentro de ella. acabouse o de foder á brava. agora fai o amor con estilo. e o estilo vén sendo este: abandonar a naturalidade-porque desmerece.

algunhas veces -de escoitarmos con atención- aínda se pode oír no seu riso o urrar da besta:

leváime-leváime-ariños: sacaime a collentura que queima.

e o aroma daquel seu mar invádenos completamente. a todas...

*¡Ai!, si non me levás pronto,
airiños da miña terra;
si non me levás, airiños,
quisáis xa non me conesan,
que a frebe que de min come,
vaime consumindo lenta,
e no meu corazónciño
tamén traidora se ceiba.*



Alfredo Ferreiro
(A Coruña)

Traición a Rosalía de Castro

*Ai, se non me levás pronto, bafos
demoníacos, airiños da miña terra;
se non me levás, airiños
e alentos sepulcrais, onde o mar
se esgota e a terra se queima,
nin demos lindos nin anxos banais
quisáis xa non me conesan.
Que a ledicia que connigo medra,
que a febre que de min come,
unha fai que sobre o monte voe
outra vaine consumindo lenta.
E no meu corazonciño
que amores e maldicións acolle,
unha libérame nas ás do vento,
outra tamén traidora se ceiba.*

*Fun noutro tempo encarnada
como a color de sireixa;
son hoxe descolorida
como os cirios das igrexas,
cal si unha meiga chuchona
a miña sangre bebera.*



Tati Mancebo
(A Coruña)


*"Fun noutro tempo encarnada
ferro ao rubro, mar de ardora
como a color da sireixa*

*Son hoxe descolorida
como os cirios das igrexas,
cal si unh ameiga chuchona
a miña sangue bebera?*

Non son, non. Son colorida!

Locen en min outras cores
que a vermella do devezo:
A azul da calma aprendida
A verde dos primeiros ventos
A laranxa da frescura
A lila do encantamento."

*Voume, quedando muchiña
como unha rosa que inverte;
voume sin forzas quedando,
voume quedando morena
cal unha mouriciña moura,
filla da moura ralea.*



Carlos Negro
(Lalín, Pontevedra)

Mauritana

*Voume, quedando muchiña
como unha rosa que inverte;
voume sin forzas quedando,
voume quedando morena
cal unha mouraña moura,
filla da moura ralea.*

Aquí dentro, nesta cápsula de linguaxe,
nas entrañas dun texto sen fogar nin abrigo,
a escolla das cores define o lugar da fronteira.
Ela asume a tonalidade das desposuídas,
a pel morena das traballadoras sen contrato,
a liñaxe daquelas que nas mans non levan luvas
e que foron as nosas bisavoas de negro,
africanas expulsadas do tren do progreso.
Ela resiste exhausta do outro lado do arameo,
cal unha mouraña moura cun neno entre os brazos,
inmigrante ilegal nun centro de internamento,
con todos os estigmas a cangarlle o lombo,
lingua, sexo, clase social, acento estranxeiro.
Ela converte os versos en casa de acollida,
o eu lírico en atestado contra a indiferenza.
Ela, filla ilexítima de moura ralea,
cifra sen nome para o telexornal da tarde,
da estirpe dubidosa das que non calan a boca,
vai quedando murchiña como a rosa que inverte,
sen forzas diante dos nosos ollos vai quedando,
mentres desde a parte máis protexida do muro
un exército dispara pelotas de goma
para que ningún poema cruce vivo a aduana.

*Leváime, leváime, airiños,
leváime a donde me esperan
unha nai que por min chora,
un pai que sin min n'alenta,
un irmán por quen daría
a sangue das miñas venas,
e un amoríño a quen alma
e vida lle prometera.*



Martín Veiga
(Noia, A Coruña)

As sombras do que non queda

Leváime, leváime, airiños, polas escuras ribeiras
do corazón abismado, onde o amor deposita
os soños da miña infancia, que como alfaías se enlaman
espaxeadas no estrume.

Leváime a donde me esperan as raiceiras dos días
que apreixan o meu pasado, as ruínas, os vestixios,
o estrondo das voces idas que por azar aínda sinto
entre as ramaxes xa murchas.

Unha nai que por min chora, un pai que sin min n'alenta,
son os restos do naufraxio dun tempo que se esvaece
como alustros nunha estancia noitébrega, silenciosa
onde pola noite acougan

as pétalas das camelias, pasadías como aves
a revoar no panasco. Así medran os vencellos
familiares, os latexos, *un irmán por quen daría*
as sombras do que non queda.

Así as distantes presenzas que por sempre me acompañan
polas gándaras choídas con muros baixos de pedra,
polos sombrizos recantos desta illa bretemosa
que me percorre os adentros.

Mais como voltar á ría, ás mans cheas de borralla?
Como estiñar a ferida das horas que me deixaron,
pola que abrolla decote *a sangue das miñas venas*,
unha bátega de coita?

Como deter esa onda que asolaga a moradía
onde fica o xa perdido, onde habitan os recordos
e un amoríño a quen alma, corpo e voz lle arrebataron
espectrais as horas mortas?

Contra o tremor alicerce, áncora nas augas turbas
do sombrizo esquecemento, a memoria a quen conforto
e vida lle prometera son momentos que se borran
como pegadas na area,
como rastros na nevada.

*Si pronto non me levades,
¡ai!, morreréi de tristeza,
soia nunha terra estraña,
donde estraña me alomean,
donde todo canto miro,
todo me dice: "¡Estranxeira!"*



Martiño Maseda Lozano
(Vilalba, Lugo)

Lingua e terra

No vigor destemido
deste desexo que nos leva
camiñamos coma irmáns
polos vieiros desta terra,
para reivindicarmos a lingua
e a nosa galega esencia,
e defendela dos autócratas
feitos de condición necia,
que carretan o espírito podre
e un pensamento que envelena.

Mais, nós seguimos avanzando
guiados pola idea primeira,
co ánimo espreguizado
bafexando o alento de guerra
para que se decaten dunha vez
os renegados sen conciencia
que non imos cansar, non!
que non imos darlles tregua,
e canto máis nos ataquen
máis medrará a nosa xenreira.

Porque esta Galicia enxebre,
Galiza pintada na cor da pureza
non garda silencio mansa,
senón que a súa desazo berra:
por Coruña e por Lugo,
por Ourense e Pontevedra,
por España, por Europa,
por toda a orbe enteira
para que ninguén fique xordo
sen escoitar a nosa queixa.

Daquela, compañeiros, en pé firme
e os sentimentos nunha aperta,
coa vontade e as palabras
loitemos pola cor desta era,
contra os que son descastados,
fillos da infame caterva,
que maltratan a nosa lingua
coma se fose unha pedra
e que nos queren roubar
o xerme da nosa natureza.

Defendamos ao unísono,
con ansia e sen xenreira,
esta lingua secular
que da nosa cultura terma,
para sentirmos orgullosos
de izala como bandeira
dun pobo que ama ser libre
contra calquera ofensa
que aldraxe o que somos,
galegos dos pés á cabeza.

Galegos coa nosa idiosincrasia
e un corazón que non se enerva
diante dos apóstatas da patria,
reos da súa propia vileza;
galegos de briosos folgos
carentes de mirada avesa,
que entre sorrisos e cántigas,
con palabras sutís e tenras,
sandan as coitas que mancan
e as tristuras da vida rexa.

Igual que a paixón dos versos,
escritos pola sublime poeta,
que laian de antigas saudades
na carne de cada monema:

*Si pronto non me levades,
¡ai!, morreréi de tristeza,
soía nunha terra estraña,
donde estraña me alomean,
donde todo canto miro,
todo me dice: "¡Estranxeira!"*


Lembrémoslos nós cada día
ao fío da súa lustrosa estrela
na friaxe do duro inverno
ou á quentura dunha lareira,
para afoutar o azo abatido,
e acougar a alma inquada
dos que aínda andan perdidos
sen atopar a suprema senda
do amor e da poesía
que fan a vida máis plena.

Irmán, Galicia ou Galiza,
como ti desexes e queiras,
esta terra indómita,
que outros queren irredenta,
non marcha polo funil da noite,
senón que na alborada espera
que os seus fillos a amen,
que con teimosía a defendan
dos inimigos que a maltratan,
dos malnacidos que a desleixan.

Galego bondadoso,
nado de limpa xinea,
non cales o teu verbo,
déixao ceibe e berra;
que saiban os ignorantes,
os de ideoloxía perversa,
que os tempos son chegados,
para lustre da nosa enxebreza,
que a vitoria vai connosco
e xa non hai quen a deteña.

Mais que sexa longo o traxecto
a nosa decisión é sempiterna;
nada borrará dos nosos beizos
este fulgor que alumea
nos solpores da historia
preñados de escuridade mesta.
Así, algún día cantaremos
o himno da gloria galega
para sentir que por nós corre
este zume de lingua e terra.

*¡Ai, miña probe casiña!,
¡ai, miña vaca bermella!
Años que balás nos montes,
pombas que arrulás na eiras,
mozos que atruxás bailando,
redobre das castañetas,
xas-co-ras-chás das cunchiñas,
xurre-xurre das pandeiras,
tambor do tamborileiro,
gaitiña, gaita gallega,
xa non me alegrás dicindo:
“ ¡Muiñeira, muiñeira!”
¡Ai, quén fora paxariño
de leves alas lixeiras!*



Baldo Ramos
(Celanova, Ourense)

*que ni sé cuándo es de día
ni cuándo las noches son,
sino por una avecilla
que me cantaba al albor*
Anónimo

*¡Ai, miña probe casíña!,
¡ai, miña vaca bermella!*
Ai dos soños sementados
que dan froito tralas reixas

*Años que balás nos montes,
pombas que arrulás na eiras,
ríos que percorren voces
que silencian as aldeas*

*mozos que atruxás bailando,
redobre das castañetas,
coa memoria do seu eco
enfío a voz deste poema*


*xas-co-rras-chás das cunchiñas,
xurre-xurre das pandeiras,
é a música do abandono
que percorre as miñas veas*

*tambor do tamborileiro,
gaitiña, gaita gallega,
escoitalos neste exilio
fai habitable a cegueira*

*xa non me alegrás dicindo:
“¡Muiñeira, muiñeira!”
nin me acolles no teu niño
cando estou en terra allea*

*¡Ai, quen fora paxariño
de leves alas lixeiras!*

*¡Ai, con qué prisa voara,
toliña de tan contenta,
para cantar á alborada
nos campos da miña terra!*



Estevo Creus
(Cee, A Coruña)


Quero dicir
que non existe lugar distinto a este
aquí
Que
Para cantar á alborada
non precisas doutra cousa
que permitir o silencio
quizais
una palabra xusto antes da boca
unha paisaxe na man
un debuxo pequeno que se mira
e non sabe
aínda
como coñecerse
o mundo

nos campos da miña terra
enmudece
como animal perdido

onde o corpo?
o pé
a danza
ai, con qué prisa voara
a faena
tolíña de tan contenta
a man

-Dis-
da memoria
que a pregunta
aparece
moito antes da linguaxe
e que o lugar
samente busca
un animal habitable
un aceno posible
que o
avale

*Agora mesmo partira,
partira como unha frecha,
sin medo ás sombras da noite,
sin medo da noite negra;
e que chovera ou ventara,
e que ventara ou chovera,
voaría e voaría
hastra que alcansase a vela.*



Calros Solla
(Pontevedra)

*Agora mesmo partira,
partira como unha frecha,
sin medo ás sombras da noite,
sin medo da noite negra;
e que chovera ou ventara,
e que ventara ou chovera,
voaría e voaría
hastra que alcansase a vela.*

nosa señora de ferro
machorra do remollo pingón
miña santiña capada
aleitas mil tribos á fame
esqueletos de puro viso
cairos de porcelana
deusa nai rosalía
almalla virxe do leite
taleigha de ouro
solta de prata
corasón furado
por sete setas de follalata
bácora das tetas ghrandes
locomotora alasada
esprémenche o peito
moxen de ti a vía láctea
e reghañón vira o seo
alustrando
os dentes de mama.

ai, se sugar souberen
os paxaros
sugar souberen
paxaros da noite lampa
o ghalo da serra
tronsaría
coa súa crista arreitada
unha lúa de forsa
no niño endés
da alborada.

*Pero non son paxariño
e iréi morrendo de pena,
xa en lágrimas convertida,
xa en suspiros desfeita.*



Suso Díaz
(Ludeiros -Lobios- Ourense)

Abrilo mar da infancia cada día.
 Xogar coa memoria no ceo do padal,
 e deixarse arrastrar polo lévedo
 que abrolla dos teus beizos;
 luz da noite que ardes en min.
Pero non son paxariño,
 e quixera voar contigo na crista dos abrentes
 á procura da cerna onde nos xunguimos,
e iréi morrendo de pena,
 agromando sentires e utopías
 coas que manterse vivo
 nesta serra onde comeza todo.
 Ogallá puidese fuxir envolto nas bágoas do ceo
 brincando coas espigas ermas
 na enxoiata leira onde esvaran os soños
xa en lágrimas convertida,
 desexado, espido na soidade das ruelas
 a carón do Lethes.
 Cada intre amosará o sentimento
 no que acougan devezos e versos,
 mestura de febre e vacina
xa en suspiños desfeita,
 mentres ollo contigo o solpor
 no que

pouco

a

pouco

me vou deitando
 empurrado polo vento silente
 coma follas dos carballos en outono.
 Ficaremos na lareira
 na que agardan as cinsas dos nosos
 a que as espalle o desexo
 que nos derrete.
 Ficaremos...


paxariño

pena

lágrima

sospiro

*Doces gallegiños aires,
quitadoiriños de penas,
encantadores das auguas,
amantes das arboredas,
música das verdes canas
do millo das nosas veigas,
alegres compañeiríños,
rum-rum de toda-las festas,
leváime nas vosas alas
como unha follíña seca.*



Alfonso Láuzara Martínez
(Vigo, Pontevedra)

GALEGOS AIRES

Ai airiños aires levaime!
Ai airiños da miña terra!

*Doces gallegiños aires,
quitadoiriños de penas,
encantadores das auguas,
amantes das arboredas,
música das verdes canas
do millo das nosas veigas,
alegres compañeiríños,
rum-rum de toda-las festas,
leváime nas vosas alas
como unha follíña seca.*

Chegan cargados de cantos,
cantan as ondas nas beiras,
lamben escumes do verso
dunhas pegadas na area
onde a danza das musas
enche a marea de verbas.
E son cantares a mares
os que cantan as sereas!

Alento da ialma que migra
e afouta pousar na terra,
cando foxe polas chairas
arrecendo a primavera
corren camiños de ferro
aires de laios e arelas.
Son cantares nestes lares
dos encantos das aldeas!

Zoa nas fiestras das urbes
de andares tan ergueitas,
varre tristuras das rúas
cal fungar da natureza
e leva os pasos da xente
ao chou a espazos de festa.
Cantares sempre nos bares
dos aires da nosa terra!

*Non permitás que aquí morra,
airiños da miña terra,
que aínda penso que de morta
hei de sospirar por ela.*




Paula Carballeira
(Maniños -Fene- A Coruña)

CAMIÑO

Camiño
Non recoñezo a paisaxe
Non deixo pegadas
Non me cruzo con ninguén
Só camiño
porque esquecín o resto
as mans penduran dos brazos durmidos
o sol queima esta cara perdida
que seica é miña
os rasgos anónimos
de quen xa non ten sillas
só camiños
e está tan lonxe a orixe
e está tan perto o destino
Déixolle ao vento a mensaxe
para quen aínda me lembre
noutra terra
sempre noutra
deixo a vida
neste andar
e eu camiño
camiño
*Non permitás que aquí morra,
airiños da miña terra,
que aínda penso que de morta
hei de sospirar por ela.*

Aínda penso, airiños aires,
que dimpóis que morta sea,
e aló polo camposanto
donde enterrada me teñan,
pasés na calada noite
ruxindo antre a folla seca,
ou murmuxando medrosos
antre as brancas calaveras;
inda dimpóis de mortíña,
airiños da miña terra,
heivos de berrar: ¡Airíños,
airíños, leváime a ela!



Susa Blanco
(Friol, Lugo)

*Aínda penso, airiños aires,
que dimpóis que morta sea,
e aló polo camposanto
donde enterrada me teñan,
pasés na calada noite
ruxindo antre a folla seca,
ou murmuxando medrosos
antre as brancas calaveras;
inda dimpóis de mortíña,
airiños da miña terra,
heivos de berrar: ¡Airiños,
airiños, leváime a ela!*

Calade, pois algo de min
rachou e saíu xa voando
por se vós non escoitades
este meu calado pranto.

Murcho un chisco cada noite,
ennegrezo, lembro e río.
Pérdome. Non sei onde estou,
mais sigo, sen luz, o fío.

Xa sinto alá no infinito
unha voz que me chama,
sodes vós que xa chegades?
ou será a ansia que me engana?
Airiños
airiños
aires.

*¡Rosalía! ¡ña Nai! ¡miña Santiña...!
¡méntrala Rula milagreira escoito,
sinto unha dóce man que me acaríña!*


Ramón Cabanillas

*Rosalía de Castro, que como pocos ha logrado una identificación tan
profunda con su pueblo, dignificando su lengua.
Siendo fiel a sus raíces y a la lengua de sus ancestros, supo crear una obra
de resonancia universal.*

Ernesto Sabato


*Divina Rosalía. ¡O santa protectora
da terra da Galiza, a nosa terra Mae!
Onde derrama un oiro triste a luz da aurora,
onde a névoa do mar descorre e encobre o Alem,
onde ha almas de Deus, no mundo prisioneiras,
onde ha rezas e sol, á noite, nas lareiras...*

Teixeira de Pascoaes



Lois Gil Magariños

*Pasa, río, pasa, río,
co teu maino rebulir;
pasa, pasa antre as froliñas
color de ouro e de marfil,
a quen cos teus doces labios
tan doces cousas lle dis.*



Manuel Darriba
(Sarria, Lugo)

HERÁCLITO FÁLALLE AO MUNDO

Heráclito O Ancián _lucindo, coma Whitman,
barba de bolboretas bulideiras_
pesou a escuridade e comprendeu

_árbore de tebras a esgazar
a anatomía do sentido_
"Pasa, río, pasa, río,

co teu maino rebulir que permuta
vidas e idades para tecer
luz *color de ouro e marfil"* .


Fin do texto-arañeira;

feble de máis para atrapar
o voo que *pasa, pasa entre as froliñas*. Digo

como Heráclito que as vidas
son a Vida e o Home
_a quen cos teus doces labios,
tan doces cousas lle dis_,
corrente alterna, incendio...

...ou farsa no amañecer:
de sombras pola oseira
máis inmensa, a dos tropos...

*Pasa, pasa, mais non vexan
que te vas ao mar sin fin,
porque estonces ¡ai, probiñas,
cánto choraran por ti!*



Ramiro Vidal Alvarinho
(Ferrol, A Coruña)


*Pasa, pasa, mais non vexan
que te vas ao mar sin fin,
porque estonces ¡ai, probiñas,
cánto choraran por ti!*

O cantar manso e ferido
de quem calado marcha
melodia cinzenta
acompanha-te
e já nom tocarás a fibra
destas cores

A imensidade das distâncias todas
aguardam para tracejar a tua viagem

os ventos cantarám o poema fatal da tua ausência
guerreiro, filho das névoas
volta a doer-me
que nengumha Ítaca te devore

*¡Si souperas qué estrañesa,
si souperas qué sufrir
desque del vivo apartada
o meu corasón sentíu!*



Eladio Medel
(Maside, Ourense)

DOS MORNOS PERFUMES

Si souperas qué estrañesa
dela que non sabía ler,
e sabía o que dicía
o silencio do son
a redención do seu bico
a creación da súa alma;
saberías como ela extraer
dos hortos pechados
os mornos perfumes,
e do branco liño
os finos tecidos.

O meu corasón sentíu!
no testó contra o chan
a forza dos teus brazos,
no choro subterráneo
o tempo da vide;
na coraxe do camiño
a calor doutras mans,
nos bastóns da aciñeira
os vimbios do río.

Si souperas qué sufrir
desque del vivo apartada,
serías como a marea
capaz de inventar a mañá;
e no curso do río
serías como a sombra,
que coloca os seus números
sen saber a súa orde.

*Tal me acoden as soidades,
tal me queren afrixir,
que inda máis feras me afogan,
si as quero botar de min.*



Ramiro Torres
(A Coruña)

*Tal me acoden as soidades,
tal me queren afrixir,
que inda máis feras me afogan,
si as quero botar de min.*

O tempo é um animal de sombra
entre os lábios da terra dormida:
a casa da memória arde sobre nós,
com o seu peso invisível derramado
como um firmamento em silêncio.

Cai dentro das pálpebras o poema
em lágrimas de luz suspensa, sem
mais certeza que um fogo ébrio nas
imediações da fenda solitária virada
linguagem a fremir desde as extremas.

Voltam as palavras ao centro da sua
viagem oculta, devalam a razão até
a noite onde se dessangra o medo e
nos abrimos à saudade que estoura
dentro dos olhos em assombro inicial.

*I jai, qué fora das froliñas
véndote lonxe de sí
ir pola verde ribeira,
da ribeira do Carril!*



Modesto Fraga Moure
(Fisterra, A Coruña)


ACRÓSTICO ROSALIANO A DÚAS VOCES

Ai! ¡Qué, si non, de min fora
Rosiña do meu xardín,
Ó son de alegre pandeira
Saloucan os ríos por ti.

As augas cando fai vento
Luceiros traen noite e día
I aló na azulada esfera
A lúa chora ferida.

*I ¡ai, qué fora das froliñas
véndote lonxe de sí
ir pola verde ribeira,
da ribeira do Carril!*

*Pasa, pasa, caladiño,
co teu manso rebulir,
camiño do mar salado,
camiño do mar sin fin;
e leva estas lagrimiñas,
si has de chegar por alí,
pretiño dos meus amores
pretiño do meu vivir.*



Moncho Iglesias Míguez
(Vigo, Pontevedra)

*Pasa, pasa, caladiño
anda coma remuíño,
co teu manso rebulir
co teu tardo zunir,
camiño do mar salado
á beira do chan amado,
camiño do mar sin fin
á beira do chan da fin;
e leva estas lagrimiñas
que con elas van morriñas,
si has de chegar por alí
teu fío hei topar aquí,
pretiño dos meus amores
na leira dos teus albores,
pretiño do meu vivir
na leira do teu sentir.*

*¡Ai, qué lagrimiña fora
pra ir meu ben, unda ti!
¡Quén fixera un camiñoño
para pasar, aí de min!*



Susana Sánchez Aríns
(Vilagarcía de Arousa, Pontevedra)

*¡Ai, qué lagrimiña fora
pra ir meu ben, unda ti!
¡Quén fixera un camiño
para pasar, aí de min!*

quem enchera de bagulhas
um dedalinho um barril
quem navegara essas águas
com a guia do setestrelim

mas não há barril nem deda
nem dorna que leve a ti
só velhas varandas e podres
das que não vejo o brasil

o olvido vai-me roendo
não te chego a distinguir
apagam-se em mim teus olhos
o teu cabelo esquecim

as tuas mãos não têm linhas
sumiu teu cheiro a alecrim
aquele andar bailarengo
perdeu-se no mar sem fim

e não, não me quero bágua
por ver-te não penso partir
viúvas que morram outras
a vida prosegue para mim

*¡Ai, qué lagrimiña fora
pra ir meu ben, unda ti!*
eu que não sou lagriminha
caminhando ei de seguir

*Si o mar tivera barandas
fórate ver ao Brasil,
mais o mar non ten barandas,
amor meu, ¿por dónde hei de ir?*

*¡Ai, o esgrevio canto, ronsel da armonía
corazón galego, alma Rosalía...!*

Pura Vázquez

*Rosalía de Castro, lírica gallega trájica, desesperó, lloró, sollozó sempre,
negra de ropa y pena, olvidada de cuerpo, dorada de alma en su pozo
propio. ¡Desconsolación de hermosa alma acorralada, aislada, enterrada en
vida!*

Juan Ramón Jiménez

*A nota máis ardente e subrime da múseca da nosa fala, o bálsamo das
nosas saudades, a doce compañeira das legrías e tristuras da nosa terra, a
galanía da representación da nosa raza, a escollida musa do noso Parnaso,
a rola de Galicia.*

Valentín Lamas Carvajal



Álvaro de la Vega
2014

Álvaro de la Vega

*Castellanos de Castilla,
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.*

*Cando foi, iba sorrindo;
cando veu, viña morrendo
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.*



Estíbaliz Espinosa
(A Coruña)

**>nin unha palabra
máis alta que outra<**

Circulen. Vaian sorrindo ordenadamente. Vaian morrendo sen perder pé. Por favor, o de pasalas putas que sexa con azos. Montar bulla, xa pasou. Hai festa na democracia, 6º dereita. Pasen, chamando primeiro. *O amantiño do meu peito*, non nos vaia augar a festa. A pasar fame con dignidade. Se hai que emigrar, se emigra. Se hai que comer polinomios e mapoulas, se comen. Chorar por deporte, onde se viu. Para acadar o estatus de «pobre de solemnidade», que parte de «solemnidade» non se entende? A ver, a protesta é sempre cara alá. A chorar radiactividade a Cangas. Teñan o detalle de desangrarse en silencio. Desfóndense sen perder as formas. «Lorem ipsum dolor sit amet», xa ben o din os que saben. Algún día toda esta ETA, meus fillos, será facebook. E non aprendan tanto do universo, que é pura radiación. Fagan como a antimateria, antimanifestándose con sentidiño. Disintan sen que se note. Discrepen de boa fe. Chamen as cousas polo seu nome artístico, que se non as cousas non atenden: «Tique moderador». «Mobilidade exterior». «Guerra humanitaria». Con Senso. A que vai un ceo aberto lonxe das minas a ceo aberto? A que non hai intelixencia como a «intelixencia militar»? Nos «desahucidios», a asubiar. Na cola do paro, toca sacar outro tema.

Cando foi iba sorrindo. Pois claro: fagan as maletas poñendo primeiro a cámara de fotos. Practiquen escritura creativa con esas ganiñas de moer a paus. Reciclen impotencia e dor, non as laven xuntas.

A rabia é biodegradable.

Ser maino, cotiza.

Facer coma que non, desgrava.

A luciña dos meus ollos, ónde vai que leva recargo.

A palabra «prestación», non lles leva a vivir de prestado?

Póñanse ata arriba de cornizó.

Se son mulleres, cambien a compresas sen contarllo á Vía Láctea.

A fría do ollo esquerdo, tamén.

Se son homes, deseñen barbas.

Se non son unha cousa nin outra, a definirse.

Se son cyborgs, que os acompañen no sentimento.

Se son trans, non sei, a ver, transeen.

Transeúnten.
Transeúntense.
Circulen.
Vaian sorrindo.
Vaian esmorecendo.
Cando veu, viña morrendo.
Transicionen a peor.
Cir
cu
len.

[A apañar licopodio aos bosques.
A ouvear coa loba doente ou ferida.

Amoriñas das silveiras, tratade ben ás campanas.
Campanas de Bastabales, tratade ben a quen cuspe.

E dun golpe, dun soio,
deixainos con vida.

Que moitos aínda, moitos
castellanos doutras Castillas]

*Aquel máis que neve branco,
aquel de dosuras cheio,
aquel por quen eu vivía
e sin quen vivir non quero.*



O Leo
(Matamá -Vigo- Pontevedra)

Galiza, ti non tes patria (Canto de taberna)

"Galicia, ti non tes patria^[1]

Ti vives no mundo soia"

Sabían as 50 tribos

Do Padornelo a Baiona

"Galicia, ti non tes patria

Ti vives no mundo soia"

Soubérono logo os celtas

Rodaballo bico xouba

"Galicia, ti non tes patria

Ti vives no mundo soia"

Saíabo Paulo Orosio

Que a nación do Medulio era a nosa

"Galicia, ti non tes patria

Ti vives no mundo soia"

Os Suevos, os nosos reises

Que primeiro perderon a croa

"Galicia, ti non tes patria

Ti vives no mundo soia"

Ao saír Don García o sabía

Do Afterhours d'A Noite da Historia

"Galicia, ti non tes patria

Ti vives no mundo soia"

O Xelmírez rulando unha city

Que lle quita os romeiros a Roma

[1] Tocar tocárame “*Aquel máis que neve branco, / aquel de dosuras cheio, / aquel por quen eu vivía / e sin quen vivir non quero*”, pero entre ácratas xa se sabe. Ghustárame, iso si, que fose unha das mostras de seseo e i epentético na nosa mellor letrista.

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Os da corte de Afonsoño, o Sabio
Melenudos con greñas e trobas

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
A Balteira, que preferiu ser
Soldadeira e non nobre e esposa

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Nos seus tempos, María Castaña
A encerrar contra o clero a revolta

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Ben o soubo a Galiza irmandiña
Que a de aquí pra a galega é unha loba

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
O Madruga -e o Pardo de Cela-,
Que colono é na terra Cristóbal

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Don Pedro e a Beltranexa
A perder coma o Celta na Copa

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
E Don Diego Sarmiento de Acuña
Salvándolle o cu a media Europa

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
O Ilustrado Martiño Sarmiento
Xenio humilde de pobo e de escola

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Os mártires de Carral
Liberais libertarios de outrora

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Xa Rosalía o sabía
Ti vives no mundo soia
"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Manuel Antonio Pérez Sánchez
Di: No sindicalismo está a loita

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Din os 12.000 cenetistas
Coruñeses da Guerra Española

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
O Moreno, o Piloto, o Foucellas,
E mais Ponte Pedreira, e mais outras

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
As Mariás, as Dúas en Punto,
Como irmás de anarquistas que foran


"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Anxo Rei Ballesteros,
Lois Pereiro, Agostiño Lomba

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Todos eles e mais todas elas
xs que estamos aquí e xs de fóra

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Como muito tes matria e es filla
De solteira aquí e mais agora

"Galicia, ti non tes patria
Ti vives no mundo soia"
Ti, Galiza, nación anarquista
Independente e señora

*Foi a Castilla por pan,
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.*



Alicia Díaz Balado
(Meira, Lugo)

A Moura

Chuva. Mares do norte. Os remuíños feros
volven brancas ás rochas onde pacen as ovellas.

Néboa e atlántida. Ventos do oeste
lembran calquera terra abisal.

Vapor. Sur e costas. A auga
é unha idea amasada de sementes e boleira.
Só nas prazas das cidades as patacas escasean.

Peniñas por alimento
en cestos de vimbio dourado.
En trasfega
polos portos soleados,
vironche á Moura no adro.
Negras arelas de mar con
tres escamas de anel
é a materia que carga.
Os seus dedos son dez xoias que arañan o limbo
nun compás de terra. Desde sempre,
nos mercados,
os ollos das sardiñas
vixiaron ás cobras
e ás sereas.

Vós sabedes;
a morena das Europas coceuse no sangue escuro
das razas da fronteira. E de todos é sabido
que
a morena
esculpiuse no aire nómada
da xente quieta.

Nena, que xa os barcos arriban na costa seca.
Prende o lume no lar
e pon a figa no cabezal.
Envolta Moura nunha onda escura,
foi a Castilla por pan.

O vimbio podrece
baixo as ventas¹ luares de marzo.
Que o díaño durma e que
ninguén suspire, pois xa se achegan
os barcos do averno.
No adro viron o tempo pasar.
Nena, prende o lume
no lar
e pon a figa no cabezal.

As mulleres no paseo contemplaron á morena,
co seu porte de Duquesa Descalza das Areas.
Os parasois na alameda toparon co caramelo torrado do seu rostro.

Cando os fantasmas do mar penduraban do seu garfo,
déronlle fel por bebida nunha copa de ferro.
Coas unllas dos pés enlamadas na súa medula de lata,
patacas
e pan cego
con xustiza pediu
e saramagos lle deron.

Moura esfiou o seu corpo en catarata.

As cobras cúrvanse na boleira dos camiños e as aves voan cara o
[sur.


As toupas furan a terra. As ovellas esperan as herbas brancas
dos países de neve.

E na empedrada das cidades, as aves póusanse
sobre as estatuas de mortos
nos camposantos caribeños.
Sur e costas.

A auga
é unha idea amasada de sementes e boleira.
Só nas prazas das cidades as patacas escasean.

¹ Conxunto de pendellos de pedra, ubicados nos lugares reservados para a feira.

*Déronlle, en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo...
¡Castellanos, castellanos,
tendes corazón de ferro!*



Ramón Neto
(Illa de Arousa, Pontevedra)

corazón do ferro

déronlle, en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo de folla
de lata
onde creban os elos

da cadea –desencaixadas
as pezas da engrenaxe–
e goberna o frío
dos metais

nos raís das horas punta
non hai marxe de manobra,
de negociación, de compromiso –nun estado
de permanente descarrilamento

tedes corazón de ferro
e ben sabedes da tenacidade dos seus
maleábeis corpos
de ferramenta

que auscultan
a condutividade térmica
do óxido
das soldaduras, das articulacións

mais *castellanos, castellanos* deses
poden fundirse en múltiples aliaxes
e deslocalizar coa metralla do mesmo vello
corazón de ferro

na volta ao mundo en horas punta
exploitation sans rivages
cando o frío dos metais impera –en estados
en permanente descarrilamento

*¡Ai, no meu corazonciño
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.*



María Reimóndez
(Lugo)

Moldearon a miña escrita
ata facer de min
un pequeno exvoto de cera
que dende o seu ventre esluído
e a súa boca branda cal manteiga
diciá:

*¡Ai, no meu corazonciño
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.*

Cicelaron o meu corpo en esculturas
puíndo os bordes e as molestas arestas
para dar un busto redondo
de campás, morriñas e obediencia
que dende o seu rostro duro de pedra
e a boca inmóbil e queda
repetía:

*¡Ai, no meu corazonciño
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.*

Envolveron a miña memoria
cunha mortalla de pano
que do meu mundo
rebelde e disidente
deixa reliquia dun triste pasado
que dende o seu peito de couza
nin pensa, nin groma, nin abrolla, nin crea
e a boca esganada e pecha
continúa:

*¡Ai, no meu corazonciño
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.*

Mais nos ollos de quen me le completa
funde sen dubidalo a cera.

Sae do seixo escuro
a xustiza pola man,
a rebeldía da nación que non debe excluír,
a ruptura das formas,
as voces das desdentadas
e a fin das cadeas.
Nun ronsel vizoso das que cantan
mentres eu canto con elas.
En cada palabra vida
en cada instante de novo pensar
en cada lectura unha valentía
que derrete a cera
que erosiona a pedra
que tira a mortalla
ata facerme libre
de versos coutados
para voar total
en todas e cada unha das palabras
crítica e rebelde
enteira.

*Morréu quel que eu quería,
e para min n'hai consuelo:
sólo hai para min, Castilla,
a mala lei que che teño.*




Alberto Lema
(Bamiro -Vimianzo- A Coruña)

*Morréu quel que eu quería,
e para min n'hai consuelo:
sólo hai para min, Castilla,
a mala lei que che teño.*

Castilla son as panorámicas da sede
pero a historia pesa máis cá xeografía
ou as bondades da terra.

Non pronuncies o nome o inimigo
non pronuncies inimigo

*Premita Dios, castellanos,
castellanos que aborreso,
que antes os gallegos morran
que ir a pediroos sustento.*



Rochi Nóvoa Vázquez
(Sobradelo -Xunqueira de Ambía- Ourense)


Aínda nos xornais
o traballo cobrado ao prezo da sangue
teremos presente a fame
lembraremos o pasado antes
que ir a pedirvos sustento.

Os xugos da alma enraizados
das mulleres secas e viúvas
de homes que segaron o pan
presentes na memoria, e vós ...
Castellanos que aborreso
non soubestes tratar.

Repítese a historia de amos e escravos
pero nós, non somos tabairóns de dentes afiados
permita Dios, Castellanos,
que os tempos da abundancia
traian o pan xusto
as bocas honestas e honradas.

E lembrade “castellanos”
que seguides na porfía do maltrato
que antes os gallegos morran
a que perdan a frescura
desta nosa Terra.

*Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos ganan,
dádesllo envolto en veneno.*



Miguel Ángel Alonso Diz
(Madrid)

Hai galegos, nosa terra,
de corazón vil e cego
que agochan no seu interior
as esencia dos infernos

a podremia da cultura
os mensaxeiros do medo
os mestres da mansedume
os profetas do pervertido.

*Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos ganan,
dádesllo envolto en veneno.*

Hai fillos da nosa terra,
grandes onanistas do ego,
en cadeiras moi lustrosas
só pensando no diñeiro

mentres esmorece a voz
do certo verbo senlleiro
abandonando o camiño
por outro máis pracenteiro.

Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos gañan,
dádesllo envolto en veneno.

Por iso estamos en guerra
contra o inimigo interno
que agochado tralas sombras
vai tecendo crueis invernos

con martelos cegadores
e coitelos silandeiros,
enchendo a nosa galaxia
de baleirados cerebros.

Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos gañan,
dádesllo envolto en veneno.

Por iso a palabra enterra
baixo o peso deste verso
aos mercenarios da arte
e aos mil cómplices cordeiros

coa forza do latexo
que non sabe de silencios
e o sangue dunha linguaxe
que vos fala sen ter medo.

*Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos ganan,
dádesllo envolto en veneno.*


*Aló van, malpocadiños,
todos de esperanzas cheios,
e volven, ¡ai!, sin ventura,
con un caudal de despresos.*




Xosé Antón Cascudo
(Guitiriz, Lugo)

*Aló van, malpocadiños,
todos de esperanzas cheios,
e volven, ¡ai!, sin ventura,
con un caudal de despresos.*

Marcharon, coas maletas cheas de croios e de follas.
Hoffnung. Zukunft.
Voltaron, fartos de camiñar e camiñar por cidades cosméticas.
Sehnsucht.



*Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.*



Verónica Martínez Delgado
(Valdoviño, A Coruña)

*Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que aunque eles son como rosas, / tratádelos como negros.*

Entrementres
elas agardan,
viúvas dos vivos e viúvas dos mortos,
apenas a recoller
os despoxos
da man opresora
de calquera escravismo.

*¡Castellanos de Castilla,
tendes corazón de aceiro,
alma como as penas dura,
e sin entrañas o peito!*



Yolanda López López
(Ourense)

A ANFITRIOA

Un enterro cruzou polo meu cerebro
no despertar do teu peirao.
A porción da túa cabeleira,
miña Emilia,
abriu as contras de meigallos
que nos levaron
ao soño de Fisterras profundas,
onde as fillas de mares alporizados
foxen entre a espuma do argazo
e o ceo sombrío.
Rosalía agarda por nós,
entre ruínas e cartas solapadas
polo sangue da súa dor,
nas ribeiras do Sar,
coa lúa descolorida ao fondo,
coa lápida colgando do corazón estranxeiro,
estranxeira na súa patria
que vai afundindo coma un lume fuxitivo...
Pasade, follas embalsamadas
que acudides a min
para serdes herbas mouras,
murmurios desconsolados mais guerreiros,
PASIONARIAS que ensaian no silencio
de sinfonías imaxinarias,
viúvas de vivos e de mortos,
emigrantes da fame e da discordia,
Ménades loitando nos campanarios da pobreza,
que a vosa morriña alumeará futuros
nesta semente fragmentaria, algún día!
Ollade ao lonxe,
é ela, Virginia, con *Mrs Dalloway*,
coma unha bolboreta branca,
flor crebada e sutil,
nena golpeándose dende a torre do abismo,
e así corre *to the lighthouse*,
mollando as súas pálidas fazulas
nas ondas salvaxes e opulentas,
tirando coas pedras cupables do delito.

E todas veñen achegándose.
Campoamor coa urna da xustiza
Pizarnik coa corda da rotura.
As irmás Brönte entre cumios treboentos.
As vosas palabras cruzaránse no remuíño veloz
da tinta e da folla nova,
porque cantaredes himnos labirínticos
na pureza do sentimento, do palpito,
da memoria vestida de culturas
que conflúen entre versos eternos,
tradicións transcendentais
que perviven para nós.
Impregnareime do voso perfume
lírico e sagaz,
abroullarei na grandeza de sabervos
en cada illa concéntrica na que respiro,
coma unha liña aventureira danzando
entre góndolas e barcos de cristal.
A caveira da dúbida será miña,
e non precisarei de Hamlet
para ser quen son,
anfitriño a facer terra e vento.
Porque entre a ramaxe da camelia
e a anémona arrincada,
a miña forza erixirá concertos,
a raíz da mandolina literaria
esculpindo versos profundos
na discordia...
Porque vós
*¡Castellanos de Castilla,
tendes corazón de aceiro,
alma como as penas dura,
e sin entrañas o peito!*

Recoñecido co 2º Premio de Poesía Rosalía de Castro de Cornellá,
na súa XXVI edición, no ano 2012.

*En trós de palla sentados,
sin fundamentos, soberbos,
pensás que os nosos filliños
para servirvos naceron.*



Cristina Corral Soilán
(Lugo)

DE ESCOLAS É TEMPO

Lexisladores da infamia,
lexisladores do inferno,
linchades a nosa infancia,
mandades no desgoverno.

Sen ningunha liberdade,
sen case eles sabelo
so queredes escraviños
que vos sirvan ó seu tempo.

*En trós depalla sentados,
sin fundamentos, soberbos,
pensás que os nosos filliños
para servirvos naceron.*

Abocados ao fracaso,
listos para o sufrimento
e os pobres, tan coitadiños,
non teñen coñecemento.

Cheas están as escolas
de escravos do noso tempo.
Entran repletos de vida
e marchan sen un alento.

*En trós depalla sentados,
sin fundamentos, soberbos,
pensás que os nosos filliños
para servirvos naceron.*

Do ferrado aos escolantes,
da primaria aos bachareis,
ninguén pensa nas súas almas
e todo é impoñer leis.

“Que non pensen, que non lean!
que aprendan a dicir “sí”.
Eu so quero malpocados
que poidan servirme a min”.

*En trós de palla sentados,
sin fundamentos, soberbos,
pensás que os nosos filliños
para serviroos naceron.*

Gobernantes! Xerifaltes!
Secuestradores de nenos!
Levades os nosos anxos
e devolvédesnos reos.

*E nunca tan torpe idea,
tan criminal pensamento
coupo en máis fatuas cabezas
nin en máis fatuos sentimentos.*



Alberte Momán
(Ferrol, A Coruña)

*E nunca tan torpe idea,
tan criminal pensamento
coupo en máis fatuas cabezas
nin en máis fatuos sentimentos.*

contemplas o gume
mentres o viño reborda

a maneira que a imitación
ten de inducir a derrota

abalas na rompenle
acariñando os cons
a pel aterecida


deixácheste levar
sen que madurara o golpe
na conciencia
e agora petas na mesa

outra cunca!

apañas a pel do verdugo
para cubrir as propias feridas
e sangras as dores
que repiten a ladaíña

reflicteste na idea torpe
na fatua cabeza
na prolongación do sentimento que lacera

*Que Castilla e castellanos,
todos nun montón a eito,
non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.*



Noelia Rodríguez
(Lisboa, Portugal)

FERIDA ABERTA

*Que Castilla e castellanos,
todos nun montón a eito,
non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.*

Xa non é Castela nen castellanos,
Xa case non queda herba, nen vacas para pacela,
E cada vez quedan menos campos frescos.
Corren outros tempos, miramos a outros ourizotes,
Pero de trasfondo, a mesma realidade que provocou os teus versos,
Ferida que segue aberta logo de caixe dous séculos.

Baleiros que non se enchen, portas pechadas,
esperanzas que non se cumpren,
nunha terra, nun futuro, nun país
que deixe de exportar xuventude, ideas, coñecemento,
mansamente, caixe sen rebelarse.

Só cando nos deixan sen pan, sen leite, sen pesca,
Só entón, cando non podemos máis, nos erguemos,
Ou mellor, érguense os de sempre;
Os que viven da terra, do mar, os que teñen moito que perder,
Cando nos esquilman o pouco que temos con leis de mal goberno,
Os que non queren marchar nin que os maten de fome.

Os demais ímonos, mansamente,
coma se non houbese outro remedio...
E cando voltamos de vacacións, con cargos máis ou menos
[importantes,
os nosos nenos falando castelán,
e sen tirar a roupa de domingo nen para ir ó campo,
vémolos todo dende lonxe, dende outra perspectiva,
Mais obxectiva, din algúns, máis comfortable,
Coma se xa non nos tocasse, coma se non fose o noso problema.

Pero é o noso problema si,
Cando a terra que herdamos nos pide a berros a enerxía e [xuventude
Que investimos noutras Castelas modernas, igualmente
[indiferentes,
Que non valen o que unha herbiña distes nosos campos ermos.

Xa non é Castela nen castellanos, pero nós,
Nós seguimos soñando tesouros en terras alleas.

*Sólo pesoñosas charcas
detidas no ardente suelo,
tes, Castilla, que humedezan
esos teus labios sedentos.*



María Canosa
(Cee, A Coruña)

Lonxe queda

Aqueles que aseguraban
que non existe soidade
non saben do corazón
nin da súa enfermidade.

Non hai doenza máis grande,
pesadume do que fuxo,
coma é o de sentirse
tan lonxe do propio mundo.

Ter que abandonar a casa
esa que foi o fogar
aínda que quede moi preto
nada se vai semellar.

Necesito as túas mans
a caloriña e o alento
de ti que tanto me amas
de ti a quen tanto quero.

Lonxe o teu recendo queda
que tan impregnado levo
pero o que non se desprende
é a pena que aínda teño.

*Sólo pesoñosas charcas
detidas no ardente suelo,
tes, Castilla, que humedezan
esos teus labios sedentos.*

E eu preciso dos bicos
desa boca que me ama
agora lonxe de min
apreixando forte a alma.

*Que o mar deixóute olvidada
e lonxe de ti correron
as brandas auguas que traen
de prantas cen semilleiros.*



Arsenio Iglesias Pazos
(Maniños -Fene- A Coruña)

Rosalía, ben o sabes,
eu non teño nada para darche.
Rosalía, só podo falar
como un membro da xeración presente.

Unha vez un filólogo
díxome que non lera Arraianos
e eu berreille que devolvese o título,
pero confeso que a ti non che lin case nada.
Rosalía, conste que tamén tiña
que ler o Quixote no instituto
e aprobei co que poñía no libro de texto.
Aínda así, estou por riba da media.

Rosalía, era ben que o soubeses,
Moita xente anda a falar por ti.
Unha vez sentín dicir
que non é tan dolorosa a conxelación dun membro
como a posterior desconxelación.

Disque,
no país dos mortos que van votar,
de seguro que tamén votas.
Todos estamos expectantes, pendentes
de que saías ao balcón e fales.
Veña, ho, Rosalía,
non vale dicir que quedaches no XIX.
A moitos de nós
é o único que nos importa.

Cáesme ben, tranquila,
pero queríache facer unha pregunta.
Noutra ocasión dixeran
subido nun palco que xa pasaron
cento cincuenta anos de ti,
que a nosa poesía non es ti soa.
Era unha festa de polbo, queimada e muiñeira,
unha festa galega no estranxeiro,
e sentín que precisaba botalo fóra.


Rosalía, dende aquela teño cargo de conciencia:
contaxieime dos que te teñen
por un símbolo á altura da empanada?

Unha vez unha canadense
preguntoume por que escribo en galego.
Eu díxenlle que o galego era o único
que eu podo darlle ao mundo, Rosalía.
Ela non o entendeu e eu non llo dei explicado.
Pero gustoume deixala cavilando.

Se non entendo mal, Rosalía,
recolliches a tradición literaria popular que é alicerce dunha
literatura nacente a través dun deliberado protagonismo feminino
sabendo que as multitudes para as que escribías tardarían en
comprenderte.

Rosalía, cantas xeracións van entre ti e mais eu?
Porque de miñas tataravoas e meus tataravós
xa non sei nin o nome.
*Que o mar deixóute olvidada
e lonxe de ti correron
as brandas auguas que traen
de prantas cen semilleiros.*
Co teu permiso, Rosalía,
aínda que o sentido dos versos fose outro.

*Nin arbres que che den sombra,
nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
deserto e sempre deserto...*



Emma Pedreira
(A Coruña)

Tanto ten cara a onde xiren os teus pasos ou como se deiten ante ti
as fronteiras
se nos levan ao sonho
ou á fuxida.

Esta luz presentida
como todo o que move o aire no seu correntazo eléctrico
por desfacerse da súa ruína
chega a este lugar de espellismo.

*Nin arbres que che den sombra,
nin sombra que preste alento...
Llanura e sempre llanura,
deserto e sempre deserto...*

A desilusión
facéndote papel e viraventos arroxado lonxe.

Cunha puntada a desidia cravounos aquí, no embigo deste medo.
Despois veu a chuvia calcarnos sobre esta terra.

Xermolamos sendo xa de ningures,
ti e máis eu, os fuxidos ás toas,
os que gabeamos a todas as árbores e espiñas e sentenzas.

A promesa non se cumpre.
Morreu a última das sementes que conservara para transplantar a
miña sombra a un punto que xa non é desta terra.

E asumimos que exilio só existe se existe retorno.

O outro
é só olvido.

*Esto che tocóu, coitada,
por herencia no universo;
¡miserable fanfarrona...!
triste herencia foi por certo.*



Eva Méndez doRoxo
(Barcelona)

entretézome cos alentos dos caídos.
no camiño quedan as roupas todas da vida,
a identidade prohibida.

coa cara desfigurada, avanzo,
impúdica, agónica,
cuberta a pel do po do inframundo,
onde se me escorreu o sangue,
para alimentar os seres que nel habitan.

abandoei aos compañeiros,
afastando, os meus pés tremorosos, dá que absorve as almas todas
dos que sen querelo, quixeron, ser escravos da morte.

eu, fantasma de tecido e ósos,
respiro a vinganza de seguir latexando nesta muller estrana.

amoso os dentes e berro!

*esto che tocóu, coitada,
por herencia no universo;
¡miserable fanfarrona...!
triste herencia foi por certo.*

reprimindo o xemido ausente
do veneno das miradas,
avanzo,
cuberta a pel cos alentos dos caídos,
co medo de ser descuberta,
retornada ao deserto das ialmas mortas.

*esto che tocóu, coitada,
por herencia no universo.*

*En verdade non hai, Castilla,
nada como ti tan feio,
que aínda mellor que Castilla
valera decir inferno.*



Mario Regueira
(Ferrol, A Coruña)

*En verdad non hai, Castilla,
nada como ti tan feio,*

Nalgún lugar no fondo da túa memoria segada dormen a sesta
os longos campos
a terra cuarteada
o cansazo do pé rebotando no chan.
Como tras a ceifa que ocultaba as nosas orixes
durmía o alcume de quen foi escravo nas terras anchas
ou do que fuxiu procurando o recanto verde,
a dozura dos lagos que bordean o mar.

Hai unha historia que ninguén me vai contar nunca e agora
as súas raíces fan nós tortuosos no medio das lembranzas perdidas.
Nas corredoiras do fondo dos teus ollos
hai un neno loiro que corre da túa man e que tampouco sabe quen é
o home serio e barbado que tes diante de ti.

Saúdalo cortesmente aínda que non sabes o que quere.
É posíbel que veña roubar e por iso ten o nome do teu neto
e algo demasiado semellante á túa lingua na voz.
Por iso ten lembranzas que a ti che faltan e sabe
que o máis duro que faremos na vida e apertar
unha man fría coma o vento na madrugada.

Ofréceslle café sen confiar demasiado,
non sabes de que fala ou como sabe
que lle chaman a casa do Castellano a unha casa
onde vives e que se cadra non é esta. Como sabe,
porque non lembrás contarlle,
que fuches taxista e que nos sesenta
levaches un cliente a Barcelona cruzando a terra
que segaran os teus antergos,
como sabe, como se fosen del,
das vidas que perdemos queimadas baixo o sol
implacábel do inferno.

O inferno, avó,
*que aínda mellor que Castilla
valera decir inferno.*

*¿Por qué aló foches, meu ben?
¡Nunca tal houberas feito!
¡Trocar campiños frolidos
por tristes campos sin rego!*



Déborah Vukušić
(Ourense)

Que tal estás, miña avoa? Dende que cheguei aquí só penso na nosa casa, nas cores da nosa leira, vendo pola xaneliña esta cidade xigante.

Sigo aínda sen traballo. Sigo buscándolle o xeito á lingua, á xente, ós costumes, a cando chove e non molla, cando a comida non sabe, cando te boto de menos.

E debúxote cantando aqueles versos da Castro:

¿Por qué aló foches, meu ben?

¡Nunca tal houberas feito!

¡Trocar campiños frolidos

por tristes campos sin rego!

Sei que sabes que marchei para esquecer ó meu amor. Quero comezar de volta, ter unha vida distinta, exprimer o meu talento e tentar ser máis feliz.

Irei verte no Nadal. Até entón quero que saibas que te quero, que te adoro, que che teño moi presente, que che mando moitos bicos, que es a mellor do mundo.

*¡Trocar tan craras fontiñas,
ríos tan murmuradeiros
por seco polvo que nunca
mollan as bágoas do ceo!*



Leticia Costas
(Vigo, Pontevedra)

en roupa interior

*¡Trocar tan craras fontañas,
ríos tan murmuradeiros
por seco polvo que nunca
mollan as bágoas do ceo!*

turrei da infancia ata arrincarlle a pel a tiras. só quería espila,
deixala en roupa interior, peitearlle as entrañas e logo condenala a
morte

chameille puta cen veces cando eu vendía o rodo da miña saia,
regalaba os volantes de encaixe e expoñía os monstros nun museo
coa entrada de balde


vin o cemento parindo, as flores rebentando nas gretas, a vella casa
onde a bisavoa construía portas do tamaño das súas cadeiras. os
xaropes, os tarros de boticario, as tarteiras con remaches, o
acordeón fanado

pasei todas as escenas nun “cinexin” que fervía con embustes de
cafeteira contra as paredes enfermas de lepra, ata que toda a vida
saíu por fóra

negueina mentres se desangraba no empedrado, sobre a mariola

pero se hai algo incorruptíbel é ese sendeiro libre, esa casa co
sobrado en lapas. esa horta a corazón aberto, que me acolle sempre
que necesito volver

*Mais, ¡ai!, de onde a min te foches
sin dor do meu sentimento,
i aló a vida che quitaron,
aló a mortíña che deron.*



Lucía Novas
(Bueu, Pontevedra)

*Mais, jail, de onde a min te foches
sin dor do meu sentimento,
i aló a vida che quitaron,
aló a mortíña che deron.*

Porque por moito que digades, que fagades,
que xoguedes, que vendades, que ilustredes
as vosas peles,
por moito
que queirades
ensuciar
as súas mans,
por moito que adornedes con estrelas
os vosos sorrisos, os vosos chupes,
algunhas seguimos sabendo
de onde vén a nosa dor.

*Morreches, meu quiriño,
e para min n'hai consuelo,
que onde antes te vía, agora
xa sólo unha tomba vexo.*



Ramón Blanco
(Outes, A Coruña)

NO CEMITERIO

(Buscando a tumba de Nicolasa)

Para Eva

E no aire ese veneno
caramonas segundos minutos pedra contra pedra antes de entrar
contras que se pechan
ao noso paso
pasa ti diante
voulle facer unha foto a esta data
1831
unha mensaxe desesperada
unha carta inesperada
chéganos hoxe desde esta reixa
presa na terra
unha flor imposíbel
antes de que veña a noite
repartimos o cemiterio
ti no lado esquerdo onde aínda o sol lambe as lápidas
eu no dereito onde a luz xa non habita
os ollos escarvan galerías da alma
cacheamos por nomes non imos atopar nada mais é divertido
o xogo
de estar vivos
o amor como os últimos raios do sol
rebotando sen penetrar nas lousas
rincha a grava baixo o meu peso
e responde a grava que tripan as túas botas
só nós temos voz aquí
o tempo é grava e o ceo é óxido
demasiados rostros non presentes sucesións a suplicaren
unha mirada un recordo
a vida enteira para ser isto
flores de plástico en porcelana esportillada compiten
co mofo sobre os acantilados de mármore
tamén hai tumbas sepultadas polas herbas
tamén hai tumbas corroídas pola lixivia

se algún día morro ou que diga cando morra
 se teño tumba
 non quero que me traías flores
 de plástico
 son máis bonitas estas aínda que morran
 tamén nós temos que morrer dis
 perdémonos no labirinto de voces e nomes
 respiración tan afastada
 onde pesa tanto o aire
 a campá bótanos enriba sete pas de terra
 son as sete e case é noite
 xa logo temos que marchar
 non quedará de nós nin este día
 mais aínda hai flores que mentres duren
 conservan o olor
 como esa tumba que contén un poema
 lelo en voz alta
 mentres o fotografío retendo así a respiración coutando a ferida
Morreches, meu quiridiño,
e para min n'hai consuelo,
que onde antes te vía, agora
xa sólo unha tumba vexo.
 outros lerán isto e saberán que fomos novos
 e estivemos tan vivos como o amor
 saberán que fomos preludio da cinza
 entre as sepulturas
 collémonos da man e alá quedan
 icebergs a esvarar no vasto mar glacial de terra
 non fai falta que peches a porta
 nin os lagartos coñecen todas as fendas
 nin eu vin aquí para verme

*Triste como a mesma noite,
farto de dolor o peito,
pídolle a Dios que me mate,
porque xa vivir non quero.*



Marta Pedrosa Agra
(Outes, A Coruña)

Extraño o que non coñezo, e durmo
enramada nos cantís como os piñeiros abatidos polo vento.
Perseguidora e raptora do pranear da gaivota
alí onde aniña a noitebra na epífora do corazón
unha soidade parasitaria canta...

*Triste como a mesma noite,
farto de dolor o peito,
píddolle a Dios que me mate,
porque xa vivir non quero.*

*Mais en tanto non me mata,
castellanos que aborreso,
hei, para vergonza vosa,
heivos de cantar xemendo:*



Silvia Penas
(Vigo, Pontevedra)

Na noite a gravidade
ponse en contra miña
e teño que volver edificarme
e sufro
e é tan amplo ese percorrido de sufrir

Mais en tanto non me mata,
teño que prender candeas
e ben sei que non se di nos poemas,
sufrir xa non se di nos poemas
nin amor nin abismo
hei prender candeas
para saír alumeada a frecuentar obsesións
ou envelenarme coa imaxe vosa
castellanos que aborreso
ou rúas imposibles

Eu sei que non se di
pero de noite atorméntanme as imaxes
ocos inservibles
cables relampos e combustións
penso nas candeas
complice eu de todos os incendios
eu que sempre quixen tapar os oídos
para non oírme berrar
e sempre me protestei por riba de todo
contra min
porque era imprescindible
abarrotarme
numerosa eu por dentro
frecuentada por tantos ollos
como me puxen a observarme

Hei encher a boca con area dun camiño longo
difícil de atravesar
que digo eu que entendo
toda esta melodía
que me sobrevive
por dentro da escuridade
prendida eu no centro das candeas
heivos de cantar
hei, para vergonza vosa,
heivos de cantar xemendo:

“Na noite a gravidade
ponse en contra miña
e teño que volver edificarme
e sufro (...)”

*¡Castellanos de Castilla,
tratade ben ós galegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros!*

*Se algunha vez andou unha alma núa entre os homes e só vestida da súa
propia luz e da súa orixinaria dor, o miragre cumpriuse en Rosalía.*

Ramón Otero Pedrayo

*Pobres, soles
nit i día,
sense cap
consol ni guía,
no tenim
més companyia
que la veu
de Rosalia,
que aquest plor
de Rosalia,
que aquest cor
de Rosalia,
que la seva
poesia.*

Salvador Espriu

*Maina, doce, amorosa, miña Rosalía, fada boa
coas meixelas marelas como flores de cera.
Soia eternamente, sen que ninguén
che poida amainar a dor que te roí e consome.
Soia na noite sen fin. E sempre soia...*

Manuel María



Isabel Pintado

A gaita gallega
Resposta
ao eminente poeta D. Ventura Ruiz de Aguilera

*Cando este cantar, poeta,
na lira xemendo entonas,
non sei o que por min pasa
que as lagrimiñas me afogan,
que ante de min cruzar vexo
a Virxen-mártir que invocas,
cos pes cravados de espiñas,
cas mans cubertas de rosas.*



Marisol Gándara
(Ordes, A Coruña)

*Cando este cantar, poeta,
na lira xemendo entonas,
non sei o que por min pasa
que as lagrimiñas me afogan,*
e xa non son máis as visións dadas,
a falsa dádiva dunha man estraña
a escravitude polo ollo,
as duradeiras pantasma
as que me mancan
e vou xa creando sombras,
buscando asombrarme
abandonada unha terra,
un corpo abandonado
unha verdade e un ben desaproveitados,
gardando o froito para un futuro,
un mañá que quizais non existe
nin nos excite,
pero que se crea en cada terra
con man teimuda
e na folla sacha con teimuda palabra
en cada corpo
en cada verdade e ben desaproveitados
destilados ata a derradeira pinga
desta terra que se enchoupa
destes corpos, fluídos,
elementos mudando de estado,
dende o antagónico ata a verdade e o ben
do pasado que se fai presente desaproveitado
porque cando non oímos cantar,
cantamos
e se non nos cravan espiñas
vamos cravádonos
rubindo pola dor dos corpos,
rebulindo na terra,
chantádonos como se foramos árbore
como se eu, innobre humano,
puidera ser rosa

*que ante de min cruzar vexo
a Virxen-mártir que invocas,
cos pes cravados de espiñas,
cas mans cubertas de rosas*
sufrindo e gozando a un tempo
esta vida que nos sabe tanto
pero ás veces sábenos a morta.

*En vano a gaita, tocando
unha alborada de gloria,
sons polos aires espalla
que cán nas tembrantes ondas.*



Diana Varela Puñal
(Corme, A Coruña)

AVES E MICROCLIMAS

Unha anduriña chinesa
pide un poema a unha anduriña
galega, como un merlo unha canción
a un pingüín ou unha mimosa
a esencia a unha hortensia,
¿que se dirán?
Velaquí os microclimas.
Unha frecuencia, a emisora da arte
que se enxerga e cantan os paxaros
e as flores os seus recendos comparten,
de Padrón a Castela, do campo
ó bravo mar e o mundo é un pano
e a arte ninguén axuizado a entende.


A arte os paxaros descifran,
tamén as flores
a gorxa de pole do colibrí
e o poema algunhas gargantas sedentas
como a furia de Rosalía.
Ulises vivo en barcos varados
nos que nunca, nin mariñeiro de area
nin Penélope fastiada, viaxarán.
As súas pobres referencias ó sal,
as miñas pobres referencias ó sol,
todo nos une e nos separa
de Siberia a París, da cantiga
do reiseñor á verba miña,
sintonizo a nosa emisora preferida:
“Desexo de Universo, a frecuencia
deste ingrato oficio tremelica
na fervenza de verdade
que nos une, Mar Animal.”

Rosalía, viaxeira de versos
infatigábel, artífice da máis alta
inquiétude, a Música:
*En vano a gaita, tocando
unha alborada de gloria,
sons polos aires espalla
que cán nas tembrantes ondas...*
Déixate voar, Anduriña,
non quero nomear
todas as aves que ti admiraches
soñar e eu só copiaría de ti
porque a min estórbame
a memoria. Ah! *Le souvenir...*
Eu prefiro a abstracción
do esquecemento.

Na túa febre de versos
corrixes poemas, intercambias
partituras con xílgaros,
carboeiros, curuxas,
ferreiriños, pardais.
Por estas veas transitaron
dende o Alén as choias,
salgadas garzas até o epílogo
da túa borrasca, Rosalía,
a treboada da poesía
leveda no noso sangue
e o orgasmo do verbo latexa.

Anduriña:
Esquecidas citas, aldraxes,
prendida a candeia da viaxe
o delirio de gaivotas, poetas,
merlos, pombas, camiñantes,
é a arte e os seus microclimas.

*En vano baila contenta
nas eiras a turba louca,
que aqueles sons, tal me afrixen,
cousas tan tristes me contan,*



Xosé Daniel Costas Currás
(Moaña, Pontevedra)

Sabela baila sen pensar canto
nin onde nin se pode.
baila porque é ceibe, apreixada
nunha cárcere ríxida de cordas que a oprimen.

pero báilanlle os ollos. a boca
bailan as meixelas. as orellas.
sube e baixa ríxidamente.
busca a loucura. o aloumiño.
tárdalle a romaría.
tárdalle o sorriso.
tárdalle a troula.

baila e busca en cada esquina
quen mellor conteña a caricia.

baila. sube e baixa.
baila.


*en vano baila contenta
nas eiras a turba louca,
que aqueles sons, tal me afrixen,
cousas tan tristes me contan,*

baila contenta.
Sabela baila.

*que eu podo decirche:
non canta, que chora.*

II

*Vexo contigo estos ceos,
vexo estas brancas auroras,
vexo estos campos froridos
donde se arrullan as pombas,
i estas montañas xigantes
que aló cas nubes se tocan
cubertas de verdes pinos
e de froliñas cheirosas.*



Elías Portela
(Cangas do Morrazo, Pontevedra)

I

ai vento arrastrado
 dende o gume da noite
 ata o altar

avante!

*vexo contigo estos ceos,
 vexo estas brancas auroras,
 vexo este campos froridos
 donde se arrullan as pombas,
 i estas montañas xigantes
 que aló cas nubes se tocan
 cubertas de verdes pinos
 e de froliñas cheirosas...*

mais

afirmos

a paixón
 co bendito sangue da Vitoria

avante!

II

ai este lume
 de aeroplano trasnoitado
 ai esta fumeira
 no remuíño de cada amencer

ai este deus romántico
 precipitándose

con pracer
 dende a súa máquina
 airada

avante!

entre saudade e éxtase
vexo contigo
 estos ceos sen alma
vexo bandeiras
 para estas brancas auroras
 azorrandos soños
 cara a Mediocridade
vexo bombas
 e estes campos froridos
esgazándose no horizonte
vexo a fronteira divina
 donde se arrullan as pombas
 esas ximnastas metálicas
 que limparán o pórtico
 de cada Gloria

avante!
pois recoñezo a chamada
i estas montañas xigantes
son tambores urbanos
 que aló entre o dogma acoirazado
 cas nubes se tocan

avante!
pois o coro celeste
xa se arma para copular
 co público fervente
 e as fidelísimas máscaras

avante!

benditas traxedias
 cobertas de verdes pinos
 e de froliñas cheirosas

alimento
para esta meiga kamikaze
que embriagada do teu motor
non distingue
 entre templos e incendios

III

ai vento dos himnos
defensa de todas as idades
agora que
vexo contigo estos ceos
implorando un sustento
de aceiro e fascismo
agora que
vexo queixumes verdes
maquinando
para a catedral
e para o teatro
atende este voo ardente
que a túa sibila pregoa
avante!

*Vexo esta terra bendita
donde o ben de Dios rebota
e donde anxiños hermosos
tecen brillantes coroas.*



Lucía Aldao
(A Coruña)

Non vexo esta terra bendita por ningures.
Fálasme dela como se tivese que recoñecela como propia
como patria porque si,
“aquí naciches e esta bandeira é a túa manta”.

Pero eu xa non falo esa lingua,
cansoume e fixen por esquecerla.
Moléstame a vida neste saco
apértame o aro,
desconfío desta alfombra que me tendes,
e donde anxiños hermosos me vendes
sobrevenme unha onda de vaselina caducada.

Xa non se *tecen brillantes coroas* para esta terra de descabezados.

Fixeches do discurso unha oración
e xa non te quero.
Prefiro esta casa de palla
donde o ben de Dios rebota
e explota.

*Mais, jail, como tamén vexo
pasar macilentas sombras,
grilos de ferro arrastando
antre sorrisas de mofa,
anque mimosa gaitiña
toque alborada de groria,*



Roi Vidal
(Santiago de Compostela, A Coruña)

VIDA PÚBLICA DE ROSALÍA

Resucitar non foi doado:

tiven que ver series sobre zombis e ler algún fragmento de Pérez-Reverte encarnarme nos aforismos dos poemas de María do Cebreiro e non mercar "Vinte en escena", de Rosalía Fernández Rial, por se acaso (ou porque Rilke tamén se chamaba María)

E agora estou aquí con vós
e anque mimosa gaitiña / toque alborada de gloria,
continúan a *pasar macilentas sombras*, como outrora se cravaron
cravos e se queimaron follas
mais, aí!, como tamén vexo Redondela
a das pontes férreas e monicreques e cocas,

tantos monstros, tantos

Monstros como o Tiranosaurus Rex no filme de Spielberg,
destrozando velociraptores -áxiles e intelixentes como a miña
cadela Marlene.

Aacabarei facendo eu mesma
unha fita, non necesariamente documetal, sobre a miña vida.
Murguía sería Xulio Lago, que xa o fixo, ou Luis Iglesia, que me
mola (dise así?)
e eu non sería eu (sombra aquí, sombra alá)
senón unha desas que ía o outro día na manifestación do 8 de
Marzo berrando "somos guapas, somos listas, somos todas
feministas".

Eu ficaría detrás da cámara,
como cando escribín "El caballero de las botas azules" e

:(


Mais, aí! como tamén vexo, cal dixemos onte, *grilos de ferro*
arrastrando / entre sonrisas de mofa...

Non, resucitar non será doado
"the awakening don't be advertised"
ficar soterrada, si

*eu podo dicirche:
non canta, que chora.*

III

*Falas, i o meu pensamento
mira pasar temerosas
as sombras deses cen portos
que ó pe das ondiñas moran,
e pouco a pouco marchando
fráxiles, tristes e soias,
vagar as naves soberbas
aló nunha mar traidora.*



Antía Otero
(A Estrada, Pontevedra)

Era aquel cadro
de ceos apertando o amarelo
a estampa que cosín
no reverso
da chaqueta
para que tiveras o norte preto

mais ao fin do día
escollín romper os lenzos
e non houbo buguina
que anunciase o ruído
nin casa nin cans
ladrándolle á espuma

*Falas i o meu pensamento
mira pasar temerosas
as sombra deses cen portos
que ó pe das ondiñas moran,
e pouco a pouco marchando
fráxiles, tristes e soias,
vagar as naves soberbas
aló nunha mar traidora.*

*I jai!, como nelas navegan
os fillos das nosas costas
con rumbo á América infanda
que a morte co pan lles dona,
desnudos pedindo en vano
á patria misericordia,
aunque contenta a gaitiña
o probe gaiteiro toca,*



María N. Soutelo
(A Estrada, Pontevedra)

Que nas ondas do aire
unha premonición se axita
de suor e panos brancos
e amor e miseria

-bailan os cormoráns
nos ronseis de espuma-

De mans dadas, as promesas
vanse! Vanse!
Voan!

*I ¡ai!, como nelas navegan
os fillos das nosas costas
con rumbo á América infanda
que a morte co pan lles dona,
desnudos pedindo en vano
á patria misericordia.*

O frío e a sombra
acurrálannos durmidos na fiestra
e sopesamos nos nosos corpos
a urxencia súbita dos días.

E

*anque contenta a gaitiña
o probe gaiteiro toca,*


hai unha premonición de miseria e amor
e mar e panos brancos

que nas ondas do aire distante
se axita
e nos fala
e nos leva.

*eu podo dicirche:
non canta, que chora.*

IV


*Probe Galicia, non debes
chamarte nunca española,
que España de ti se olvida
cando eres, ¡ai!, tan hermosa.*



Xabier Xil Xardón
(Morgade -Xinzo de Limia- Ourense)

Probe Galicia, es guapa que nin dios.
 E agora vén a Xunta e ármanos aquí
 un cristo do carallo. Cóllenche planos
 da contorna e colócanos no circuíto
 e veña chinchos a fozar na area.
 Síntoo, non lle atopo o elemento lírico.
 Hai unha muller que pasa ao fondo
 do texto pero teima en meter un pe
 destoutra banda. Calza un trinta e oito
 ou máis.
 Lume, hostia, lume! Xirarei
 coma o Paco Lodeiro nas festas de Coia.
 E se che preguntan onde vas parar
 tu fálalles do galego baiano
 e mata hippies en las Cíes.
Probe Galicia, non debes
chamarte nunca española, dicían.
 E agora vén a Xunta e cúranos os mancos
 con herbicida. *Que España de ti se olvida*
cando eres, aí!, tan hermosa, berraban.
 E agora vén a Xunta e declara a bosta
 patrimonio da humanidade e veña a desfilar
 polos prados e a conter as ganas
 para non afeaar a estampa. Ben podías ser máis fea
 e estar menos escarallada.
 E desculpa de novo, pero non dei dado co lirismo.
 Pra saber o que é España
 sempre nos quedarán a Lagoa de Antela
 e a Ponte das Poldras para pasar por riba
 do emisario, e os pes da miña mai pequenos
 e vellos acabándose nun lugar sen lugares,
 cheíños de mancos.

*Cal si na infamia naceras,
torpe, de ti se avergonza,
i a nai que un fillo despresa
nai sin corasón se noma.*



Cristina Ferreiro Real
(Lugo)

A ANIMAL ORFA

Traías peles rotas de cervos
Famélicos

para vestir aos teus fillos
mortos.

Atardecía vermello
e o bosque non tiña nome.

Pisabas a terra,
animal abandonada,
pisabas a terra crebada.

Ti,
filla bulímica
de fillas
e desnortada.

Quén abandonou o teu corpo aquí.


Quén abandonou a túa idade sobre estas pedras
molladas,
quén fixo de ti
esta mancha.

Quén abandonou o teu nome aquí,

*cal si na infamia naceras,
torpe, de ti se avergonza,
i a nai que un fillo despresa
nai sin corasón se noma.*

Quén abandonou
a túa memoria.

*Naide porque te levantes
che alarga a man bondadosa;
naide os teus prantos enxuga,
i homilde choras e choras.*



Lorena Souto
(Páramo, Lugo)

se sobrevén a desgraza e o descenso
arrasa paisaxes planos mares chairas
nada. nada nos sacará de aquí?

Nalgún outro tempo (eras ti?)
desfariamos as xemas dos dedos...

I homilde choras e choras?

Houbo forza e orgullo. a potencialidade
do impulso durmido, coma espectros na memoria,
quedan partículas incandescente das que tirar

na caída. aprende

que entre a carraxe. contigo
o leviatán. que veña o medo.
que te chamen monstro. apréndeo

*Naide por quen te levantes
che alarga a man bondadosa*

que a rabia traía á luz o soterrado
co Behemoth. desatadas as túas criaturas
que medre logo a furia. apréndeo

Naide os teus prantos enxuga

sexa entón a túa forza antes que a súa
como acicate. no terreo arrasado
berremos o impronunciable. contigo

o orgullo. a rabia necesaria. apréndeo.

*Galicia, ti non tes patria,
ti vives no mundo soia,
i a prole fecunda túa
se espalla en errantes hordas,
mentras tristes e solitaria,
tendida na verde alfonbra,
ó mar esperanzas pides,
de Dios a esperanza imploras.
Por eso anque en son de festa
alegre á gaitiña se oia,*



Andrea Nunes Brións
(Marín, Pontevedra)

Conmóvesme,
Existes desde este lonxanía
que disloca osos e crea fendas no tempo.

Fan de ti massacre,
Terra desolada, deturpada
I a prole fecunda túa
se espalla en errantes hordas
de dez mil paxaros espantados.


Fito os teus movementos
tendida na verde alfombra,
mentres triste e solitaria
resistes
ó mar esperanzas pides,
de Dios a esperanza imploras.

Por eso anque en son de festa,
alegre á gaitinha se oía
pensarte nesta lonxanía
creba latexos,
a gorxa estoupa.

constatamos que
Galicia, ti non tes patria,
ti vives no mundo soia.

*eu podo dicirche:
non canta, que chora.*

*"Espera, Galicia, espera".
¡Cánto este grito consola!
Páguecho Dios, bon poeta,
mais é unha esperanza louca;
que antes de que os tempos cheguen
de dicha tan venturosa,
antes que Galicia suba
ca cruz que o seu lombo agobia
aquel difícil camiño
que ó pe dos abismos toca,
quisáis, cansada e sedenta,
quisáis que de angustias morra.*



Oriana Méndez
(Vigo, Pontevedra)

Como unha membrana que cubra as palmas
como nubes como un soño
de insectos que se divide
e pronúnciase a luz sobre esta xeografía:

vemos o tempo xélido dos erros
caer

os días remotos a respiración
da escritura
tamén o pasado común, así
calquera pasado individual ou
colectivo en toda
circunstancia calquera tempo que
transcorrese todos os acontecementos
vividos por calquera persoa
aquilo que nos
pasou entre as mans enléase
vólvese interminábel, torna
nobelo de pasado, indicíbel nun
só golpe de voz
afónico o pensamento que o persegue

sen horizonte, líquido o mapa incesante
a ameaza o risco
de asolagar as marxes

*“Espera, Galicia, espera”.
¡Cánto este grito consola!
Páguecho Dios, bon poeta,
mais é unha esperanza louca;
que antes de que os tempos cheguen
de dicha tan venturosa,
antes que Galicia suba
ca cruz que o seu lombo agobia
aquel difícil camiño
que ó pe dos abismos toca,
quisáís, cansada e sedenta,
quisáís que de angustias morra.*

*Págueche Dios, bon poeta,
esa esperanza de gloria,
que de teu peito surxindo,
á Virxen-mártir coroa;
i ésta a recompensa sea
de amargas penas tan fondas.*



Samuel L. París
(Muros, A Coruña)

carricanta de oitocentos tetos
que

como un alvia calquera
escaralla o sorriso de todos os stringer bells (business)
e todas as feminimigas dos alvia-madrecita

[CORO DE NEGROS MONGOLOIDES]

a vida só é un vidro que se move demasiado rápido
a vida só é unha ruleta soviética e ti sabes por qué
[nos odias
a vida só é unha esperanza que esvara dun teto agre
we don't need to dream no more (we don't need to
[dream no more)

*págueche dios bon poeta / págueche mil veces dez mil / esa esperanza
de gloria / que de teu peito surxindo / infectado xa no amencer dos
soles infectados / á virgen-mártir coroa / ... / i ésta a recompensa sea /
de amargas penas tan fondas / e escuras*

carricanta de oitocentos tetos infectos
que

como un alvia calquera aberto en oito
escaralla o sorriso significándose ácrata mil veces dez mil

*Págueche este cantar triste
que as nosas tristesas conta,
que soio ti...; ¡ti entre tantos!,
das nosas mágoas se acorda.
¡Dina voluntad dun xenio,
alma pura e xenerosa!*



Betula Alba
(Moaña, Pontevedra)


Cando o pesadelo me abafa
o insomnio, a dor e a barbarie:
*Págueche este cantar triste
que as nosas tristesas conta,*

só me dá sono o son do teu *corasón*.
*que soio ti... ti entre tantos!,
das nosas mágoas se acorda.*

Arde o inverno
sendo amazona na túa pel.
Vou até a paixón de Ítaca
evandíndonos do labirinto
saraiba de aloumiños
alento.
*Dina voluntad dun xenio,
alma pura e xenerosa!*

Es o meu camiño,
a miña fin.
Música profunda
Ad libitum

*E cando a gaita gallega
aló nas Castillas oías,
ó teu corazón pregunta,
verás que che di en resposta*



Rosalía Fernández Rial
(Carballo -Muxía- A Coruña)

PARTITURA EN SOL MAIOR

*E cando a gaita gallega
aló nas Castillas oías,
ó teu corazón pregunta,
verás que che di en resposta*

-Os paraísos que perdemos quedaron na estación,
percutindo ilusiós pendentas.

E nós viaxamos nun metrónomo

caduco,

tatexo,

sen compás.

Con pulso kamikaze...

Tírame a cabeza pola fiestra

e dispárame a túa lingua,

a túa longa lingua.

Acelérate contra min.

A estrada será a nosa única bandeira.

Cando inventemos o Norte, volverás apuntarme con palabras
punzantes. Mais, desta vez, a min non me sangrarán os beizos e o
derradeiro verso daquel himno soportará todas as verdades.

Incluso a verdade prohibida, a máis perigosa do cardiograma.

Cando os freos da alba nos fagan espertar, xa non estaremos vivas.

*que a gaita gallega
non canta, que chora.*

Cando nos engaiola é ao obxectivar a súa inspiración, ao impregnarse do sentimento do pobo, ao reproducilo cun sen igual donaire, ao aceptar o carácter verdadeiro deste renacemento rexionalista, onde forzosamente domina o elemento idílico e rústico, por virtude da lingua que, dende hai tanto tempo, soamente vive entre silvanos e ninfas agrarias.

Emilia Pardo Bazán

*Xa non enfriará, que a patria en roda
no agarimo filial puso a alma toda
e a Galiza é eviterna, Rosalía!*

Fermín Bouza Brei

“Coa publicación dos “Cantares gallegos”, ese libro inmortal en que resplandeceu con luz intensísima o xenio da eximia cantora do Sar, créanse unha lingua, unha literatura e unha patria.”


Alfredo Vicenti



Carlos González Villar

*Eu Cantar, cantar cantéi,
a grasia non era moita,
que nuca (delo me pesa)
fun eu meniña grasirosa.*

*Cantéi como mal sabía,
dándolle reviravoltas,
cal fan aqués que non saben
direitamente unha cousa.
Pero, dempóis, paseniño,
i un pouco máis alto agora,
fun botando as miñas cántigas
como quen non quer a cousa.*



Sabela González Panizo
(Burela, Lugo)

Véuseme a vida enriba
i o mundo déuseme a volta,
pechouse o sol coas engurras
de quen os anos ben conta.
Pero dempois paseniño,
lembrei a nena de antes,
fun debuxando sorrisos
como quen baila desastres.

*Cantéi como mal sabía,
dándolle reviravoltas,
cal fan aqués que non saben
direitamente unha cousa.
Pero, dempóis, paseniño,
i un pouco máis alto agora,
fun botando as miñas cántigas
como quen non quer a cousa.*

Medrei como mal podía,
dándome a volta ben toda,
cal fan aqueles que medran
máis por dentro que por fóra.
Pero dempois paseniño,
i un pouco máis nena agora,
fun botando os meus desexos
como quen medra a deshora.

*Eu ben quixera, é verdade,
que máis boniteiras foran.
Eu ben quixera que nelas
bailase o sol cas palomas,
as brandas auguas ca luz
i os aires mainos cas rosas;
que nelas craras se visen
e espuma das verdes ondas,
do ceu as brancas estrelas,
da terra as prantas hermosas,
as niebras de cor sombriso
que aló nas montañas rolan,
os berros do triste moucho,
as campiñas que dobran,
a primadera que ríe
i os paxariños que voan.*



Alba Cid Fernández
(Ourense)

A silueta do faisán racha o ceo
e marca o fin da batida.

Dígoche:

Mira, presas máis lixeiras cá morte reptan aínda entre a maleza.

Pero ti detés a carreira —cáenche plumas da melen—, e suspiras:

Eu ben quixera, é verdade,

que máis boniteiras foran.

Eu ben quixera que nelas

bailase o sol cas palomas,

as brandas auguas ca luz

i os aires mainos cas rosas;

que nelas craras se visen

e espuma das verdes ondas,

do ceu as brancas estrelas,

da terra as prantas hermosas,

as niebras de cor sombriso

que aló nas montañas rolan,

os berros do triste moucho,

as campiñas que dobran,

a primadera que ríe

i os paxariños que voan.

Non pode aflixirte o arco

da frecha

que vai dende a voz que sinala

até o mundo que xorde nese intre,

nin pertencen a ninguén os froitos caídos

nas beiras do poema.

Entón, sopra o corno de caza

e que boa esta noite para que accedas a ela

e achegues

—cerimoniosamente—

as xemas ás cousas fósiles, a nós os ouveos.

Tócao e senta na ribeira estixia

—bambeando

as pernas—.

Nós veremos canto se move nas sombras.

*Canta que te canta, mentras
os corasóns tristes choran.
Esto e inda máis, eu quixera
desir con lingua grasiosa;
mais donde a grasia me falta,
o sentimento me sobra,
anque éste tampouco abasta
para espricar certas cousas,
que a veces por fora un canta
mentras que por dentro un chora.*



Andrea Porto
(Codeseda -A Estrada- Pontevedra)

*Canta que te canta, mentras
os corasóns tristes choran.
Esto e inda máis, eu quixera
desir con lingua grasiosa;
mais donde a grasia me falta,
o sentimento me sobra,
anque éste tampouco abasta
para espricar certas cousas,
que a veces por fora un canta
mentras que por dentro un chora.*

Unha tea a cadros azul mar.
No vértice superior esquerdo
unha inicial bordada.
Cen fíos que se cruzan
e descruzan palabras.
O mandil
gardián de cen mil segredos
mil por cada puntada.
A letra
unha lápida finamente esculpida
unha coroa coidadosamente tallada.

Canta meniña muiñeiras, lembranzas
o son do silencio
o sabor da fala
o fío de cor co que che basta
para palillar con grasia as túas emocións.

Mai, Meniña, Rosalía, Muller
Melodía infinda para quen baile ben.
Cantas Muiñeiras
escaparon do teu peito
cantas costureiras
engalanan coma ti o leito
da dor
do canto
corazón tristeiro
acubillo de pranto.

*Non me espriquéi cal quixera,
pois son de esprincasa pouca;
si grasia en cantar non teño,
o amor da patria me afoga.*



Celia Parra Díaz
(Ourense)

*Non me espriquéi cal quixera,
pois son de esprincasa pouca;
si grasia en cantar non teño,
o amor da patria me afoga.*

Dixen carballo
e respondéronme eucalipto.
Dixen fervenza
e respondéronme encoro.
Dixen muller
e respondéronme labrega.

E será que non me explico ben,
que non entenden a cadencia desta lingua de cumes e ondas,
pero quixen falar de loita e entendéronme choros.

Prendín no tendal as palabras todas
que me arrolaron dende nena
para que preñen de vento e bailen o teu nome
e sexan, coma ti, matrioshkas
nais desdobrando un país sen lindes.

Pero será que non canto ben,
que desafino de tanto amor afogándome o peito
e son roncón antes de enfiar a muiñeira.

Porque me desbordan as palabras e cando dixen patria
respondéronme pequena
e cando dixen lingua seláronme a fala
e son chorima e gardo baixo os pétalos
a aspereza de tantos anos a resistir a violencia.
Pero eles
eles entendéronme flor.

*¡Mais qué faser, desdichada,
si non nacín máis grasiola!*

AGRADECEMENTOS

Á Fundación Rosalía de Castro, por acoller este traballo na súa web.

Á Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

A quen fai posible o milagre da Galipedia.

A título particular:

A Mercedes Queixas Zas, por abríreme as portas da AELG, e polo seu apoio constante a este proxecto.

A Ramón Nicolás, polas complicitades, apoio, e colaboración.

A Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes, sen o seu apoio e enorme colaboración este libro non sería o que é.

A Baldo Ramos, por facer o difícil sumamente doado.

A Ana Carril Vázquez, Secretaria Técnica da AELG, pola súa entrega, e dedicación, e por facilitarme o traballo na procura dos poetas.

A Isabel de Toro, por amosarme a Rosalía nese ollar certo, e pola axuda prestada.

A Xulio Couxil Vázquez, por facilitarme o poema de Salvador Espriu sobre Rosalía de Castro.

A Carmela Romy, por ser a ponte que leva máis lonxe.

A Lorena Rey, por completar o círculo.

No se quería morir sin haber combatido en aquel especialísimo torneo, en que la dama de nuestros pensamientos era la pequeña patria. Y pues todo lo que vive se resiste a la muerte, se aceptó la lucha, como una prueba de que aún vivíamos.

...

Iniciábase para Galicia en los Cantares el movimiento que allí estaban llevando a cumplido término.

Manuel Murguía.